Pérez Touriño reforza o Gabinete do presidente

(Páx. 7)

A NOSA TERRA
FUNDADO EN 1907
Nº 1.204
Do 29 de decembro
do 2005 ao
4 xaneiro do 2006
Ano XXVIII - IV Xeira
4,75 euros
(1,75 sen Caderno)

Caderno Especial sobre a Selección con este número

A verdadeira historia contada polos seus protagonistas

Os outros aspectos da lei antitabaco

Fumar cada vez é máis barato

Balbino, o Neno Labrego, cumpre 45 anos

NATXO TAIBO

MARTÍN PALLÍN, maxistrado:

'O Tribunal Constitucional deberían nomealo as autonomías'

CABARET VOLTAIRE
Jaureguizar

PREMIO GARCÍA BARROS 2005. Unha novela na que a historia europea do século XX serve ao seu autor para facer unha crítica irónica da violencia e da guerra.

HAI TEMPO QUE SE INSTAUROU A VULNERACIÓN DO RIGOR INFORMATIVO

(exemplo, na información parafutbolística), pero non se lle deu importancia até que se instalou na información política. O debate que saltou á opinión pública ante a práctica informativa dalgúns programas da COPE destapou a preocupación das organizacións de xornalistas máis comprometidas coa profesión e a liberdade de prensa. É precisamente en Catalunya onde van por diante no intento da regular os dereitos e deberes da profesión xornalística, primeiramente coa creación co Colexio de Xornalistas e logo co Consello Audiovisial de Catalunya, o que están a por agora na picota. Os Consellos da Información, unha das demandas dentro do Estatuto do Xornalista Profesional que vén propiciando o Foro de Organización de Periodistas (FOP) de todo o Estado, e que se está a tramitar no Congreso, nacen, precisamente, para impedir as arbitrariedades políticas e para promover o dereito á liberdade de expresión e información e, de xeito específico, o dereito do público a recibir información. Contra ese intento de regular a profesión está non só a dereita española, senón tamén as grandes empresas xornalísticas estatais, sen distinción. Critícase que un órgano non profesional, unha autoridade pública independente, leve a cabo o control dos deberes deontolóxicos da profesión periodística. Até agora a lei penal é o único límite lexítimo nun Estado de dereito, pero os xornalistas, como outros profesionais, requiren, para un mellor servizo á sociedade dunha referencia ética máis estrita e, sobre todo, menos formal e adaptada a unha difícil casuística. Os conceptos de liberdade e verdade van unidos na tarefa informativa.♦

Nº 1.204 ● Do 29 de decembro do 2005 ao 4 de xaneiro do 2006 ● Ano XXVIII

Aumenta o consumo pero diminúen os ingresos polos impostos

Fumar cada vez máis barato

H. VIXANDE

A chamada Lei de Prevención do Tabaquismo nace case morta porque as compañías tabaqueiras reaxiron a tempo e comezaron campañas para incrementar o consumo de tabaco. Os mozos son o novo obxectivo. O Estado, o principal prexudicado porque verá como diminúen os ingresos polos impostos mentres continúan os gastos sanitarios derivados do consumo.

Na actualidade, unha persoa fumadora pode adquirir nun estanco oitenta e oito paquetes de tabaco de dezanove ou vinte pitos por un valor igual ou inferior a un euro e medio. Hai dous anos, non había no mercado máis de once caixas deste prezo, pero apareceron corenta e dous novos produtos e vinte e cinco máis rebaixaron o seu prezo para deixalo por debaixo do euro e medio.

Desde a chegada ao poder do PSOE no Goberno central, ante un novo modelo de política fronte o tabaco, Altadis e outras compañías tabaqueiras trazaron unha estratexia para non perder cota de mercado. Os previsíbeis recortes no consumo de tabaco plasmáronse de seguido nunha serie de iniciativas que tiveron como colofón a Lei de Prevención do Tabaquismo. Ante os inminentes cambios, no canto de subir os prezos para conservar os beneficios, as tabaqueiras preferiron conservar a clientela e gardar para máis adiante a recuperación das ganancias.

No Estado español o prezo final do tabaco que pagan os consumidores ten unha carga fiscal do 72,47%. O 27,53% restante é para repartir entre os estancos e as empresas produtoras e de comercialización –Altadis, por exemplo, conta coa súa compañía loxística, co que aforra pagar distribuidores. Con esa composición na determinación do prezo do tabaco, cando unha empresa baixa o prezo das súas caixas, quen sae máis prexudicado é o Estado, porque afronta un maior recorte de ingresos xa que os impostos representan unha alta porcentaxe do total.

Unha das razóns esgrimidas polo Ministerio de Sanidade e Consumo para promover a Lei de Medidas Sanitarias fronte ao Tabaquismo e Reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco –nome oficial da Lei de Prevención do Tabaquismo– é o impacto que esta substancia ten na saúde e os recursos públicos que hai que empregar no campo sanitario para tratar de mitigar os seus efectos. As proclamadas intencións do Ministerio poderían quedar sen efecto. Os recortes nos prezos do tabaco suporán unha diminución de ingresos para o Estado, ao tempo que provocarán que non descenda o número de fumadores, co que os efectos perniciosos do tabaco sobre este colectivo seguirán a implicar uns gastos elevados para o erario público.

A partir de agora o tabaco só se poderá vender nos estancos e nas máquinas expendedoras automáticas.

No mercado hai 88 tipos de paquetes de 20 pitos a un prezo inferior a un euro e medio.

Había tempo que as tabaqueiras puxeran os ollos na mocidade para tratar de frear o recorte no consumo de tabaco. Para tal fin, situaran no mercado caixas de dez pitos, comparativamente máis baratas mesmo que unha da mesma marca pero con vinte pitos. Baixo este formato apareceron varios paquetes de tabaco rubio de prezos medios como Lucky Strike ou Marlboro. O obxectivo era que os mozos que non podían gastar nunha caixa de vinte o fixeran nunha de dez. Da mesma forma, nos últimos tempos tamén se introduciran fórmulas como a venda de caixas con dezanove unidades; era un mecanismo para conservar en aparencia o mesmo prezo, aínda que en realidade supuña unha suba porque se subministraba un pito menos. En calquera caso, a nova Lei prohibirá as caixas de tabaco que non sexan de vinte pitos e ante esta situación, a decisión de reducir prezos é a única alternativa que manexan as tabaqueiras. Algunhas asociacións de consumidores reclamaron que se estableza un prezo mínimo no tabaco, de forma que ningún paquete poda custar menos de dous euros. Isto implicaría rematar co procedemento da proporcionalidade dos impostos cando se calcula o prezo de venda ao público desta substancia, pero daría ao Executivo un arma máis eficaz na loita contra o tabaco. De momento, a Lei non contempla esta posibilidade.

Substancias do tabaco

O recorte de prezos coa introducción de marcas de inferior calidade vai no camiño de evitar deserción de consumidores ante unha lei que endurece a situación. Descoñécese se os novos produtos son máis aditivos porque tampouco se sabe a composición total do tabaco. A lei só obriga a indicar niveis de nicotina e alcatrán pero non a detallar os produtos que inclúe cada paquete nin a porcentaxe de cada un deles.

Mentres no Estado español a composición do tabaco é case un secreto, nos Estados Unidos chegou a coñecerse despois de esixilo tanto a opinión pública como o Goberno. Isto permitiu aumentar as garantías sanitarias e, colateralmente, saber que durante anos as tabaqueiras incluíran produtos que aumentaban a capacidade aditiva desta substancia.

Sen unha lei que meta o fociño neste campo e cunha nova lexislación que non regula o prezo do tabaco, a consecuencia da nova política das tabaqueiras, os gastos da Seguridade Social non diminuirán, mentres se recortarán os ingresos do Estado.

Tabaco nas empresas

A nova Lei de Prevención do Tabaquismo prohibe o consumo de tabaco nas empresas e nos demais centros de traballo sen exclusión de ningún tipo. Tamén o fai nos centros de ensino e con probabilidade conseguirá o seu obxectivo. Con todo, o plan das tabaqueiras non é conseguir que os traballadores podan fumar na súa empresa, senón que se dirixe a un colectivo, o dos mozos, con menores condicionamentos laborais, xa que se trata dun grupo no que a taxa de paro é elevada. Deste xeito, a prohibición de fumar nas empresas tampouco afecta en exceso ás tabaqueiras, aínda que supoña un trastorno para moitos fumadores porque non se habilitan zonas para que podan saciar o seu hábito.

Fumar e traballar xa non eran actividades moi compatíbeis. Un

Continúa na páxina seguinte

A NOSA TERRA

Edita:
Promocións Culturais Galegas S.A.

Consello de Administración:
Presidente:
Xosé Fernández Puga.
Vogais:
Cesáreo Sánchez Iglesias, Xosé Mª Dobarro, Manuel Mera, Manuel Veiga, Xan Carballa, Miguel Barros e Bieito Alonso.
Secretario:
Xan Piñeiro.

Director:
Afonso Eiré López.

Redacción:
Xan Carballa, Manuel Veiga, Horácio Vixande, César Lorenzo Gil, Mar Barros, Rubén Valverde, Paco Vila Barros (Fotografía), Perfecto Conde.

Edicións Especiais:
Xosé Enrique Acuña.

Deseño de Maqueta:
Xoselo Taboada.

Coordenación Humor Gráfico:
Picho Suárez.

Colaboradores:
Galiza: Bieito Iglesias, X.L. Franco Grande, Abelardo Vázquez, X.L. Muñoz Portabales, Martina F. Bañobre, X.C. Garrido Couceiro, X.M. Sarille, Miguel Barros, Xesús Veiga, Mª Pilar Garcia Negro, V.M. Vázquez Portomeñe, A. Gato Soengas, Suso de Toro, Lois Diéguez, Antón Grande, Xavier López, Manuel Lugrís, Xosé M. Añel, Manuel Rivas, Carlos Aymerich.
Sociedade: X. Vázquez Pintor, Xavier Queipo, Henrique Harguindey.
Economía: Manuel Cao, X.F. Pérez Oia, Xosé García.
Península: G. Nuno de Faria, Manuel Lombao, Daniel Álvarez, A. Marqués.
Mundo: Xulio Ríos, Moncho F. Leal, Gustavo Luca de Tena, Ignacio Ramonet, Ramón Chao.
Deportes: Xurxo G. Ledo.
Cultura: Ramiro Fonte, Vítor Vaqueiro, Pilar Pallarés, Carme Vidal, Celso López Pazos, X.M. Eyré Val, Xesús Piñeiro, Manuel Vilar, Lupe Gómez, Xavier Seoane, Adolfo Boado, Xosé Freire, Marcos Valcárcel, Rodolfo Dacuña, Xesús González Gómez, Gonzalo Vilas, Franck Meyer, Heitor Mera Herbello, Xosé M. Buxán Bran, Marta Dacosta, Xosé Valiñas, Damián Villalaín, Xerardo Pardo de Vera, José Viale Moutinho.
Fin de Semana: Francisco Carballo, Marga Romero, César Varela, Francisco A. Vidal, Antón Patiño Regueira, Rudesindo Soutelo, Irmandade dos Vinhos, Xosé Miranda.
Lecer: Xesús Vaamonde Cid.

Última Páxina: X.R. Pousa, X.A. Gaciño, Fran Alonso, Manuel Cidrás.

Fotografía:
Andrés Panaro, Xosé Marra.

Ilustración:
Xosé Lois, Pepe Carreiro, Calros Silvar, Gonzalo Vilas, Suso Sanmartín, Ana Pillado Vega, Hermo, Garrincha, Uxía e Brais, Roi Cagiao.

Xefe de Publicidade:
Carlos Martínez Muñoz
publicidade@anosaterra.com

Xefa de Administración:
Blanca Costas

Subscricións:
Lola Fernández Puga
subscripcions@anosaterra.com

Redacción e Administración:
Príncipe 22, baixo. 36202 Vigo.
Apartado 1371. 36200 Vigo

Edición Electrónica:
www.anosaterra.com

Teléfonos:
Redacción:
986 433 886 - 222 405.
Fax 986 223 101.

Correo Electrónico:
info@anosaterra.com

Administración, Subscricións e Publicidade:
986 433 830*

Imprenta: E.C. C-3 1958.

Depósito Legal: C-963-1977 .

ISSN: 0213-3105.

Vén da páxina anterior

exemplo típico tiña lugar nos centros de ensino. O profesorado víase na obriga de aproveitar os cambios de clase para ir a un lugar habilitado para fumar. En consecuencia, o descenso no hábito fora moi importante cando se aplicara esta norma, sen que no seu momento obrigase a un esforzo importante a súa implantación. Agora, acontecerá ao revés: a aplicación da norma traerá consigo un descenso pouco significativo no consumo porque xa era residual nos centros de traballo, pero implicará un custe moi elevado polos conflitos que implicará.

Nos últimos dous anos apareceron 42 novas marcas baratas e 25 baixaron o prezo.

Reportaxe Gráfica: PACO VILABARROS

Mentres as tabaqueiras perden por ese lado pouca cota de mercado, no campo da mocidade gañarán adeptos porque este colectivo conta con máis tempo de ocio e moitas veces está á marxe do mundo do traballo. Ademais, implicará para as tabaqueiras facerse cun grupo de idade que ten un alto potencial de crecemento no seu consumo –ao contrario dos adultos, que tenden a deixar de fumar ou a reducir consumo. Deste xeito, mentres o Ministerio de Consumo investe en presente, nas tabaqueiras invisten en futuro. ♦

Unha lei ambigua e problemática

A Lei de Medidas Sanitarias fronte ao Tabaquismo e Reguladora da venda, a subministración, o consumo e a publicidade dos produtos do tabaco, a chamada Lei de Prevención do Tabaquismo, non só non acertou no nome, senón que ten unha redacción que se presta a moitas interpretacións porque non está demasiado clara. Ademais, induce ao conflito porque tampouco define ben as responsabilidades de cada quen, fumadores, Administración e empresarios. Por outra banda, non houbo unha campaña clara que despexase dúbidas.

Un dos capítulos máis controvertidos ten que ver co consumo do tabaco nos establecementos hostaleiros, pero non só debido a que se trata dun tipo de hábito moi relacionado co tempo de ocio, senón porque non están claros algúns conceptos.

Os afectados pola lei teñen dúbidas sobre a súa interpretación.

Polo pronto, nalgúns casos, a Lei desvía cara os empresarios a responsabilidade de decidir que se poderá facer nos seus locais e en consecuencia eles realizarán unha interpretación en función dos seus intereses. Se un local ten un tamaño superior a cen metros cadrados en total, en principio tería que prohibir fumar e podería habilitar unha zona para os fumadores. Pero se o tamaño non está moi por riba deses cen metros, a primeira reacción do propietario será interpretar a lei. ¿Os baños son espazo útil para o público? ¿A barra tamén o é? ¿É se fago un pequeno almacén de dez metros e queda o espazo útil por debaixo dos cen metros? Estas e outras preguntas repítenas de forma sistemática os empresarios de hostalaría.

Aos locais de máis de cen metros cadrados, a dúbida que lles asalta é se poderán crear espazos para fumadores ou terán que facelo obrigatoriamente. A terraza serve como espazo para fumadores?, tamén preguntan con frecuencia.

Pero ademais, o establecemento dun prazo de adaptación á normativa introduce un novo elemento que mina a credibilidade da lei. Quen garante que tras os primeiros oito meses non se amplía o prazo? Até agora hai un prazo de oito meses para adaptarse á lei debido a que o sector hostaleiro non está preparado, pero durante todo este tempo a Administración non informou aos hostaleiros dos cambios que se ían introducir. ♦

O caso de Ducados Rubio

O caso do tabaco Ducados Rubio representa un exemplo de como as tabaqueiras loitan por abrir mercado. Esta marca de recente aparición –toma o nome de Ducados, a marca de tabaco negro–, ofrece un produto cunha moi alta relación entre calidade e prezo. É máis, a maioría dos fumadores de tabaco rubio admiten que lles agrada esta marca, aínda que os gustos máis educados aínda prefiren outras como Winston. Os fumadores deste tipo de tabaco son por regra xeral adultos e con maior poder adquisitivo –para eles comprar unha caixa 2,75 euros no estanco non representa un quebranto económico demasiado importante.

Cada certo tempo, esta marca cunha boa relación calidade prezo desaparece do mercado.

Para os fumadores medios, Ducados Rubio si representa unha opción razoábel e moito máis para os mozos, por iso esta marca está a conseguir cota de mercado a un ritmo frenético.

Mais non sempre é posíbel atopar Ducados Rubio nos estancos ou nas máquinas expendedoras dos bares. Desde que saíu ao mercado na primavera pasada, Ducados Rubio padece sospeitosas crises fornecemento e desaparece con periodicidade puntual. Os estancos afirman que hai un problema de desabastecemento porque a produción é incapaz de cubrir as necesidades do mercado. Se fose así, nos últimos meses Altadis tería podido corrixir esta deficiencia e normalizar a subministración.

O Ducados Rubio ten unha boa relación calidade-prezo pero é difícil atopar.

O que realmente acontece é que moitos fumadores que van ao estanco a por Ducados Rubio, ante a falta de subministración, ou ben aceptan adquirir unha caixa dunha marca de valor similar pero inferior calidade ou ben compran outra de maior prezo que conserva o mesmo nivel de calidade. En consecuencia, Ducados Rubio está a consolidarse como reclamo para moitos fumadores, que logo teñen que conformarse con fumar peor ou fumar máis caro. ♦

Preguntas frecuentes

¿Nun local de fumadores poderán entrar os nenos acompañados polos seus pais?

Non, se o bar ou restaurante é para fumadores, os nenos terán que quedar fóra.

Un local que teña unha terraza que non dá á rúa, ¿poderá destinala a zona de fumadores?

Si. Tamén se poderá fumar nunha terraza que está situada na rúa.

¿Cando un local dedicado á hostalaría exceda os cen metros cadrados e teña que prohibir fumar, a posibilidade de crear unha zona de fumadores é opcional ou obrigatoria?

Trátase dunha opción, un local non ten que habilitar ningunha zona para fumadores, pero sempre terá que ter unha zona para non fumadores, que ademais deberá representar polo menos o 70% do espazo útil.

Para o cómputo de espazo nos locais mídese o espazo do interior da barra?

Non porque non é espazo útil para a clientela.

Os baños son espazo computábel?

Nos baños está prohibido fumar porque son un espazo reducido, polo tanto non computan como espazo dedicado aos clientes.

¿Que ocorre cos corredores?

Son parte do local que poden usar os clientes, de modo que computan para calcular a superficie do local.

¿Que sucede cando un bar ten máis de cen metros e o dono fai un pequeno almacén para que o espazo dos clientes sexa menor a cen metros?

Un bar pode reducir a superficie dedicada á clientela para non alcanzar un espazo útil superior aos cen metros.

Nun centro de traballo no que só hai unha persoa, ¿tamén está prohibido fumar?

Tamén porque se prohibe fumar en todos os centros de traballo.

Nunha oficina apartada na que só traballa unha persoa, ¿tamén está prohibido fumar?

Tampouco se pode fumar. ♦

Nº 1.204 ● Do 29 de decembro do 2005 ao 4 de xaneiro do 2006 ● Ano XXVIII

Vivimos no mellor dos mundos posíbeis"
Felipe González

Están de moda as bufandas de coloríns sobre abrigo negro. Se foi galardoado con ese premio, xa sabe: levalo con dignidade. Ao fin e o cabo, os seres humanos non somos tan **diferentes.**

O PPdeG pediulle a Corina Porro que lle deixase a praza do Senado a Fraga. A alcaldesa de Vigo díxolles que non. Despois pedíronllo a Cabezas e o alcalde de Ourense respondeu que, tendo en conta os favores que no seu día lle pedira ao ex presidente da Xunta e o caso que lle fixera, agora que buscasen a outro. Ao coñecer o resultado das xestións, ex Don Manuel deu dúas patadas no chan e dixo todo enfurruñado: "é un problema do partido e que o resolva o partido. Eu o que quero é ser **senador".**

No seu último videoclip Madonna mostra as coxas até arriba, semella un polo escaldado. Aos 40 ninguén consegue facerse pasar por un de 20. A diferenza está en levar os corenta ben ou **mal.**

Pelexas de bandas sudamericanas na capital de España. Fanse chamar os *Latin Kings*. Debían poñerlles unha sección do instituto Cervantes, por que se o inglés entra aí, entre latinoamericanos e en pleno Madrid, a ver que **queda!**

O xuízo a Sadam Husein

SARA FLOUNDERS

Non pode haber confianza nunha xustiza teledirixida desde unha potencia invasora. O xuízo a Sadam Husein é unha farsa que pon en dúbida o respecto estadounidense polos dereitos humanos.



A detención de Sadam Husein e das persoas acusadas con el, está baseada nunha criminal e ilegal guerra de agresión. O Tribunal Especial iraquí e o xuízo a Husein violan tamén o dereito internacional. A Convención de Xenebra, da que Washington é signatario, prohíbelle explicitamente a un poder ocupante crear tribunais. Ademais, o xuízo en si, xunto co total illamento dos acusados e a denegación de recibir calquera tipo de vista e de dereito legal viola a Convención Internacional sobre Dereitos Civís e Políticos.

Os avogados defensores que se ofreceron neste caso foron ameazados e intimidados. Dous avogados do equipo da defensa foron asasinados. Hoxe no Irak non existe sistema xudicial. Non existen códigos nin leis nin tribunais. Segue sen haber un acordo sobre a Constitución. Toda a estrutura do Estado iraquí foi destruída. No seu lugar o único que hai é a máis brutal forma de absoluta dominación militar.

Desde o mesmo momento da súa formación, o Tribunal Especial foi ilegal. É unha creación do estadounidense Paul Bremer, ex xefe da Autoridade Provisional da Coalición, o poder ocupante ilegal. Nun primeiro momento Bremer nomeou a Salem Chalabi, o sobriño do viceprimeiro ministro iraquí Ahmad Chalabi, para organizar e dirixir o tribunal.

> **'O** seu problema con Sadam Husein non é que fose un ditador: o problema é que se negou a entregar a soberanía do Irak"

Chalabi abriu en abril do 2003 un bufete xurídico para facer o borrador das novas leis que volveron a abrirlle o Irak ao capital estranxeiro, en colaboración coa empresa xurídica do ex subsecretario de Defensa dos EE UU, Douglas Feith, un dos principais arquitectos da guerra. Foi Bremer quen tamén nomeou os xuíces do tribunal. O diñeiro para financiar o xuízo e o persoal están completamente controlados polas forzas estadounidenses. O Congreso estadounidense destinou 128 millóns de dólares para estabelecer o tribunal. Este tribunal, por certo, non ten xurisdición sobre os crimes cometidos polo exército dos EE UU durante a invasión e ocupación.

Mentres os EE UU demonizan a Sadam Husein, hai que lembrar que o Pentágono utilizou armas de destrución masiva non só no Irak senón tamén contra outras moitas poboacións indefensas. O exército estadounidense utilizou nalgún momento bombas nucleares, napalm, fósforo branco, minas antipersoas, os denominados proxectís antibunker e armas de uranio retardado.

A destrución civil no Irak foi fotografada, calculada e estudada. Atacouse de xeito minucioso a infraestrutura. Foron bombardeados depósitos de auga, plantas sanitarias e de tratamento de augas residuais, estacións de bombeo e de cloración. Destruíronse as redes eléctricas e de comunicacións. Atacouse a produción de alimentos, sistemas de rego, fertilizantes e pesticidas para procesar, refrixerar e almacenar.

Ano tras ano as delegacións estranxeiras que estiveran no Irak, incluíndo moitas organizadas polo International Action Center (IAC) e dirixidas polo ex fiscal xeral dos EE UU Ramsey Clark, informaron sobre o impacto dos bombardeamentos norteamericanos do 1991 e dos anos de sanción da ONU –25 ataques por día durante 12 anos. Durante esa época, segundo cálculos do propio organismo internacional, máis de millón e medio de iraquís morreron a causa de doenzas evitábeis.

Como asesor de Husein, Clark desafiou valorosamente a lexitimidade e legalidade do Tribunal Especial. Avogado defensor dos dereitos humanos, a súa postura é completamente consecuente cos 15 anos de oposición á guerra contra o Irak

Os axentes estadounidenses estabeleceron no Irak unha ditadura. O seu problema con Sadam Husein non é que fose un ditador: o problema é que se negou a entregar a soberanía do Irak. Negouse a entregarlles ás empresas norteamericanas o control sobre o petróleo iraquí, nacionalizado desde primeiros da década do 1960. Para eles, o seu peor crime foi que se negou a dobregarse á nova orde mundial.♦

SARA FLOUNDERS é codirectora do IAC. Publicou cinco libros sobre o Irak e coordinou varias delegacións encabezadas por Ramsey Clark, que visitaron o Irak para desafiar os bombardeamentos e sancións estadounidenses.

Cartas

Caralladas

Tamén poden ser chanchulladas e non caralladas, as que mantiña o anterior goberno da Xunta e Telefónica, aínda que sempre repercuten no noso peto. Parece ser que a débeda por falta de pagamento en chamadas telefónicas era de trece millóns de euros, despois rectificaron, e maqueouse a cousa até os 5,3 millóns. Xaime Pita quedou tan ancho cando dixo que como máximo as chamadas dos móbiles sen pagar roldaban o millón de euros, a súa expresión era a de como se fosen farangullas. Se como se dixo a débeda xa vén de 1993 até hoxe, sería saudábel saber canto lle pagou a anterior Xunta a Telefónica nos últimos dezaseis anos. Como dixo o ex conselleiro, o goberno de Manuel Fraga deixou asinado un acordo coa compañía para ir saldando a débeda en pagamentos fraccionados.

Lembro nas campañas electorais que nas cabinas de Telefónica só estaban os carteis do PP, semellaban estar feitos a medida para os cristais, era curioso cando se poñían carteis doutras formacións políticas, eran arrincados pola propia xente da compañía, é dicir, non me cadra tanto favor con quen non pagaba, o tempo nos dirá. Así non é estraño que o ex alcalde de Viveiro, tamén do PP, pagase as súas mariscadas do Nadal cos cartos do concello, total só foron seis mil euros. Este home non lembrou que moitos veciños de Viveiro non teñen tanta fartura, e no Nadal nótase máis. O peor é que hoxe é senador, elixido democraticamente, pero unha vez que as centolas e os percebes falaron, o máis lóxico sería que dimitise, non o fixo, entón debería ser a propia xustiza a que o mandara para a casa. A última caralada foi a comida que lle fixeron as confrarías galegas ao ex conselleiro Henrique López Veiga en Domaio, para darlle as grazas polas subvencións de cando o *Prestige*, entre outras, pois dende aquela na ría só hai fartura. Ao mesmo tempo, agradecerlle o seu esforzo por asinar que a praia da Xunqueira se enchese de gaiolas de rodaballo, menos mal que se puido parar semellante aberración. Non hai noticias de que con ningunha destas caralladas a alguén lle doese a barriga ou se lle encollese o peito.♦

LUÍS CHAPELA
(MOAÑA)

Os textos enviados a esta sección non deben sobrepasar as 45 liñas. Estarán identificados co nome, enderezo, documento de identidade e asinados.
A Nosa Terra resérvase o dereito de publicación e resume.
Non se mantén correspondencia sobre orixinais non solicitados.

Galicia-Galiza

Galicia é o retroceso e a emigración. Galiza é construción de futuro e autoorganización para tentar evitar a emigración.

Galicia son eucaliptos e incendios que arrasan as nosas mermadas reservas de especies. Galiza son carballos e utilización do medio rural como estilo de vida e non como industria forestal.

Galicia é venda e exportación de enerxía aos de fóra recibindo

Ignacio Olagüe: Unha hipótese sobre a orixe do Islam español

ANSELMO LÓPEZ CARREIRA

Hai evidencias dabondo para afirmar que na España medieval non houbo "reconquista" cristiá, mais o motivo principal é ben sinxelo: nunca houbo conquista musulmá de España.

Tese atrevida a de negar a reconquista, non por descubrir algo inaudito, senón pola función crucial que a historiografía españolista lle outorgou ao ideoloxema da *reconquista*, facendo del un dos soportes claves do pretendido Estado-nación que quixera ser España, tan escaso de fundamento histórico que ameaza ruína se lle quitamos esa base.

Moito máis alá vai un libro de recente reedición, merecente dun par palabras. Acaba de ver de novo a luz a obra de Ignacio Olagüe *La revolución islámica en Occidente* (ed. Plurabelle, Córdoba, 2004). O autor non é sospeitoso de adscrición nacionalista nin de esquerdas; ben ao contrario, procede dun rancio españolismo. Malia iso, a historiografía académica condenouno ao ostracismo, por defender a tese de que nin sequera en España houbo invasión musulmá.

Non serei eu quen de pronunciarme acerca diso; interesa agora sinxelamente observar como esa idea constitúe un tabú para a ideoloxía oficial, cando en realidade debería resultar suxerente por si mesma, e ademais está exposta de forma razoada e con soporte argumental apreciábel. Sería normal que a historiografía científica o valorase, e que de forma sosegada contemplase os argumentos e as implicacións que puidesen ter na reformulación ou ratificación do discurso.

Todo o contrario: a actitude intransixente e estéril do oficialismo académico reduciuse a ignorar a obra durante decenios e, agora, a desprezala con desdén.

Porque a actual edición é póstuma (Olagüe faleceu en 1974). A primeira foi en París en 1969, baixo o indicativo título de *Les arabes n'ont jamais envahi l'Espagne*. Os historiadores fixeron como que non se decataban (e non só por careceren do don de linguas). En nota a pé de páxina un prestixioso medievalista contentábase con cualificalo como "*cuando menos sorprendente*". Por segunda vez editouse (e agora en español) en 1974, co patrocinio da Fundación Juan March, mais nin así se fixeron eco dela os cenáculos académicos.

A de agora vén precedida por unha introdución de B. Vincent, historiador francés de renome que a avala como contributo digno de terse en conta, aínda que Olagüe certamente non fose historiador de oficio. Entre as contadísimas respostas que atopei, unha páxina *web* titula: "*Disparates sobre el Islam en España*", asinada por Dolors Bramon, da Universidade de Barcelona; só é quen de opoñerlle un par de tópicos, mais non se priva de advertir: "*ningún historiador debería hablar de este libro*", pois é unha "patraña pseudohistórica", e recomenda non lelo sen "preparación previa", porque ¡ah! podería alimentar argumentos en favor do Islam español. Velaí a Historia comandada pola ideoloxía.

Que é iso tan perigoso que ousa dicir Olagüe? En resumo: que sopesando a capacidade demográfica, as esixencias loxísticas e o segmento cronolóxico en que se supón, os árabes non estaban daquela en condicións de acometer unha invasión de semellante envergadura; así pois, no século VIII non houbo invasión musulmá da península, e por iso as escasísimas fontes da época non a mencionan; trataríase dun invento mitolóxico moi posterior e alleo, incurso en contradicións.

Non nega, obviamente, a adopción do islam en España, mais sería resultado dunha longa controversia interna no mundo visigodo, reflectida ideoloxicamente nun debate entre cristiáns trinitarios (a Igrexa oficial, romana) e unitarios. Estes últimos (arrianos) iríanse desprazando cara ao sincretismo monoteísta do Islam. O islam español, por tanto, non sería efecto dunha invasión militar, senón un produto espontáneo e autóctono.

> **'O** islam español non sería efecto dunha invasión militar, senón un produto espontáneo e autóctono"

Sen conquista, claro está, non hai lugar a *Reconquista*. Construída sobre este ideoloxema, sobre oitocentos anos de guerra de liberación contra o infiel, hai unha "España" que perde pé. A hipótese de Olagüe, compréndese, élle inasumíbel. ♦

Xosé Lois

Película de época en TVE-1: *A gran familia.* Reposición número 860.197. Anos sesenta. A muller, urbana, leva un pano negro á cabeza. Que pouco tempo hai que aquí mandaba o fundamentalismo **islámico.**

Ao primeiro, Bono tíñalle envexa a ZP. Cando tomou posesión de ministro fixo un discurso máis longo que o presidencial. Ultimamente andaba en competencia con Moratinos, o de Exteriores. Que quen fora antes a Filipinas, que quen fixera a venda de barcos en Venezuela... Pero agora a Bono tamén lle saíu a envexa con Raxoi. Sospeitou que o do helicóptero o convertera en heroe e comentan que mandou aterrar o seu avión nun prado para poder dicir, igual que o líder do PP: "volvín nacer". O que pode ser terríbel é o día que lle dea por arremedar a Pantoja e saia cantando, nun programa de *prime time*, *Marinero de* ***luces*****.**

A chamada gripe aviar é "unha enfermidade que apareceu en Italia en 1800 e aínda non se probou a transmisión entre as aves e a especie humana". Afírmao o científico, descubridor dunha vacina contra a malaria, Manuel Patarroyo, no número anterior de ANT. Silencio na sala. Esas noticias non interesan. Hai que vender fármacos. Dito doutro modo: subvenciónase certa industria química de modo encuberto e afúndese os produtores de **polos.** ♦

Correo electrónico: info@anosaterra.com

o mínimo e a costa dos nosos recursos. Galiza é utilización dos nosos recursos con respecto e para beneficio da nosa xente.

Galicia é a lonxa de España. Galiza é a lonxa de Galiza.

Galicia son urbanización entre os bosques. Galiza é a crenza na aldea e na vila como núcleos rurais.

Galicia son apartamentos en edificios fronte ao mar. Galiza son vilas mariñeiras e integración do turismo nelas.

Galicia pouco novo lle ten que ofrecer a Europa. Galiza é sitio distinto.

Galicia son provincias. Galiza son comarcas.

Galicia son gallegos. Galiza son galegos.

Galicia é España. Galiza non é España. ♦

ISMAEL PARDO
(SANTIAGO)

A NOSA TERRA
deséxalles
un feliz 2006

Nº 1.204 ● Do 29 de decembro do 2005 ao 4 de xaneiro do 2006 ● Ano XXVIII

Santiago

Sen Ikea e sen Iberia para ir a Londres

XAVIER LÓPEZ

A capital tivo que enfrontarse, nos últimos días, coa retirada de dúas iniciativas comerciais que facían da cidade un destino apetecíbel para os visitantes.

Salvo, quizais, entre os xerentes das tendas de mobles que existen actualmente na cidade, non sentou ben en Compostela a decisión da multinacional do moble barato Ikea sobre o seu asentamento en Galicia. Iso de que decidise implantarse, case de inmediato, na Coruña e, no 2010, en Vigo non sentou ben porque había a remota esperanza de que finalmente optase por Santiago para situar unha área comercial de maior superficie, suficiente para abastecer todos os galegos.

Seica a filosofía da firma nórdica apunta a contar cun establecemento a menos dunha hora de cada cidadán español –e galego–, e os directivos recordaron esa máxima á hora de xustificar a súa escolla. Semella que os xerentes de Ikea están ben informados sobre as posibilidades actuais das estradas galegas. Ou non. Saben que hai moitas distancias de máis dunha hora ata Santiago. Pero tampouco será fácil que así teñan todos os galegos a unha hora de camiño das súas futuras tendas.

No pazo de Raxoi non houbo tempo para dixerir a mala nova porque se presentou de súpeto outra que, se cadra por menos esperada, resultaba aínda peor. Iberia decidiu suprimir desde febreiro o seu voo directo de Santiago a Londres e trasladalo á Coruña. "Bastante indignado" se declarou o alcalde Bugallo, que considerou esta medida como unha represalia da compañía aérea española polos acordos do goberno local que trouxeron a Lavacolla os voos baratos de Ryanair, para gozo de milleiros de galegos decididos a visitar Londres, e de centos de hostaleiros que percibiron unha maior chegada de visitantes ingleses.

Sen Ikea e sen poder ir a Londres con Iberia, en Santiago percíbese cada vez máis a longa sombra do alcalde coruñés, o anglófilo –mesmo condecorado polo Imperio británico– Francisco Vázquez. Neste caso cada un xoga para os seus e, polo que se ve, os últimos partidos beneficiaron os do norte. Na capital de Galicia pódese pensar que as guerras son moi largas ou, tamén, que non hai tal guerra. E menos se, como se pretende desde o Concello, Ryanair acepta reforzar a súa cobertura co Reino Unido.♦

O Barco e a Terra de Valdeorras durante a II República e o Franquismo (1931 - 1977)

Félix García Yáñez



A totalidade dos conflitos sociais e políticos do tempo máis decisivo que viviron O Barco e as Terras de Valdeorras no transcurso do século pasado ocupan as páxinas deste libro. A análise dos equilibrios políticos, dos apoios das dereitas tradicionais ao franquismo, a liquidación do movemento agrario e sindical, o exterminio dos líderes progresistas e de esquerdas, son analizados polo autor, que tamén incide nos cambios urbanísticos xerados polas novas autoridades do *Movimiento Nacional*.

EN POLICROMÍA ALLEGA

*Que o **PP** se montase sobre **AP** foi un **erro***

Baltasar Porcel fai balance do ano, desde a perspectiva catalana (*La Vanguardia*, 22 de decembro): "Que un partido como supoñamos ERC seña radical non ofrece un obstáculo definitivo debido ao seu relativo paquete de votos e á súa práctica de ir a por unha cota de poder, así debe adaptarse ao PSC ou a CiU ou afastarse. O problema grave reside na dereita española, pois se o PSOE ten á súa esquerda aos ex comunistas, o PP non ten a ninguén ao extremo, pois constitúeno a extrema dereita, a dereita e certo centro. É coma se en Francia o ultra **Le Pen** estivese metido na vasta dereita e a crispase desde dentro. Que o PP se montase sobre o franquismo de AP foi o erro maiúsculo desta democracia e pagámolo".♦

*ZP ten o **inimigo** na casa*

Jordi Barbeta comenta o problema interno dos socialistas (*La Vanguardia*, 25-26 de decembro). O artigo titulase: "O inimigo na casa". "A fronte xacobina, di Barbeta, está á que salta e o *dream team* do felipismo conxurouse. Os **González**, **Almunia**, **Solana**, etcétera conchabados coas súas terminais mediáticas decidiron poñerlle freo ao reformismo de José Luis Rodríguez Zapatero (...). Nesta situación, Zapatero podería estar tentado de conciliar o seu reformismo cos recalcitrantes tan poderosos a risco de descarreirar a proposta catalá. Non embargante, ese sería o peor dos desastres, sobre todo para el. Non hai que esquecer que o presidente do Goberno se comprometeu solemnemente a aprobar o Estatut tal como saíse do Parlament. A vontade de acordo, xeralizada en Cataluña, está a facer que ninguén lle esixa manter esa promesa ao pe da letra. Agora ben, unha cousa é pactar e outra moi distinta neutralizar a proposta catalá. Se o proxecto de Estatut fracasa, entón si se lembraría o compromiso incumprido nun asunto tan trascendental. O presidente ficaría orfo de proxecto político e a súa figura tambalearíase. Por iso o gran desafío de Zapatero e o envite no que non terá máis remedio que demostrar a fortaleza do seu liderádego será, nun sentido freudiano, *matar o pai*. Se ten coraxe abondo, consolidará un proxecto de cambio tan importante como a transición e probabelmente gobernará moitos anos. En cambio, se dubida, tatexa ou sucumbe ante os seus adversarios internos, nin estes nin os outros van ter piedade con el".♦

José Luis Rodríguez Zapatero.

Lobo Antunes:** 'Vendo miles de novelas sen contar **ninguna historia'

O escritor portugués Lobo Antunes vén de publicar parte da correspondencia que lle enviou á súa muller entre 1971 e 1972 cando formaba parte das tropas portuguesas en Angola. **Jordi Joan Baños** comenta desde Lisboa, onde tivo lugar a presentación do libro, cal é a vida que leva o escritor: "Lobo Antunes é un estaxanovista da literatura, perfeccionista da frase e un home rotineiro. Un escritor pechado no seu mundo que fachendea de vender decenas de miles de grosas novelas *sen contar ningunha historia*" (*La Vanguardia*, 27 de decembro).♦

*Chega o **reloxo atómico***

Unha das contribucións que traerá o novo sistema de satélites europeo, o Galileo, que poderá substituír ao GPS norteamericano, é o reloxo atómico, que mide o tempo polas oscilacións dos átomos. Os reloxos atómicos perden un segundo cada 30 mil anos. A precisión deste tipo de reloxos é necesaria para determinar con exactitude a posición de un usuario do sistema de localización Galileo. (*La Vanguardia*, 27 de decembro).♦

Lobo Antunes.

Unha novela sempre nova

X.L. Franco Grande

Refírome a *Como calquera outro día*, a novela de Camilo Gonsar que Galaxia vén de reeditar, despois de máis de corenta anos de ter aparecido a primeira edición e logo tamén dunha segunda que saíra noutra editora. E fai ben en facelo, pois non só o merece por ser unha moi boa e orixinal novela, senón porque convén que moitos saiban de verdade o que foi o inicio da narrativa galega moderna.

É difícil dar unha idea tan sintética, tan apertada e ao mesmo tempo tan completa como a que o autor nos dá da novela nunha moi oportuna nota limiar que recomendamos ler para mellor entrar no texto, no contexto histórico que reflecte e para mellor achegarse ás claves narrativas do autor. Trátase dunha verdadeira soleira para chegar a unha mellor entrada no relato. Suxiro que non se prescinda desta entrada á novela da man do autor, porque é un texto que xulgo esclarecedor.

Sabendo iso, o demais sábese lendo a narración de Camilo Gonsar. E calquera que o faga cunha pouca de atención –e coa ledicia que dá ler a súa prosa limpa, luída, ascética e traballada ata que se nos apareza toda ela sinxeleza e aínda naturalidade–, poderá comprobar o que supuxo anovar a narrativa galega naqueles anos iniciais, facela verdadeiramente moderna e introducila no mundo civilizado. Unha literatura civilizada, dixen unha vez da de Camilo, xuízo que reitero aquí unha vez máis.

Ao reler agora este libro, case despois de medio século, non podo deixar de me facer unha pregunta, e é se a xente nova que hoxe escribe entre nós terá lido ese e outros libros que crearon a narrativa moderna. Non sei contestar. Sospeito que non, que non os leron; porque, de telos lido, ¿é posible que se siga escribindo tan mal e con tan baixo nivel cultural como hoxe o fai a maioría? ¿Pode interesarlle a alguén a literatura que hoxe se escribe aquí, tan afastada do mundo civilizado?

E outra pregunta aínda máis comprometida é se despois dos libros de Camilo, e dalgún outro, mostra a narrativa galega algún autor de calidade, do que caiba dicir que é anovador como dicimos de Camilo e dalgún máis. Cun catálogo de "Galaxia" nas mans veredes que o mellor da cultura galega moderna foi creado entre a data de fundación da editora e os anos sesenta e tantos. Facede a proba e veredes. É un feito que dá que pensar.♦

Foron máis das que Fraga admitiu nos 16 anos de mandato

O Goberno acéptalle ao PP 27 emendas nos orzamentos

A. Eiré

Con rapidez e con menos apuros dos previsto aprobou o Goberno os seus primeiros orzamentos. A novidade foi que lle aceptou 27 emendas ao PP, máis que as asumidas por Manuel Fraga nos seus 16 anos de Goberno. O PP considera que lle fixeron un favor ao bipartito ao "corrixir as contas", aínda así votaron en cotra en todas e cada unha das consellarías.

Deputados do PP no Parlamento. AGN

Na tramitación dos orzamentos para o 2006, nacionalistas e socialistas aceptaron 27 emendas do PP, "moitas máis que nos 16 anos do Goberno de Manuel Fraga ", fixo notar Carlos Aymerich, portavoz do BNG.

Non era que lle cumprise ao bipartito contar co apoio do PP, ou que perdesen a votación. A súa minguada maioría dun só voto tiña aínda marxe, por canto Xosé Cuíña segue penando fóra do traballo parlamentar e Castelao Bragaña, "deputado da emigración", segundo o denomina o PP, estaba en Buenos Aires por motivos persoais.

O aceptar as emendas do PP, contrariamente ao que os *populares* instituísen como norma todos estes anos ("á oposición nin auga", remedando o adestrador Carlos Bilardo) o bipartito tentaba mostrar que mudou "o xeito de comportarse deste Goberno a respecto do anterior", en palabras do voceiro socialista Ismael Rego. Rego considera que se produciu neste debate un "xiro cara á normalidade democrática".

Aymerich pon de manifesto as "mudanzas nas formas", pero tamén no fondo. No PP discrepan, como non podería ser doutro xeito. De verdade non podería? Se analizamos as súas declaracións e intervencións non semellan ser moi congruentes.

Vexamos. Para o PP os orzamentos aprobados son"continuístas". Quere dicir, son unha prolongación, dos que este partido veu aprobando en solitario nos últimos anos. Se é así, por que o PP votou consellaría a consellaría en contra destes orzamentos?

Pero o PP vai máis alá, e afirma que o PP, coas súas emendas o que logrou foi "corrixir as contas do bipartito". Polo tanto, a aprobación das 27 emendas non foi cuestión dun cambio de política do novo Goberno, nin tampouco dun cambio de talante, menos aínda da necesidade de dar unha boa imaxe, nin tan sequera de "xenerosidade".

"Xenerosidade houbo moita, pero, sobre todo pola nosa banda, que lle puxemos as luces para que estes orzamentos saísen das tebras", afirmou o voceiro *popular* Xosé Manuel Barreiro.

Aínda así, nin sequera se abstivo en consellarías como na de Pesca na que o Goberno aceptou emendas do PP por importe de 52 millóns de euros, o que permitiron mudar o 25% do gasto deste departamento.

Cambio social

Para os socialistas e nacionalistas estes son os orzamentos do "cambio" e da "transparencia", mentres para o PP é "unha oportunidade perdida" para constituír un modelo de país.

Desde o Goberno recoñecen que a distribución dos 9.911 millóns de euros, non é a que gustaría, pois o PP deixoulles hipotecadas moitas das principais partidas. Aínda así resaltan a eficacia de aprobar uns orzamentos en menos de catro meses, con menos tensións que tiña o propio gabinete do PP.

Da oportunidade perdida para un novo modelo de país, pregúntanse por que se queixa o PP se, como eles din, seguen co seu modelo, imposto durante a Era Fraga.

Tanto os nacionalistas como os socialistas afirman que, ademais da transparencia no gasto, de pórlle couto ao amíguesmo e ao despilfarro, evidénciase un xiro social no gasto, favorecendo os sectores menos privilexiados e tamén apostando pola capacidade produtiva do país.

Para socialistas e nacionalistas está en marcha un novo xeito de gobernar e de prioridades á hora de investir que terá unha expresión máis certeira no próximo ano.

Para o PP os orzamentos demostran que no Goberno "existen dúas políticas diferentes".♦

Pretende potenciar o seguimento das áreas en mans do BNG

Pérez Touriño reforza o gabinete do presidente

A.N.T.

O presidente Emilio Pérez Touriño decidiu potenciar o seu gabinete como presidente da Xunta, nomeando asesores ou "servizos técnicos de asesoramento" para ter unha visión global das distintas áreas do seu Goberno e saber o que se está a mover nos distintos eidos da sociedade galega.

Este sistema de "asesores" que rodearía o presidente vén traballando desde hai case dous meses pero fíxose público a semana pasada coa oficialización de Damián Villalaín como director da Área de Cultura, con rango similar ao de director xeral.

Outras tres persoas ocuparían postos similares no Gabinete do presidente, aínda que non se deron a coñecer os seus nomes.

Emilio Pérez Touriño.

A súa vinculación de "servizos técnicos" non tería por que ser a mesma que a do ex director da Fundación Carlos Casares, aínda que cumpran idéntica función: pedir e redactar informes, convocar reunións sectoriais, acompañar o presidente en determinados actos...

Dáse a circunstancia de que estas catro áreas adscritas ao presidente, coinciden coas consellarías en mans do BNG: Cultura, Medio Rural, Servizos Sociais e I+D+i. Trátase dun Goberno na sombra? De marcar os conselleiros do BNG? De que Pérez Touriño se sitúe por encima do vicepresidente e dos conselleiros de máis proxección mediática?

Fontes próximas ao presidente negan todas estas interrogantes e afirman que "do único que se trata é de que o presidente teña unha visión global do que ocorre na sociedade e estea informado de todo o que pasa na Galiza". Consideran que os nomeamentos realizados na presidencia cumpren unha función de asesoramento que nada ten a ver cun Goberno paralelo.

Desde o BNG, pola súa banda, recoñecen a capacidade do presidente para rodearse de asesores, aínda que declaran non estaren ao tanto destes nomeamentos, afirmando que o Goberno aposta pola transparencia así como pola redución de altos cargos, incluídos os asesores.

No seo do partido, que reclamaba un "maior seguimento das consellarías do BNG", considerando que tiñan moita máis proxección e "realizaban máis política" que as do PSOE, criticaron estes nomeamentos por considerar que "unha vez máis Pérez Touriño se rodea dunha corte de amigos, que proveñen do PCE, deixando fóra o partido".♦

O futuro presidente do partido reclama unha renovación que lle permita pactar con outras forzas

Núñez Feixóo pretende dar un cambio estratéxico no PPdeG

AFONSO EIRÉ

Un mes antes de celebrarse o congreso extraordinario do PPdeG xa sabemos que o sucesor de Manuel Fraga vai ser Alberte Núñez Feixóo; que vai concorrer unha única candidatura e que pretende darlle un xiro de renovación ao partido. De como vai logralo só transcendeu que "con sacrificio".

Alberte Núñez Feixóo. PACO VILABARROS

Alberte Núñez Feixóo está disposto a realizar unha renovación no PPdeG, tanto programática como de persoas, que lle permitan nas próximas eleccións municipais "procurar acordos con outros partidos". Non é algo novo, xa era unha idea de Manuel Fraga cando comezou as súas reunións con Xosé Manuel Beiras. Pero a política dos feitos foi moito máis teimuda que a das intencións. Finalmente, impúxose a tradición máis españolista do PP.

Nestes momentos, a política que executa Mariano Raxoi a nivel estatal semella ir por un camiño contrario. Polo tanto, de seren certas as intencións do novo presidente *in pectore* do PPdG, que aposta por un partido de "xente reformista e aberta", que o saquen desa soidade que o condena a conseguir maioría absoluta para gobernar, os cambios fronte á liña que seguen no Estado van ter que ser moitos.

Será quen de executar esa nova política? Hai que lembrar como tantas outras veces que a suposta autonomía do PP galego, mesmo con Fraga e Xosé Cuíña, quedou máis nunha declaración de intencións que nunha política propia real. Finalmente, nos asuntos importantes, sempre se pregou á política de Madrid, por exemplo no caso *Prestige*, sen chegar a dar tan sequera unha verdadeira batalla política.

Así mesmo, hoxe por hoxe, a marxe de manobra do PP para realizar alianzas en Galiza é moi escasa. Non semella doado evitar que nacionalistas e socialistas, socios no Goberno non reediten o pacto municipal e nas deputacións. Eido que lle preocupa moito ao PP pois sería o segundo gran paso do cambio que os socios do bipartito queren dar en Galiza. Ao mesmo tempo unha grande eiva para o futuro político de Núñez Feixóo.

Tampouco non vai ter doado o PP impulsar partidos cos que poida chegar a acordos. Estes partidos prexudicarían directamente os *populares*, pois non só lle restarían votos, senón que lles permitirían aos descontentos co actual proceso seguir na política á marxe do partido.

Semella que van ser máis significativo e importante os intentos de Núñez Feixóo de aglutinar todos os descontentos anteriores que formaron candidaturas independentes. Concedería algo así como unha "amnistía" para que puidesen todos reintegrarse de novo no partido. Desde O Porriño a Carballo, de Ponteareas a Baiona. Un proceso dificultoso porque se vai complicar coa renovación partidaria que anuncia Feixóo.

Moitas feridas polo camiño

O mesmo Núñez Feixóo recoñece que o actual proceso "deixará feridas". Así, propón unha "renovación coa xenerosidade de todos os que compoñen o partido". Pero o futuro presidente do PPdeG non adiantou, se cadra porque aínda non o ten claro, que modelo vai seguir para integrar as "distintas sensibilidades" que recoñece existen no PPdeG. Sensibilidades nas que fixo moito fincapé Xosé Manuel Barreiro cando aceptou a vicepresidencia e se integrou na lista de Feixóo para concorrer ao congreso cunha soa candidatura.

O que está claro é que estas sensibilidades no PPdeG non van desaparecer. Cun liderado forte como o de Fraga aínda aumentaron e o actual proceso serviu tamén para que, na vez de amainar as diferenzas, estas se articulasen.

Pero máis problemáticas que as correntes ideolóxicas para as reformas que pretende Núñez Feixóo no partido son os reinos de taifas provinciais. Foron eles os que, verdadeiramente, situaron a Feixóo como futuro presidente do PPdeG.

Foron as cúpulas provinciais as que, finalmente, volveron pactar neste congreso estatutario, sen que a militancia tivese, realmente, capacidade de decisión sobre o proceso, por mor do método escollido que lle daba toda a representación á lista gañadora. Deste xeito, segundo afirman varios dirixentes do PP, perdeuse unha boa oportunidade para definir o que a militancia realmente quere que sexa o partido.

A nova batalla que se presenta é nos congresos provinciais e locais. Será aquí e nas próximas listas para as municipais onde Feixóo se xogará realmente o seu proxecto de partido.

De momento, Xosé Luís Baltar deixou claro que segue a controlar Ourense e que os apoios que lle dea á nova dirección, mesmo con persoas en postos claves, non van deixar de ser prestados, só que non poida.

Barreiro, ademais da vicepresidencia do partido, asegura a súa preeminencia na provincia luguesa. Por iso renunciou á secretaría xeral e lle tiveron que acomodar un novo cargo. Pero en Lugo, Francisco Cacharro non está disposto a desaparecer así como así na escena política. Mesmo lle podería plantar cara a Barreiro.

Os problemas que está a ter Feixóo tanto na Coruña como en Pontevedra son diferentes, pero tampouco menores. Foron as provincias que lle deron a vitoria, pero tamén as que reclaman, agora, consecuentemente, maiores cotas de poder. Aí están as dificultades para confeccionar a lista para a dirección. Feixóo con bo tino, para que non existan revoltas, só a dará a coñecer uns horas antes do Congreso. Non hai que esquecer que os compromisarios aínda poderían darlle o seu apoio a un novo candidato a presidente.

É moi difícil pero non imposíbel se aumentase o descontento. ♦

Os *populares* implicaranse na reforma do Estatuto

O PP móstrase disposto a participar activamente na reforma do Estatuto. Así o anunciou Alberto Núñez Feixóo e así se recolle no relatorio titulado *La Constitución y el Estatuto. Un marco de convivencia*.

Neste relatorio, escrito en español, o PP reclama un "ámbito competencial propio". De xeito que os tributos cedidos polo Estado se convertan en propios da Comunidade Autónoma Galega. Á Administración autonómica corresponderíalle a competencia normativa e a facultade de revisión en vía administrativa.

O PPdeG concibe que o novo Estatuto catalán marcará o terreo competencial ao que poden aspirar as demais comunidades, polo que reclama que Galiza dispoña de atribucións "en pé de igualdade" coas demais autonomías.

Esta proposta foi refrendada polo secretario xeral do PP, Ángel Acebes, afirmando que a demanda de ter a mesmas competencias que Catalunya "é asumíbel por todos". Esta disposición xa aparece na reforma do Estatuto valenciano.

A aposta por participar activamente na reforma o Estatuto galego e que se reclamen idénticas competencias que Catalunya foi saudado como "unha boa nova" tanto por socialistas como por nacionalistas.

Pero se analizamos ao xeito a proposta do PP e as palabras de Acebes, poderemos ollar unha gran sombra. Certamente, reclama para Galiza idénticas competencias que para Catalunya, pero estas mesmas competencias pretende o PP facelas extensíbeis a todas as comunidades autónomas. Reafírmase así no denominado "café para todos" que se impuxo primeiramente por unha lectura reducionista da Constitución e, finalmente, polo golpe de Estado do 23-F.

Foi un xeito de subverter o propio proceso autonómico e de anular as demandas nacionalistas. Esta harmonización autonómica na que segue a teimar o PP e parte do PSOE, contrasta co novo Estado que pretenden construír os nacionalistas. ♦

O deslizamento

XOSÉ MANUEL SARILLE

A nova Secretaría Xeral de Política Lingüística produce pasmo nas persoas ás que aínda lles quede humor para pasmarse por estas cousas. Ampliar o número de lectorados no estranxeiro é incidir na vella política lingüística do PP, consistente en desviar a actividade e o diñeiro cara a asuntos secundarios e sinxelamente filolóxicos, cando habería que facer unha política decidida no país. Que a secretaria visite Cataluña e declare que foi a aprender parece unha broma do Grupo Risa, porque esa persoa debería estar para executar o que aprendeu e non para aprender a executar. A imaxe pública é a de case sempre, só falta que nos coloquen un paraugas pendurado do casaco. Pero esta trécola está de máis a estas alturas.

O problema non é a nova secretaria, senón que o novo goberno, coa anuencia do BNG, situou a política lingüística nun perfil baixo, evitando que un grave problema, de longa reivindicación, cunha forza simbólica excepcional e con necesidade de intervención urxente, fose negociado e asumido para a xestión do novo executivo. O 14 ou 15 de setembro Anxo Quintana despachou o pretendido engano ou imposición da nova secretaria por parte de Emilio Pérez Touriño cunha frase que en realidade era un visto e prace para a nova realidade que agora se fai evidente, a da continuación da vella inercia do PP, tanto por desinterese como por falta de preparación do novo equipo.

Isto non é unha anécdota dentro do nacionalismo, é un paso máis no deslizamento cara a posicións chamadas centristas, que en realidade son rexionalistas, máis achegadas a Coalición Galega que homologábeis cos partidos nacionalistas de Cataluña ou Euskadi. A nova cúpula do BNG ten como referencia o vello espazo do centrismo galego oportunista dos anos oitenta, personificado hoxe en Paulo González Mariñas ou Xosé Luís Barreiro, que por certo non tocan o galego nas súas colaboracións e que mesmo para Barreiro, a normalización lingüística , tal como se concibe en Euskadi ou Cataluña, é unha perda de tempo e un estorbo, divorciada como está da realidade de hoxe.

Polo demais e agás honrosas excepcións, esa é a práctica lingüística dos concellos gobernados polo BNG, rutineira e anquilosada, aínda que sexa outra a liturxia, ou sexa, a prédica e o ritual. Aí está a cousa e non na boa da secretaria, que até onte investigaba nos seus latíns. ♦



PACO VILABARROS

Xosé Antonio Martín Pallín

'Sería positivo reformar a Constitución'

RUBÉN VALVERDE

É maxistrado do Tribunal Supremo e unha das voces máis críticas co tratamento histórico que se está a facer sobre a Guerra Civil por parte de "moitos novos historiadores ou pseudohistoriadores". Malia vivir toda a vida en Madrid, fala perfectamente en galego, xa que naceu nunha aldea de Ourense, ademais de sentirse admirador de "auténticos galeguistas como Vicente Risco ou Castelao". Estivo en Galicia invitado por Amnistía Internacional para falar do trato ás vítimas do franquismo.

Por que pensa que está levantando tanta polémica a Guerra Civil e xorden historiadores que aseguran que comezou en 1934?

É curioso porque é unha versión que nin tan sequera daban os propios libros do franquismo. Eu que son fillo de militar golpista, puiden ler o libro de Historia da Cruzada. Para xustificar o alzamento militar remontábanse á Semana Tráxica de Barcelona, en 1909, pero situaban o golpe en 1936. Agora estamos ante unha nova versión da historia na que se intenta facer algo que nunca pretendeu o franquismo, que é dicir que os republicanos se revelaron contra a República. Á marxe destes temas, en España estamos vivindo unha situación que non ten parangón noutras partes do mundo. Noutros lugares, os golpes de Estado duraron como moito 24 horas, como ocorreu en América Latina, por exemplo. Aquí houbo unha guerra que durou tres anos e unha postguerra de corenta. Malia esta peculiaridade, o que non se pode soster dende a perspectiva dun franquista é que eles tiñan a lexitimidade que lles daba o tempo porque segundo o dereito internacional ningún golpe de Estado é lexítimo. Eu sempre me pregunto se os políticos da dereita tivesen lexitimado o 23-F en caso de que durase tres anos en lugar dunhas horas. Polo tanto un golpe nunca se pode legalizar e a democracia ten a obriga de restituír e reparar as persecucións de todos aqueles que loitaron por uns valores que en boa medida están recollidos na Constitución de 1978.

"Aconsellaría a eses políticos que seguen defendendo os símbolos do franquismo que ao lado dunha estatua de Franco, poñan outra de Hitler, para que non se sinta só"

Que lle parece aínda que siga habendo símbolos e rúas franquistas?

É algo que non ten precedentes en ningún país europeo. Non concibo, por exemplo, unha estatua de Mussolini en Italia ou de Hitler en Alemaña. Aquí en corenta anos creouse un sedimento franquista asumido por unha parte do poder político, igual que en Francia existe hoxe un partido de ultradereita dirixido por Jean-Marie Le Pen, ou en Italia os postfascistas que están aliados co Goberno. A min paréceme unha aberración. De todos os xeitos, o que lles aconsellaría a eses políticos que seguen defendendo os símbolos do franquismo, é que ao lado dunha estatua de Franco, poñan outra de Hitler e de Mussolini, para que non se sinta tan só.

Tamén hai moitos historiadores que aseguran que na República non se cumpría a legalidade e iso foi o que provocou a Guerra. Que opina como home de leis?

Exactamente non sei a que se refiren. A revolta de Asturias foi propiciada por un grupo de obreiros. Tiña ademais un encaixe internacional moi determinado, no que se sucedían revoltas dese tipo. A República non só fixo cumprir a legalidade, senón que demostrou que tiña instrumentos e desexos de facer cumprir as normas. Cando Lluís Companys proclamou unilateralmente a Generalitat, reaccionou a República. Por iso me gustaría que me explicasen en que non se cumpría a legalidade. Incluso as épocas en que os falanxistas, os anarquistas e outros grupos se atopan no cumio da espiral de violencia, non se achega nin moito menos aos anos máis duros da ETA. O golpe militar estaba deseñado dentro do que significaba o fascismo e o nacionalsocialismo en Europa, polo xeneral Emilio Mola.

O golpe estivo tamén apoiado polas elites, malia presentarse como un movemento abolicionista das clases sociais?

Podemos falar do apoio das elites económicas, pero non as intelectuais, que foron varridas literalmente do mapa até o punto de que un tipo que noutro momento no pasaría de cutre autor de sainetes era proposto para o Nobel. Digamos que malia non iniciar o alzamento, as elites económicas adheríronse ao réxime, incluídas as burguesías vasca e catalá, dando o consentimento e prace.

Hoxe hai moitos políticos e historiadores que prefiren falar de violencia por parte dos dous bandos e non de represión.

A represión do franquismo foi brutal. A implantación dun sistema de terror foi o que perpetuou o réxime. Eles sabían, incluso ao final da guerra, que non eran maioría nin moito menos, polo tanto perpetuaron execucións, moitas veces sen xuízo, incluso a militares que nun primeiro momento non se quixeron unir á sublevación. Eu son dos que penso que este tipo de delitos contra a humanidade, feitos sen xuízo de ningún tipo, nunca prescriben, pasen os anos que pasen e así o recoñece a legalidade internacional. ♦

Debate do Estatuto catalán

Que lle parece a actual situación política unha vez presentada a reforma do Estatuto?

Falando como cidadán, penso que calquera opción política é válida e unha presentación de reforma do Estatuto como é o catalán, que está a seguir todos os cauces legais, o mínimo que hai que facer é respectala. Os sistemas democráticos funcionan así e non debería haber ningún problema a discutir este tipo de propostas. É un síntoma de saúde democrática.

A dereita asegura que unha reforma estatutaria pode acabar co actual sistema.

Todo o que se está facendo co Estatuto de Cataluña está previsto na nosa Constitución e existen unhas garantías posteriores que regulan que o que saia do Parlamento se axuste ás normas do dereito. Incluso pode ocorrer que de non satisfacer os cataláns o que acorden as Cortes españolas, poidan rexeitalo. Dicir que por unha proposta do Estatuto vai romper España é un disparate. Juan José Ibarretxe defendeu unha reforma hai un ano e non rompeu nada, todo segue no seu sitio.

Que lle parecen as declaracións do presidente do Consello Xeral do Poder Xudicial, Francisco José Hernando sinalando que a proposta era inconstitucional antes de seren debatida?

Para que el non me reproche que tamén falo do Estatuto antes de aprobarse, limítome a dicir que non se pode descualificar unha proposta. Se alguén pensa que inconstitucional algún artigo non ten máis que utilizar os cauces que existen unha vez aprobado, porque para algo está a xustiza. Os maxistrados teñen que estar para dirimir os problemas, non para crealos.

"Dicir que unha proposta de Estatuto vai romper España é un disparate. Ibarretxe defendeu unha reforma e todo segue no seu sitio"

Os partidos nacionalistas veñen queixándose de que o Tribunal Constitucional está nomeado cun marcado carácter antinacionalista e lembran as continuas declaracións do ex presidente Jiménez de Parga.

Está claro que o Tribunal Constitucional ten un sistema de nomeamento que depende de xeito primordial dos partidos maioritarios e quizais unha reforma no sistema, cunha maior participación das autonomías podería ser positivo.

Estase falando tamén sobre a reforma constitucional. Está de acordo coa necesidade de introducir cambios ou pensa que non é o momento político?

En política sempre existe a tendencia a non facer nada. É famosa a frase de Franco que dicía, faga vostede coma min e non se meta en política. Non facer nada en política sempre dá bo resultado. Hai xente que presume de sensata dicindo que é mellor deixar as cousas como están. A min esa concepción democrática da política non me gusta. Prefiro os políticos que queren facer cousas. A Constitución precisa dalgunhas reformas. Tampouco se trata de cambiala de arriba a abaixo, pero si é verdade que hai que afinala. Ao fin de contas, o que os xuristas chamamos núcleo duro da Constitución, é o capítulo de Dereitos e Liberdades fundamentais. Que eu saiba a ninguén se lle ocorreu tocalo. Do que se está a falar é do debate territorial e doutros temas, que na miña opinión é positivo ir retocando. ♦

Un proxecto favorecido polo alcalde puxo en perigo as Burgas

A febre da auga en Ourense

PERFECTO CONDE

Na cidade das Burgas sobe a febre da auga. Non é casualidade que Ourense teña moitos e bos mananciais de augas termais, sulfurosas e carbonatadas, entre outras, que están sendo obxecto de explotación e mesmo especulación urbanística debido ao importante potencial económico que poden representar. Nun destes casos, chegouse mesmo a poñer en perigo a pervivencia das fontes termais que representan o carimbo máis internacional de Ourense, as famosas Burgas.

Lugar onde se realizaron as catas para construír un balneario. As obras estiveron a piques de secar as fontes termais. Á dereita da imaxe, edificio que aproveitou a auga quente das Burgas, igual que fixeran as Xosefinas no inmóbel que se ve detrás, ao outro lado da ponte. Nas fotografías superior e inferior, dúas vistas das Burgas. P. CONDE

Co propósito de construír e posteriormente explotar un hotel balneario a escasos cen metros da principal atracción turística que ten a cidade, hai algo máis dous anos constituíuse a empresa Xardín das Burgas que rapidamente conseguiu permiso municipal para levar a cabo diversas prospeccións na beira dereita do río Barbaña. Inicialmente, o alcalde Manuel Cabezas mostrou grande interese público por este proxecto e achanzou todo o que puido os inconvenientes que podían presentarse para que as obras fosen adiante, até o punto de que o Concello presidido por el mesmo lle doou a Xardín das Burgas unha superficie de 750 metros cadrados que antes fora asentamento de varios postos de froitaría do mercado de abastos. Os donos de Xardín das Burgas mercaron o que quedaba dunhas casas de baño vellas e sumáronlle a esta superficie a extensión que era de propiedade pública e que lles foi adxudicada sen nada a cambio, até reunir unha parcela de 4.500 metros cadrados sobre a que proxectaron construír un hotel balaneario de nova planta.

No seu día, sendo concelleiro o arquitecto nacionalista Xosé Enrique Rodríguez Peña, o alcalde Cabezas foi preguntado por este asunto sen que dese resposta convincente á adxudicación do citado terreo público que mesmo foi utilizado logo por Xardín das Burgas para xustificar a edificabilidade que solicitou para a súa parcela.

Cando o Concello de Ourense lle pediu ao entón delegado de Industria que informase sobre a situación do terreo sobre o que se pensaba edificar, a resposta foi que o asunto non era competencia dese departamento da Xunta debido a que "non había un perímetro de protección de augas delimitado". Xardín das Burgas chegou tamén a solicitar da Xunta que lle fose outorgada a subvención correspondente por creación de postos de traballo, pero retirouna moi rapidamente cando concelleiros do BNG e outras instancias empezaron a indagar o que estaba pasando.

A piques de secar as Burgas

A empresa promotora deste proxecto, hai arredor dun ano, estaba levando a cabo as catas de terreo necesarias para acometer a construción cando empezaron a secar as históricas e famosas fontes termais das Burgas. A voz de alarma estendeuse como se fose pólvora acesa, e o alcalde de Ourense non tivo máis remedio que secundar a fulgurante orde de que parasen as obras que foi emitida polo conselleiro de Industria, daquela o Rodríguez Yuste. O que pasaba é que as catas de profudidade que estaban a facerse modificaban a capa freática do lugar e as célebres fontes das Burgas estiveron a piques de ficar sen manancial. Xardín das Burgas, aínda que non chegou nunca a informar claramente sobre o que quería construír, tiña en mente erguer un hotel con varias plantas soterradas e outras sobre a cota de superficie até completar posibelmente un total de trece.

A raíz deste suceso, o Instituto Xeolóxico e Mineiro puxo enriba da mesa serias dúbidas e pediu moita prudencia no que se fose facer debido a que as obras non só podían afectarlles ás Burgas senón tamén a outras partes das ribeiras dos ríos Barbaña e Miño. Unha parte importante da cidade de Ourense, representada polo barrio da Ponte, no que viven máis de 30.000 persoas, non está conectada á depuradora de Reza e verte sobre o Miño as súas augas resididuais, un caso máis dos moitos que hai por toda Galiza e nos que a Administración pública constitúe o maior axente contaminador e incumpridor da lexislación medioambiental europea. Pois ben, estes vertidos de augas residuais poden estar contaminando tamén varios mananciais de augas sulfurosas e carbonatadas que hai nas beiras do Miño.

De feito, a necesidade de controlar máis rigorosamente os mananciais das Burgas non é a primeira vez que se cuestiona. Deixando á parte a súa historia, non é a primeira vez que se sospeita do uso privado das súas augas termais. Pegado aos xardíns e ás fontes que reciben moitos miles de visitantes cada ano, o colexio das Xosefinas e un edificio privado de vivendas que está na beirarrúa de enfronte succionan, non se sabe exactamente en que condicións, auga quente das Burgas para uso particular.

O negocio da auga

O das Burgas non é o único caso indicativo de que chegou a Ourense a febre explotadora da auga. Benigno Moure, director da Fundación San Rosendo, representa intereses moi determinados de varios balnearios estendidos non só pola provincia de Ourense senón tamén na de Lugo.

As portas da capital provincial e á beira do Miño, o Concello que preside Manuel Cabezas, mediante subvencións recibidas da Xunta, puxo en marcha os Baños da Chabasqueira que antes se desfrutaban a ceo e portas abertas e agora están a cuberto e hai que pagar para entrar neles. Están a cargo dun consorcio, e parte das súas augas pertencen a mananciais que están en disputa cos actuais propietarios dos antigos Baños das Caldas, María do Carme Fernández Reigada e Francisco Fernández de Prado. Segundo estes últimos, parte da auga sulfurosa que se usa na Chabasqueira brota en mananciais que forman parte do perímetro de protección dos Baños das Caldas, que foi a primeira instalación hostaleira balneárica que houbo en Ourense.

Nos derradeiros catro anos, o termalismo inspirou un bo fato de proxectos de explotación turística nos arredores de Ourense. Augas abaixo do Miño, perto de Barbantes, hai quen pretende poñer en marcha outra instalación comercial desta natureza no Amaro, tirando para Outariz. Nas instalacións da vella cadea de Ourense, o Concello tamén manexa a posibilidade de converter o edificio nun balneario de uso público.

En vista de todo isto non é raro escoitar quen diga na cidade que "ademais do proxecto das Burgas, que representa un caso típico de especulación urbanística claro e rotundo, hai outros por aí adiante que deberían merecer atención dos políticos e dos administradores, se non se quere converter Ourense nun paraíso do negocio fácil a costa da auga".

Nesta dirección, arquitectos locais que foron consultados por *A Nosa Terra* coincidiron en salientar a necesidade de que se leve a cabo, canto antes, a delimitación dun perímetro de protección que garanta a conservación e uso público das fontes termais das Burgas. Non faltou mesmo quen nos dixera que este pode ser un bo reto para o novo delegado de Industria da Xunta, o nacionalista Xosé Antonio Xardón.♦

caixanova

exposicións xaneiro - febreiro 2006

VIDA E MORTE NO ANTIGO EXIPTO
da arte faraónica ao faro de Alexandría

VIGO
ata 8 de xaneiro
Centro Cultural Caixanova

OURENSE
13 xaneiro - 19 febreiro
Centro Social Caixanova



ALEJANDRO CORUJEIRA
A poesía da plástica arxentina

VIGO
26 xaneiro - 26 febreiro
Centro Social Caixanova

ASIA NAS COLECCIÓNS DO MUSEO NACIONAL DE ARTES DECORATIVAS

VIGO
19 xaneiro - 19 febreiro
Centro Cultural Caixanova

ONIRIA ATREVETE A SOÑAR
Tódolos segredos do mundo da animación

LUGO
2 febreiro -19 marzo
Sala de Exposicións da Diputación

MANS SALGADAS

CALDAS DE REIS
19 xaneiro - 19 febreiro
Auditorio Municipal

BURELA
23 febreiro ao 12 marzo
Casa da Cultura

FARRERAS
Pasado e presente dun mestre da abstracción

VIGO
24 febreiro - 26 marzo
Centro Cultural Caixanova

Máis información en www.caixanova.es

Esta programación poderá estar suxeita a cambios

As perspectivas financeiras 2007-2013

CARLOS AYMERICH

O Consello Europeo dos pasados 15 e 16 de decembro aprobou inicialmente as Perspectivas Financeiras da UE para o periodo 2007-2013. O proceso, a partir de agora, debe continuar no Parlamento e, a seguir, a través da instrumentación xurídica dos distintos fondos a medio dos correspondentes regulamentos, Marcos de Apoio e Programas Operativos. Proceso que, con certeza, non se vai dar rematado antes do ano 2007.

Cumpría chegar a un acordo. Ainda que fose *in extremis*. A maltreita UE precisaba dun éxito que venderlle á opinión pública após moitos fracasos seguidos, entre os que salienta especialmente o fiasco do Tratado Constitucional. Mais cúmprenos agora a nós, aos galegos, fuxir de trunfalismos interesados e avaliar se o acordo de Bruxelas supón ou non un éxito para nós para, a partir de aí, tirar as conclusións e adoptar as decisións máis convenientes.

Comecemos pois. En primeiro lugar, é unha boa noticia que se acadase un acordo. Mais só polo feito de que, de non ser así, Galiza probabelmente tería superado segundo Eurostat o 75% do rendimento medio da UE a 25 medido, como se sabe, en paridade de poder de compra (en euros constantes estariamos apenas lixeiramente por riba do 55%).

Porén, en segundo termo, os resultados da negociación non son, nin moito menos, positivos. En total, para todo o periodo, Galiza vai recibir fondos estruturais por valor de 3.225 millóns de euros, un 40% menos do recibido no periodo anterior, aos que haberá que sumar a parte que nos corresponda dos 3.250 millóns de euros que, polo Fondo de Cohesión, recibirá o Estado español nese periodo. Non hai, pois, lugar para a celebración. E se non, acudamos a Tony Blair que sinala a España e a Irlanda como as verdadeiras prexudicadas polo acordo.

> **'O** financiamento da ampliación non é unha cuestión de cohesión, debe ser visto como un investimento que os Estados máis ricos rendibilizarán en forma de exportación de bens e de capitais"

En terceiro lugar, conclusións. Máis outravolta Galiza sae prexudicada por negociacións nas que non participou. Imos experimentar unha drástica redución das achegas europeas cando aínda contamos con importantes déficits que solventar. Outros, con todo, vano pasar aínda peor: os fondos para cohesión medran un 30 % cando a poboación afectada se incrementa nun 130 %. Velaí a verdadeira face do proxecto europeo desta hora, como, de novo, o propio Blair recoñece: o financiamento da ampliación non é unha cuestión de cohesión, debe ser visto como un investimento que os Estados máis ricos rendibilizarán en forma de exportación de bens e de capitais.

Para rematar, decisións. Os fondos redúcense. Faise, pois, vital garantirlle a Galiza a maior capacidade de decisión posíbel sobre estes. Para dedicalos ás nosas prioridades e evitar que os labregos galegos sigan a percibir un 90% menos de axudas europeas que os demais e que os fondos que lle corresponderían ao noso país se invistan en Barajas, no intercambiador de Nuevos Ministerios ou no AVE de Madrid a Barcelona.♦

A Coruña

Na memoria de Fiz Valcarce

MANUEL LUGRÍS

Recordo dun militante nacionalista que deixou unha fonda pegada.

Hai seres humanos que perfilan, sen destacar en ningunha das facetas nas que errónea e habitualmente estimamos o prestixio, unha época ou un sentido de feitura configuradora das ideas e os acontecementos dos que fomos testemuñas e, mesmo, nos que participamos. Era o caso dun amigo que se nos foi nos primeiros días do mes que andamos. Epígono virtual do que significa a loita dos setenta con toda a bagaxe de teimas, esperanzas e degoros case sempre non cumpridos, estaba viva a historia recente na súa palabra e no seu talante de amor á terra que era resume en cada instancia do seu carácter.

Chegou polo tempo de Nadal. Hai mais de dez anos. Lembro aínda aquel vetusto coche de arnela migratoria, como nínfula de oníricas sensacións perdidas, que conducía polo barrio de Monte Alto, naquelas rúas que foran xa, en anos pretéritos, avenidas de puro nacionalismo xurdido entre as ilusións e anceios de liberación. Era Fiz Valcarce. O vello Fiz como lle chamaban os que sabían da súa existencia e do seu compromiso vital. Un vedraño militante da Galiza mais perfecta que, dende o Ourense natal, viña rematar a súa andaina neste curruncho de realidades que avanza cara ao mar de Eire, alén do faro de Breogán.

Pasaba daqueles setenta anos que non permitía que asomasen máis que na pel de faciana atanada, quizais coma testemuña de toda a pelexa que se agochaba no seu interior. A súa conversa era resumo dun periodo do noso periplo nacional no que dera os seus primeiros pasos corenta e tantos anos antes, cravada a vida no seu corazón de galeguidade indestrutíbel, como tantos outros, en multitude de actividades culturais, sociais, políticas. Falaba daquelas primeiras épocas de activista coa mente alegre e confiada en que a referencia non fora dada en alforxa rachada e que os seus pequenos pasos haberían ser decisivos nun futuro de gloria e esplendor. Sen lugar para as epíforas. A Patria escribíaa sempre con maiúsculas nas liñas rectas do seu discurso compacto e consolidado. Faláballes aos máis novos coa convicción de quen está en posesión de autoridade moral. Do que non refuta das súas responsabilidades e sabe transmitilas intrascendente, no comentario que raña o peito coa rabexa de ver o mal que causan os imbéciles e escuros a este país. Era o crítico co que estaba a ver ao seu redor. Co autoodio de moitos persoeiros desta cidade, coa incomprensión, co oportunismo...

Recordo a súa leve figura, abaneada polas pesadumes dun pasado familiar que aínda estaba a laceralo con frecuencia. Era como arume en vento de surada que semella irse ao chan pero que permanecía por construír, diariamente, os alicerces seguros dunha nación que estaba a ver en cada momento como obra propia. Levaba os seus fillos, todos os días, a actividades de lecer e formación. Co cariño que poñía nos seus actos, coa convicción de futuro que impregnaba todo o seu devir, faláballes do patriotismo, en verbas que non poderán esquecer xamais, e facía da sua condición filial un acto de integración, case panteísta, entre o verde manto da Terra Nai e o seu deber paternal.

Era un compendio da nosa Galiza. Desa Penélope que tece e destece permanentemente. E así como unha idea do poeta que reflecte en todo e por todo a nosa máis recente historia. Fiz chegou en Nadal a este barrio e deixounos tamén neste tempo de esperanza deturpado polo consumismo e os negocios que non entenden de ilusións, mais el estará, decote, entre nós na modestía da súa persoa pero no inmenso entender que nos deixa de exemplo na dedicación a un compromiso que deberemos seguir até a meta irrenunciábel da liberación nacional.

E cando asome a primavera no toxo gatuño e no alecrín dourado, estará prendida a súa feble e rexa voz no virazón mareiro deste Santo Amaro que diariamente visitaba mergullado no concepto civil dunha Patria presentida no máis fondo do seu espírito.♦

Mar de Lira

Francisco X. Fernández Naval

A ollada poética sobre o mar de Lira de Francisco X. Fernández Naval convértese nun libro no que o mar se torna metáfora da fundación das cousas, en afondamento nas raíces da existencia e no segredo da memoria. O mar como fonte da vida e como recreación da estirpe e do destino.

A NOSA TERRA

Guisa e Napo — **UXÍA E BRAIS**

REALIDADE GALEGA
EDICIÓN GALEGA
Nº 1 Ano: I Data: 14 / Decembro / 2005
Prezo: 1€
A inmigración permítelle a Galicia gañar 9.000 habitantes nun ano
A nosa Comunidade perdería 13.000 cidadáns dende 1998 sen o aporte de estranxeiros. O ritmo de crecemento do Padrón é 10 veces menor que no conxunto de España.
Integración
+
Convivencia
Futuro
Cruz Vermella
XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Emigración

Romeu considera que a medida impide as filtracións e garante o coñecemento do idioma

Tests das oposicións só en galego

P. C.

O conselleiro da Presidencia da Xunta de Galiza, Xosé Luís Méndez Romeu, deu a coñecer a decisión oficial de que os *tests* aos que teñen que responder os que se presentan ás oposicións públicas para cubrir postos de traballo na admnisitración galega deixarán des estar en español e entregaranse redactados unicamente en galego. Esta decisión foi criticada por algúns representantes de academias privadas e polo Sindicato de Enfermería SATSE.

Xosé Luís Méndez Romeu, conselleiro da Presidencia. TUCO CERVIÑO / AGN

Unha das razóns principais que se tomaron en conta para adoptar esta medida refírense a que cómpre acreditar debidamente que os aspirantes a ocupar postos de traballo na admnistración autonómica dominan o idioma galego. Como dixo Xosé Luís Méndez Romeu ao dar a coñecer a medida, "comprender as preguntas que están formuladas en galego é unha forma de garantir que se cumpre o requisito de coñecer esta lingua".

Outro motivo importante radica na necesidade de limitar todo o que se poida as posibilidades de que haxa "filtrado" das preguntas ou dos temas sobre os que han examinarse os opositores. No pasado houbo experiencias abondo preocupantes a este respecto e mesmo ocasións nas que foi necesario suspender algunha proba porque as respostas estaban sendo "ditadas" dende fóra dos recintos nos que se realizaron os exercicios. Este risco de filtracións preténdese reducir mediante a presentación dos *tests* expresados nun único idioma. "No pasado houbo problemas de filtración das probas que ían ser obxecto de oposicións –dixo o conselleiro da Presidencia– e isto non pode volver suceder". Coa idea de que o opositor teña acceso a un único exemplar de exame, os responsábeis da Xunta pensan que "se reduce drasticamente" o perigo de filtrados, de paso que se incrementan as medidas de seguridade mínimas esixíbeis.

Segundo anunciou Méndez Romeu, esta medida non modifica o tratamento do resto das probas e o exame oral, por exemplo, seguirá facéndose na lingua oficial, galego ou castelán, que elixa o examinando.

Malia todo, non tardaron en presentarse algunhas protestas procedentes de responsábeis de academias privadas de preparación de opositores e, a máis sonada, dun chamado SATSE Sindicato de Enfermería, unha organización sindical que se di "afastada de vencellos políticos" e defensora dun "modelo de sanidade público (*sic*)" e que ten a súa única sede en Galiza na rúa viguesa Marqués de Valladares.

SATSE acusa de suposta inconstitucionalidade a medida anunciada pola Xunta, da que estima que representa "unha vulneración do dereito fundamental de acceso á función pública en condicións de igualdade". Esixe que se rectifique a medida tomada. ♦

Nº 1.204 ● Do 29 de decembro do 2005 ao 4 de xaneiro do 2006 ● Ano XXVIII

Que libros de texto pagamos todos?

MANUEL RODRÍGUEZ ALONSO

No comezo deste curso os medios falaron da gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio, libros de texto que non pagan os pais dos alumnos, pero que pagamos todos os galegos cos nosos impostos.

Do que nunca se fala nos medios de comunicación é dos contidos e ideas que transmiten eses libros de texto. Damos por feito inxenuamente que só comunican eses libros coñecementos científicos adaptados pedagoxicamente aos distintos niveis do ensino. E se iso non fose así? Seica non se pode dar o caso de que existan libros de texto que, baixo a aparencia da ciencia, transmitan valores antigalegos, machistas, españolistas ou mesmo favorecedores da diglosia lingüística e cultural galego-castelán?

Por outra banda, parámonos algunha vez en analizar como é o galego destes libros? É un galego rico, é un galego *light* e castelanizado, é incluso un *castelgalego*?

Xa que logo, eu quería facer algunhas reflexións sobre este tema dos libros de texto, que poden sernos útiles á hora de valorarmos estes produtos. Non sexa que esteamos a pagar e subvencionar o que vai contra o galego.

Sabido é que o mundo do libro do texto galego está repartido entre editoriais xenuinamente galegas (establecidas en Galicia, habitualmente de pequenas dimensións e con autores que son tamén galegos e profesionais que exercen o seu labor docente na comunidade galega). Outros libros de texto son editados por grandes editoriais de ámbito estatal, que confeccionan os libros para todo o territorio do Estado español e con autores que habitualmente non son galegos, nin sequera exercen a docencia en Galicia, senón que na maioría dos casos pertencen ao ámbito cultural madrileño.

P. VILABARROS

> "Libros de física, ciencias naturais, historia, xeografía etc., pertencentes a editoriais de ámbito estatal non son máis ca a tradución do libro castelán, elaborado por profesionais que nada teñen que ver con Galicia"

Imos agora ver algunhas características destes libros de texto pensados para o ámbito estatal español, por autores que non están vinculados a Galicia e que sofren unha *adaptación* ao currículo escolar galego.

En primeiro lugar moitos destes libros son simples traducións dos libros casteláns. Libros de física, ciencias naturais, historia, xeografía etc., que andan por aí e pertencentes a editoriais de ámbito estatal non son máis ca a tradución simple e dura do libro castelán, elaborado por profesionais que nada teñen que ver con Galicia. Isto produce una serie de efectos paveros como ver nos libros de coñecemento do medio do ensino primario que sempre se pon como exemplo de ecosistema o bosque mediterráneo (non existe a fraga galega) ou a devesa (non se fala das pradarías). A árbore por excelencia é a aciñeira ou similares e os carballos ou castiñeiros nin se citan. Para nada se fala dos problemas creados pola irrupción do eucalipto e do piñeiro. Se do litoral se trata e da súa contaminación, só se fala dos grandes problemas que ten o litoral mediterráneo e do grave que é a invasión da posidonia... De purgas do mar, desastres de petroleiros na Costa da Morte nin unha palabra. Iso si dáselle moita importancia á seca de Castela ou do Levante. Nun destes libros fálase de cómo no século XX a arquitectura tenta recuperar estilos do pasado ou utilizar materiais autóctonos e ponse como exemplo a Gaudí. Non existe Palacios.

A interpretación da historia para nada considera as achegas dos historiadores galegos. Libros hai en que se di que Galicia nunca foi un reino e que desde sempre estivo integrada en Asturias, León ou Castela. Cando se fala da comunidade galega dise que é unha comunidade porque ten tradicións, coma o traxe, festas, coma a do polbo ou similares, e ata unha bandeira e un escudo que a caracterizan... Ademais os temas sobre Galicia van colocados no remate do libro ou aparecen nun caderniño, co cal se dá a sensación de que non paga a pena iso da historia de Galicia. Métense no remate eses temas, feitos ás présas e correndo, para que a Xunta aprobe o libro e non protesten eses nacionalistas de sempre...

Ata nos que parecen máis inocentes destes libros está presente a mentalidade castelá e españolista. Nos problemas de física, os móbiles sempre se moven entre Madrid ou outras cidades españolas, nunca galegas. Habería que refacer o problema e eses libros non consideran máis ca a simple tradución. Nos problemas de depósitos sempre se enchen os alxibes casteláns e andaluces. Os rapaces desprázanse non a praias nin ríos para se bañaren no verán, senón que van só á piscina ao xeito madrileño. É dicir estase a presentar unha forma de vida totalmente allea a Galicia e alienante.

■ PROCESO DE PRODUCIÓN/TRADUCIÓN

O proceso de produción destes libros galegos é curioso. Primeiro elabórase o libro en castelán e despois tradúcese ao galego. Esta tradución faise nun tempo récord e suxeita a unha serie de condicións. O texto galego debe ocupar o mesmo espazo ca o castelán, os subliñados en negra deben coincidir máis ou menos cos do castelán, as ilustracións e debuxos son os mesmos do texto castelán e todo así. Para aforrar traballo, gañar rapidez e non estragar a maqueta xa se traduce directamente sobre o ordenador e meténdose dentro da maqueta do castelán. Así aparecen nalgúns destes libros tantas palabras en castelán, descolocacións do pronome átono e erros similares. Para ocupar o mesmo espazo ca no castelán, é mellor utilizar as palabras comúns co castelán e así entre *lembrar* e *recordar* collemos *recordar*. Como o infinitivo conxugado ocupa menos espazo ca a construción subordinada conxuntiva castelá, pois desaparece o infinitivo conxugado, para non estragar a maqueta nin as ilustracións; úsase, sen máis, a construción conxuntiva común co castelán.

En canto ao galego que se lles recomenda aos tradutores a norma é sinxela. Hai que seguir ao pé da letra á normativa oficial. O galego que había que seguir ao pé da letra nos tempos do PP no poder (é dicir ata agora mesmo) era o do Dicionario da RAG, as NOMIG e o VOLG. Non era isto porque parecese ben ou mal o que propoñía a normativa, senón porque había que ofrecer un galego que non presentase problemas á hora da aprobación do libro de texto e da posible subvención. Mesmo nos casos de solucións dobres como eran *ó/ao*, segunda forma do artigo etc. había que escoller a opción que preferían a RAG e o ILG, pois pensábase que isto era o que volvía o libro máis grato á hora da súa aprobación e/ou subvención pola correspondente consellaría.

En canto a outras instrucións que se lles dan a correctores e tradutores é a de que se utilice, por motivos pedagóxicos, un galego correcto, pero o máis próximo posible ao castelán. Manéxanse os datos e enquisas que nos informan de que cada vez son menos os galegofalantes iniciais ou o do número de rapaces que reciben o galego por transmisión interxeracional e daquela cómpre, para que o libro sexa entendido sen esforzo polo rapaz, que se utilice un galego *light*, correcto, pero *light*. Por iso coidadiño con abusar do infinitivo conxugado ou das colocacións do pronome diante do infinitivo con preposición. Se temos *aparato* e *aparello* permitidos pola RAG, pois usemos *aparato*. Se mesmo a RAG prefería *ganar* ou *vergonza* a *gañar* ou *vergoña*, non xoguemos a lusismos e poñamos, como ben fai a sabia RAG, *ganar/vergonza*. Se en matemáticas, de acordo coa RAG, podemos dicir *ancho/largo*, digamos *ancho*. Xa sabemos que na universidade e nos libros universitarios o que se usa é o castelán, así que pasemos por esta leria do ensino en galego, pero sen esforzarnos demasiado.

Segundo estes novos pedagogos da lingua e da tradución do libro de texto dende o castelán, cómpre usar no libro de texto un galego *natural*, próximo ao teórico galego do rapaz. É unha vella idea da escola lingüística españolista de Pidal e da Complutense. Din que o galego estándar e/ou culto é unha lingua inexistente, inventada polos universitarios do ILG e os lusistas (segundo o gran mestre desta escola, o académico Gregorio Salvador). Haberíalles que dicir a estes pedagogos de ocasión do ensino do galego, moi castelanistas e españolistas eles, que nos libros de texto do castelán non hai que usar o castelán estándar da RAG, que non existe tampouco por ningures, senón a lingua madrileña cheli e castiza, pero iso si *natural*, da Belén Esteban ou de tantos que saen nos programas lixo da televisión, porque queda moi próxima á linguaxe espontánea dos cativos... Así o resultado é un galego pobre, aínda que iso si correcto, que nos lembra o galego urbano pobre do que fala Dubert García na súa monografía sobre a fala de Santiago.

> "Caso coñezo dunha editorial de ámbito estatal de capital fundamentalmente relixioso que no ano 1998 censurou dun poema de Curros os versos nos que arremete contra curas e monxas..."

■ VISIÓN ESPAÑOLA

Cómpre analizar ademais que grupos empresariais están detrás de moitas destas editoriais que publican libros de texto de ámbito estatal. Unha porcentaxe amplísima está controlada por ordes relixiosas dedicadas ao ensino. Outras por grupos empresariais como Prisa, que xa sabemos, se seguimos o xornal *El País* e o seu suplemento cultural *Babelia*, como valoran o que eles chaman despectivamente culturas *autonómicas/periféricas*. Claro que eu non sei de que son centro eles. Así, os libros tradúcense ao galego, pero as concepcións que hai en todos eles é españolismo puro e duro. Caso coñezo dunha editorial de ámbito estatal de capital fundamentalmente relixioso que no ano 1998 censurou o poema de Curros Enríquez dedicado á chegada da primeira locomotora a Ourense e publicouno sen os versos en que Curros arremete contra curas e monxas... Hai que sinalar que moitas destas editoriais teñen un mercado cativo de colexios concertados e privados e mesmo responsables destes centros de ensino e a propaganda editorial presentan esta visión españolista como mérito, pois asegúraselles aos pais que aquí non van recibir a educación galeguista e *bloqueira* dos centros públicos. Ata aí podiamos chegar...

A desgaleguización é tan forte que ata dicionarios de uso común entre o noso alumnado son tradución dos casteláns ou están moi influídos por eles. Un diccionario anda por aí do grupo Prisa que é tradución do do castelán, iso si, cunha adaptación ao galego, pero ata as ilustracións son as mesmas ca as do castelán. Moitos destes dicionarios elabóranse tendo diante os do castelán e disto non se libra nin o dicionario da Academia Galega. Dá mágoa ver, por exemplo, como este dicionario non introduce o termo *agrarismo* ou como define *agrario*. Se se levanta Basilio Álvarez dáballes unha boa labazada aos nosos académicos e lexicógrafos. Parece tradución do DRAE.

Para rematar por hoxe quero referirme aos libros de *Lengua y literatura castellanas*. Eu coido que practicamente a totalidade deses libros debería ser prohibida pola consellaría correspondente polas ideas falsas e españolistas, na liña de Menéndez Pidal-Gregorio Salvador-Escola Madrileña de lingüística, que transmiten. Mesmo dedican un apartado para rebater a Constitución actual e din que o castelán é xa español e non castelán porque é lingua propia de todos os españois, aínda que teñan algunha outra nas chamadas comunidades bilingües. O *Poema do Cid* é expresión do espírito nacional (de que espírito nacional e de quen?) e os *Cancioneiros* son lírica primitiva, por iso son coma as kharxas mozárabes...

En fin outro día falaremos da lingua galega destes libros traducidos, se nos volven dar espazo, que podemos chamar *mal castelán e peor galego*, ou de como só aparecen textos de pensadores e xornais casteláns traducidos, co cal parece que non hai ciencia, nin filosofía, nin prensa en galego e de tantas cousas para encher un bo feixe de páxinas. Por hoxe, abonda. ♦

MANUEL RODRÍGUEZ ALONSO (Ribadavia, 1952) é profesor na UNED. Autor, entre outros traballos, de *O españolismo lingüístico* (Espiral Maior, 2004)

Bernardino Nogara, o primeiro banqueiro de Deus

CELSO X. LÓPEZ-PAZOS

Non creo que logo dos recentes expresados e publicamente promulgados dogmas da Igrexa Católica, poida un poder secular chegar a ningún concordato sen perder, en certo xeito, a súa dignidade"

OTTO VON BISMARCK,
discurso no Reichstag, marzo 1872[1]

Son numerosos os libros e traballos que enfocaron a súa atención no estudo do imperio económico do Estado Vaticano, un dos máis ricos e poderosos do mundo. Ao longo das paxinas deses libros –dalgúns deles demos boa conta nestas mesmas paxinas (ANT, nº 1.202)– estúdase, de forma pormenorizada e contrastada, o secretismo das finanzas vaticanas, a opacidade das súas operacións bursátiles, os seus escándalos económicos (desde o Banco Ambrosiano e o caso Calvi até Gescartera), as sospeitosas vinculacións dos "banqueiros de Deus" con círculos económicos obxecto de investigacións xudiciais, a falta de claridade das súas participacións bancarias, a evasión de divisas, o trafico e branqueo de diñeiro, o cobro de comisións fraudulentas, a venda de armas[2], o pechamento forzoso de bancos e unha boa morea máis de operacións económicas pouco limpas, cando non abertamente delitivas. Tal dinámica especuladora e acumuladora de capital tan alonxada da igrexa dos pobres e á que contribuíu de xeito moi destacado o tratamento de privilexio e de *laisse faire* con que algúns estados democráticos –dos que o Estado español é o paradigma– concretan as súas relacións co papado, coloca o Estado Vaticano nunha posición de enorme fortaleza dentro do desenvolvemento xeral do sistema capitalista. Pois ben, o estudo e investigación destes temas revelaron á luz pública algunha das operacións máis escandalosas que caracterizaron o evoluír dun estado que, ao tempo que acaparaba unha inmensa riqueza e poder en todo o mundo, se afastaba cada vez máis da man de Deus e do alento do Espirito. Porén, esta situación de enorme riqueza que vai máis ala do boato medieval do que se fai gala en cada elección papal, non sempre foi tal.

Bernardino Nogara arredor de 1912.

■ OS TEMPOS DA POBREZA

Certamente, o receo da Igrexa Catolica aos avanzos científicos, a súa concepción feudal do poder, a súas firmes vinculacións cos sectores e clases sociais en decandencia histórica ligadas ao Antigo Rexime e a súa absoluta oposición ao movemento do nacionalismo unificador italiano, fixo que ao longo do seculo XIX os Estados Pontificios –ao igual que gran parte de Italia, agás os reinos da Lombardía e Piamonte– quedasen á marxe dos adiantos provocados pola revolución industrial. Por outra banda, a limitación que dos seus privilexios levaron a cabo tanto os revolucionarios franceses coma Napoleón, a aparición das dinamicas políticas e ideoloxicas que pretendían separar o trono do altar e a igrexa do estado e, en ultima instancia, a *kulturkampf* emprendida por Bismark nos territorios do II Reich aleman, os que máis contribuían ao sostemento do papado, debuxaron un panorama económico desolador para unha institución milenaria que debía afrontar con solidez os retos da sociedad capitalista. De sorte que desde finais do seculo XIX e comezos do XX os tempos non podían ser máis desastrosos para a económia vaticana e para as súas finanzas. Os papados de Pío IX, León XIII, Pío X e Bieito XV son clara mostra desta situación, tal como acredita o feito de que durante o pontificado deste último o presuposto do Vaticano quedara reducido a unha cuarta parte do da epoca de León XIII. Nos tempos de Pío XI, o papa Ratti –que sucede a Bieito XV en 1922– a situación económica da Igrexa Católica continuaría sendo insostíbel. O déficit crecía de xeito desmedido e os ingresos e doazóns non abondaban para freala. Os acreedores aumentaban constantemente e o Reichbank alemán, o primeiro da lista, esixía o pagamento das débedas. Porén, esta situación variaría por completo ao amparo das vinculacións do Vaticano co fascismo italiano. En efecto, a reactivación económica emprendida por Benito Mussolini e a melloría da facenda italiana, faríalle ver ao papado a necesidade da negociación co *Duce*, ainda que para iso tivese que permanecer mudo e, por tanto, cómplice do asasinato do deputado socialista Giacomo Matteotti, cuxo crime levantou unha sólida coalición entre católicos e socialistas para apartar a Mussolini do poder e da que o Vaticano non se afastou. Ao contrario, advertiu severamente os católicos de que calquera colaboración e alianza cos socialistas estaba estritamente prohibida pola lei moral da Igrexa. Logo dunha serie de conversas levadas a cabo no máis absoluto dos segredos, por fin o matrimonio entre o Vaticano e o fascismo obtivo os seus froitos coa sinatura en 1929 do Pacto de Letrán, que no só santificaba e lexitimaba a ditadura de Mussolini, senón que ademais de outorgarlle á Igrexa Católica unha extraordinaria serie de privilexios económicos (fiscais, sobre todo), convertía o catolicismo na relixión oficial do Estado, prohibía facer proselitismo doutras confesións relixiosas, estabelecía que o Estado debía asumir o pagamento dos soldos dos sacerdotes, afirmaba a soberania do Estado Vaticano, impuña impostos aos matrimonios sen fillos (considerando o adulterio como un delito) e dáballes a hexemonía ás ensinanzas católicas en todos os centros educativos de Italia. Pero sería a "Convención Financeira", unha das cláusulas finais do tratado, a que dun plumazo levaría a Santa Sede da miseria galopante á riqueza máis abondosa, pois a citada convención supuña, entre outras cousas, a doazón por parte do goberno de Mussolini de 1.750 millóns de liras en obrigacións do estado, cantidade que representaba un 3,7% do presuposto italiano para aquel exercicio. Para administrar e, sobre todo, acrecentar, esta enorme fortuna, Pío XI creou a *Amministrazione Speciale della Santa Sede*[3] á fronte da que colocou a Bernardino Nogara, auténtico construtor das finanzas vaticanas e o máis prominente antecedente dos Calvi, Sindona ou Marcinkus.

> **'N**ogara impúxolle ao pontífice a condición de que en ningún momento tería que aterse a criterios doutrinais ou relixiosos á hora de facer os seus investimentos e, ao tempo, esixiu que na súa organización non debería haber relixiosos nin sacerdotes"

■ O PRIMEIRO BANQUEIRO DE DEUS

Sen ser sacerdote, nin ter desempeñado nunca cargos eclesiásticos, a figura de Bernardino Nogara é unha das máis descoñecidas e misteriosas da historia da igrexa católica. Vinculado por alguns historiadores ao Opus Dei e a José María Escrivá de Balaguer –ao que lle foi presentado polo mesmísimo Pío XII–, Nogara é para alguns investigadores o autentico epicentro do espallamento economico do Opus, para o que traballou facendo de conselleiro e asesor nas múltiplas operacions que, coa aquiescencia de Escrivá e Álvaro del Portillo, servirian para edificar o "milagre" da Obra de Deus. Nacido en 1870 na localidade de Bellano, preto do lago de cómo, no seo duna familia acomodada de orixe xudía , Nogara, que estudou enxeñaría no Instituto Politectnico de Milán e que exerceu como director de minas en Inglaterra, Bulgaria , Grecia e Turquía, sería, en 1913, un dos artífices das estipulacións do Tratado de Paz de Ouchy entre Italia e Turquía. Un ano máis tarde converteríase en delegado italiano no consello de administración do Debbito Publico Otomano, desempeñando o mesmo cargo en Istambul para a Banca Commerciali Italiana, entidade bancaria á que estaría ligado durante máis de trinta anos e da que chegaría a ser vicepresidente en 1945. Pouco despois marcharía a Berlin para traballar no Reichbank, chegando a ser, entre 1924 e 1929, administrador do sector industrial da Comisión Interaliada do Plan Dawis para as reparacións alemás da Guerra do 14. Toda esta exitosa actividade non pasou desapercibida nos corredores vaticanos, onde tiña fama de ser, ademais de home moi relixioso, un verdadeiro "*uommo de fiducia*" (home de confianza) e esta consideración levaríao, logo da recomendación do seu irmán, monseñor Nogara, amigo e confidente de Pío XI, a converterse en asesor áulico do cardeal Gasparri, secretario de Estado vaticano e negociador con Mussolini dos aspectos financeiros do tratado de Letrán.

> **'O** cardeal Francis Spellman declarou: «Despois de Xesucristo, o mellor que lle sucedeu á Igrexa foi Bernardino Nogara»"

Para facerse cargo dos asuntos da Amministrazione Speciale na que habería de traballar durante 25 anos, Nogara impúxolle ao pontífice a condición de que en ningún momento tería que aterse a criterios doutrinais ou relixiosos á hora de facer os seus investimentos e, ao tempo, esixiu que na súa organización non debería haber relixiosos nin sacerdotes. Foi tan importante o seu labor que inmediatamente se converteu no único funcionario vaticano que podía falar co papa a calquera hora do día e sen previa solicitude de audiencia. A partir dese momento o poder de Nogara só cedería ao do papa. Os seus vínculos cos grande nomes das finanzas e as operacións bursátiles foron constantes. Despachaba e comunicábase con fluidez coa Banca Rothschild e con J.P. Morgan, co The Chasse Manhattan Bank e o Credit Suisse, co The Bankers Trust Company de Nova York e a Banca Continental de Illinois... Desde esta posición de privilexio, comezou a política compradora de Nogara e por ende do Vaticano e así foi adquirindo empresas como a enerxetica Italgas, a Societá Italiana della Viscosa ou a Societá Meridionale de Industrie Tessili. Ao mesmo tempo Nogara e os homes do papa foron sentadose nos consellos de administración das empresas italianas máis importantes como o Instituto de Credito Fondiciario (un banco), Assicurazioni Generali (a compañía de seguros máis importante de Italia) a Societá Eleptrica ed Electrochimica della Caffaro (electricidade e industria química) a Societá per l'industría Premolifera (petroquímica) ou a Societá Mineraria e Metallurgica di Pertusola (minas), reservándose para si mesmo a presidencia da Societá Generale Immobiliare (SGI), unha das compañias contrutoras máis importantes do mundo[4].

Tal febril actividade investidora, cuxo pulo se debe inicialmente ao pacto lateranense que convertería o Vaticano nun dos arbitros da economía italiana, sempre tivo vía libre para transitar por todo tipo de transaccions financeiras, tanto se se tratase de especulación bursátil como da participación no accionariado de compañias cuxas actividades colisionaban coas ensinanzas doutrinais da Igrexa, desde fabricantes de condóns á industria de armamento. Neste terreo, empresas como Reggiane, Compagnia Nazionale Aeronautica e Breda, todas elas controladas por Nogara e financiadas polo Vaticano converteríanse, durante a invasión de Etiopía en 1935, nas principais fornecedoras de armas e municións do exercito italiano; mesmo se ten apuntado que o papa patrocinou persoalmente a invasión mediante un prestamo[5].

En suma, Bernardino Nogara foi quen de levantar un imperio que tería continuadores (Calvi, Marcinkus, Sindona) e foi quen tamén de estabelecer unha serie de prácticas destinadas a constituír unha impenetrábel cortina de ferro que protexería da fiscalización pública todas esas enormes riquezas que fluían cara ao Vaticano e que grazas a un complexo entramado de bancos e compañías interpostas terminaba sempre en depósitos secretos de bancos suízos.

Nogara, que sempre soubo combinar perfectamente o seu traballo para o papado e as súas actividades en empresas e entidades financeiras do mundo segrar, continuou en activo até os 84 anos. Un ano despois da súa morte, ocorrida en 1958 en Milan, o cardeal Francis Spellman declarou: "Despois de Xesucristo, o mellor que lle sucedeu á Igrexa foi Bernardino Nogara."[6] ♦

(1) Bismarck refirese neste discurso ao dogma da infalibilidade papal que fora proclamada en 1870 no Concilio Vaticano I e á cuestión da primacia papal.

(2) Durante o pontificado de Xoán Paulo II o Vaticano montou a chamada *Operación Peixe Voador* que consistiu na venda de mísiles Exocet (peixe voador) á ditadura arxentina e que foron empregados na Guerra das Malvinas. A ditadura arxentina pagou eses mísiles á compañía *Bellatrix*, con sede en Panamá. O xornalista Eric Frattini conseguiu o certificado asinado por Paul Marcinkus –xefe da Banca Vaticana–, onde recoñece que o Banco Vaticano era propietario do 68% de *Bellatrix*. Os cartos gañados por Roma coa venda dos mísiles foron empregados posteriormente polo cardeal Luigi Poggi –que era o xefe da espionaxe vaticana durante o pontificado de Xoán Paulo II– para financiar a Lech Walesa e o seu sindicato Solidarnosc **(**ver ERIC FRATTINI. *La Santa Alianza. Cinco siglos de espionaje vaticano*. Espasa, 2004)

(3) R. DOMÉNECH MANTILLÓ, *Marcinkus. Las claves secretas de las finanzas vaticanas* (Ediciones B, 1987)

(4) SANTIAGO CAMACHO. *Biografía no autorizada del Vaticano*. MR Ediciones, 2005

(5) Ibid

(6) DAVID A. YALLOP. *En nombre de Dios*. Planeta, 1984.

O GRAN NA ROCHA

CONCHA ROUSIA

Um dia

Há já tempo, muito tempo, que Maria se apercebeu do que tem de fazer. Como também já o sabia há dezasseis anos quando fugiu coa sua filha para casa de sua mãe. Daquela Maria decidira pôr fim a uma situação que já durara de mais; durara desde que casara, havia pouco mais de três anos. Todo começara coa chamada dum amigo de Maria; seu homem não gostava de ela ter amigos. Assim começou o controlo dos seus contactos telefónicos; primeiro parecia só molestar-se polas chamadas feitas por amigos, ora, não tardou muito em começar também a amostrar-se molesto quando ela falava mais de um par de minutos com as suas amigas, ou incluso com sua mãe. Pouco a pouco Maria foi acoutando as suas relações. Ciúmes, dizia-se ela. Aquela noite, há agora dezasseis anos, fugira coa sua pequena para não voltar. Aquela noite, que nunca esquecerá, para além de a insultar e a ameaçar, como já ia sendo habitual, seu marido acurralou-a num recanto da cozinha até que Maria lhe disse onde, e com quem, estivera pola tarde. Maria não queria mentir, nem tampouco dizer que fora com uma amiga ao hospital a ver um amigo comum, e respondia com imprecisões. Ele ia-se enfurecendo; não suportava que ela pudesse ter o mais mínimo segredo, algo que ele não pudesse saber. Aquela noite, mentes a mantinha apresada contra a parede, disse-lhe que não a soltaria até saber a verdade. Maria estava decidida a resistir; não porque a verdade precisasse de ser ocultada, mais sim por não renunciar ao seu direito a ter intimidade própria. Essa tarde Maria recebera de seus amigos algo que lhe devolvera um pouco da auto-estima perdida; e não podia simplesmente render-se. Ele seguia apertando-a contra a parede, mancando-a; coas mãos prendia-lhe os braços e mantinha-a como uma estátua: "Tu dirás, Maria, eu posso estar assim toda a noite"; ele cheirava a álcool. Cos berros acordou a nena e começou a chorar e chamar pola sua mãe. "Não irás até que eu o diga". Maria então disse-lhe onde é que ela fora; com toda a raiva do mundo, talvez para poder ir apagar o pranto da sua pequena que vai despertar aos vizinhos. Com toda a raiva que pode empregar a pessoa que se rende. Foi então que ele se pôs como uma fera; por primeira vez golpeou-a repetidamente na face. À Maria doeram-lhe os golpes, é claro, mas nada lhe doera tanto como aquela pressão dele que a obrigou ao submetimento. Chorando agarrou a pequena e saiu à rua, sua mãe não vivia longe. À manhã véu o perdão, a promessa de nunca mais, o não querer privar a sua filha de ter um pai, como lhe passara a ela –o pai de Maria abandonara-as a ela e a sua mãe quando Maria tinha apenas ano e meio-, a falha de recursos próprios, sua mãe dizendo: há que saber perdoar… Voltou. Ao pouco tempo nasceu o seu filho que acaba de fazer catorze anos e que fica encerrado no seu quarto a medrar cos videojogos. Desde aquele dia, há dezasseis anos, as cousas foram a pior e Maria sempre soube que afinal teria de marchar e salvar-se. Salvar-se a si própria. Maria tem acudido aos serviços médicos logo de ser agredida por seu marido, já tem sido informada dos seus direitos; já também tem falado por telefone e sabe que a violência não só é má para ela, mais também para a sua filha e o seu filho, polos que ela sacrificou a sua vida. Sabe também que no mundo há muitas como ela, e que só há um caminho. Mas nem sempre podes saber aonde é que esse caminho te levará. Nem o duro que vai ser. A algumas leva-as à liberdade, a outras leva-as à morte. Sabe que muitas mulheres que conseguiram escapar de presídios como no que ela fica encerrada estão agora a lutar contra esta lacra social. Maria já não ignora que foi a luta das mulheres o que conseguiu expô-lo publicamente como o que é: violência de género, violência contra as mulheres; apesar de que alguns prefeririam segui-lo a denominar "violência doméstica", ou mesmo "problemas matrimoniais", quando não "desavenças conjugais". Sabe que as mudanças nas políticas vêm sempre a seguir das batalhas da gente, e não antes. Maria sabe o que tem de fazer, mas não sabe quando. Talvez quando o medo a morrer já não a paralise como ainda a paralisa. Também tem medo de romper o lar do seu filho e da sua filha. Ela sabe de mulheres que se vêem desesperadas para alimentar aos pequenos trás a ruptura cos seus maridos. Sabe duma vizinha que retirou a denúncia porque não dava saído adiante. Sabe de outra que trás livrar-se dos maus tratos do marido afirma sentir-se maltratada polo sistema, à que um juiz perguntou: - "*…está segura de que el coche que a menudo ve aparcado delante de su trabajo, cerca del suyo, es el de su marido?*"; (o marido tem uma ordem de afastamento e sabe que não pode esperá-la á saída). Que significa essa pergunta? Amais do contido explícito está também o tom co que ela era interrogada: "Eu senti que me dizia que se calhar eu era uma mentirosa…" Maria sopesa na balança o que há num lado e o que há no outro. Sabe que um dia receberá o sinal de que chegou o momento, o ponto de não retorno; a sua vizinha soube-o quando seu marido não só a agrediu



DONA FERRATO

a ela senão também à sua mãe que tentou acudir-lhe. Maria, mentes aguarda que ele venha para cear, que hoje está a tardar, pensa que esse momento não pode estar longe. Maria fica só, em silêncio cos seus pensamentos, aviando a ceia; hoje não acende a televisão, não vá ser que falem da última mulher assassinada e a ele se lhe dê por dizer que lhe esteve bem feito, e que isso é o que merecem todas, e que pobre dela como se lhe ocorra… Hoje ele está-se demorando mais do habitual, isso significa que virá bêbedo, e que provavelmente a forçará a ter relações sexuais. Maria sente náuseas. Ouve-se o elevador que se detém, ouve-se o coração de Maria que quer brincar fora do peito. Parece que tarda em abrir a porta, se calhar era o vizinho… Finalmente a porta abre-se, e a Maria chegou o som da violência coa que o pára-águas foi atirado no paragueiro da entrada. Maria fecha os olhos durante um segundo. Talvez hoje chegue esse dia. ♦

CONCHA ROUSIA é psicoterapeuta e escritora.



O sector descontento porque Galiza continúa discriminada

A negociación pesqueira na UE non recolle os recortes doutros anos

H. VIXANDE

O resultado da negociación pesqueira na Unión Europea non significou os recortes doutros anos, pero o sector non se amosou satisfeito porque continúa a existir a discriminación da Galiza no acceso á pesca.

A Unión Europea volve a tentar regular a pesca dentro das nosas augas. Na fotografía, barcos da flota de baixura.

Melloran, pouco, as capturas, pero continúa vixente o problema estrutural. Isto é, o aumento da cota de extracción da pescada é do 3% pero noutras especies hai recortes que poden chegar ao 15%. Ademais o noso país segue sen poder acceder a augas comunitarias en moitos casos, todo porque os topes de pesca están relacionados cunha estimación comunitaria de 1976, cando Galiza non formaba parte da UE. Aquela estimación serviu de base para a negociación de ingreso de España na Unión Europea e hoxe aínda o sector é vítima desa situación.

Os recortes drásticos dos anos anteriores non se produciron nesta negociación, na que non se reproduciron as pautas habituais. Anteriormente, o usual era que as propostas previas da Comisión incluísen acusados descensos nas capturas, para logo moderarse nas negociacións e presentar o resultado como un avance. Nesta ocasión a proposta da Comisión e a aprobada finalmente é case idéntica e para a nosa flota representa un recorte do 10% na cigala, do 15% no lirio, do 15% no peixe sapo e do 5% no rapante. Isto consolida unha tendencia de descensos que obrigará a manter a flota amarrada unha boa parte do ano e implica que a UE entra outra vez a regular a actividade nas nosas augas, ao establecer recortes nas capturas dentro do litoral galego.

Dentro das especies que son obxectivo da nosa flota só hai un aumento na pescada, un 3%. Isto implica unha cota de capturas para 2006 de 7.253 toneladas. O incremento de capturas na nosa flota é cativo aínda que proporcionalmente igual á do resto das flotas, pero cómpre ter en conta que a cota galega é moi baixa e que os nosos barcos non poden acceder a todas as augas comunitarias. Por exemplo, todo o mar Báltico está vedado, así como grande parte do Gran Sol, onde operan 120 buques con bandeira galega.

Por outra banda, aínda que a pescada está sometida a un plan de recuperación, as condicións desta especie son óptimas, a xulgar dos informes científicos. Certo é que cando está en marcha un plan deste tipo non é habitual que haxa un aumento das capturas de máis dun 15%, pero neste caso foi só do 3%, o 5% segundo a Comisión.

A liña de redución que se rexistrou en xeral no Gran Sol, reproduciuse no bocarte no Golfo de Biscaia. Neste caso, sufriu un recorte importante nas capturas relacionado coa delicada situación desa pesqueira, de forma que pasou de 27.000 toneladas en 2005 a 5.000 en 2006. O problema agrávase porque os franceses, que empregan artes moi agresivas, pescarán os primeiros, de modo que cando en abril ou maio vaia a flota galega, case non terá actividade. A consecuencia de que os 51 barcos que operan nesas augas retornen á Galiza será un sobre esforzo pesqueiro noutras especies, o que si implica riscos importantes para os recursos.

Cota de mercado

En xeral, fontes comunitarias suxiren que a flota galega opte por unha diversificación como fixo a irlandesa co xurelo e a rincha, que está a vender para shusi xaponés. Esta opción, con todo, implica renunciar ao mercado galego para cederllo a outras flotas comunitarias que teñen excedente de cota de extracción e tratar de introducirse en mercados que se descoñecen.

O problema dos sucesivos recortes nas capturas son as consecuencias económicas tanto para os traballadores do mar como para os armadores. Esta consecuencia aínda non se abordou como debera e de momento aínda non se conseguiu vincular o Goberno e o sector afectado. Neste sentido, nos momentos previos á negociación non se reuniu ao Consello Galego de Pesca ou nin tan sequera as correspondentes mesas sectoriais.

Este ano a presenza galega na negociación a través da conselleira de Pesca Carme Gallego significou un paso importante porque, a diferenza do seu antecesor López Veiga, que só buscou fotografarse coa ministra, destas tivo lugar unha defensa dos intereses do noso país. Aínda así, queda moito por andar e non só hai que coñecer de primeira man a situación do sector, tamén hai que conseguir unha representación directa no Consello de Pesca, ao igual que ten Escocia, para evitar ter que representar a outras comunidades autónomas, cos conflitos de interese que implica.

Na pesca, Galiza parte dunha situación delicada porque a integración de España na Unión Europea fíxose sacrificando este sector, sen considerar que é unha zona altamente dependente da pesca –circunstancia que aínda non se recoñece hoxe– e sen ter en conta a súa condición de potencia pesqueira. Ademais, cada ano, o noso país enfróntase ás negociacións con movementos previos que tratan de desprestixiar a nosa posición. Así, por exemplo, este ano volveron a producirse os habituais acosos contra a nosa flota antes de negociar. Pouco antes da negociación, tivo lugar a captura do Cantábrico tres baixo a falsa acusación de pescar nunha cuadrícula que non lle correspondía. A caixa azul non deixaba lugar a dúbidas da situación na que pescara esta embarcación e as autoridades comunitarias tiñan acceso a esta información sen necesidade de deter o buque sen base real, mais unha operación así debilitaba a posición negociadora galega. ♦



Nº 1.204 ● Do 29 de decembro do 2005 ao 4 de xaneiro do 2006 ● Ano XXVIII

Os partidos cataláns ven difícil chegar a un acordo pero non retiran a proposta

PSOE e PP presentan emendas que desvirtúan o Estatut

RUBÉN VALVERDE

"O acordo sobre o Estatut é practicamente imposíbel, polo menos até febreiro". Deste xeito definía o portavoz de CiU no Congreso, Josep Antoni Durán i Lleida, o difícil que vai ser chegar a un acordo para reformar o Estatut tras as emendas presentadas polo PSOE no Congreso. Segundo os socialistas, Cataluña non é unha nación, nin España é un Estado plurinacional, nin pode estabelecerse estatutariamente uns principios no modelo de financiamento.



Alfredo Pérez Rubalcaba (PSOE) e Durán i Lleida (CiU).

O presidente José Luís Rodríguez Zapatero aseguraba que tras o debate ía deixar o Estatut "limpo como unha patena". De feito é o PSOE quen máis correccións quere facer ao articulado xeral que chegou do Parlament. Porén, o PP, con 74 enmendas, reduciría a proposta nun 70% e só modificaría en 20 competencias o actual texto vixente. Os *populares* aseguran que ademais de tratarse dun texto malo é tamén "excesivamente intervencionista, propio doutra época e claramente anticapitalista".

As emendas presentadas polos dous grandes partidos estatais baleiran de contido o actual texto. ERC e CiU insisten en que están abertos a unha negociación aínda que recoñecen que "vai ser difícil chegar a un acordo". Até o momento os líderes nacionalistas pensan que aínda ten solución o Estatut, a pesar de que as bases están amosando gran pesimismo e optan por retirar o texto antes de que quede desvirtuado.

Zapatero pediu unha reunión multilateral entre o Goberno e os partidos que apoian o Estatut (CiU, PSC, ERC e ICV). En principio ERC e CiU non amosan ningún problema en reunirse aínda que ven "estraño que nunha reunión haxa un partido que estea representado por duplicado e que defenda teses totalmente opostas, como ocorre co PSOE e o PSC. Iso en política chámase travestismo".

Entre os partidos minoritarios o respaldo á proposta catalá é unánime. IU-ICV presentou tan só unha emenda ao título preliminar que explica o Estatut, baseándose en "criterios políticos". Segundo o grupo de Gaspar Llamazarse, Cataluña é unha nación integrada en España que é un Estado federal plurinacional, laico e aconfesional. A emenda tamén recolle a necesidade de reformar o modelo de financiamento, que quedaría recollido no Estatut e na nova lei orgánica de Financiación Autonómica (Lofca).

Pola súa banda, a Chunta Aragonesista presentou tres emendas no referente á preservación da unidade da cunca hidrográfica do Ebro e a garantir a coxestión dos arquivos do antigo Reino de Aragón. Os demais grupos, incluída Coalición Canaria, non presentaron ningunha emenda co fin de "preservar a vontade do Parlament Catalán".

Emendas do PSOE e do PP

Os dous grandes partidos están de acordo en que Cataluña non é unha nación, xa que na súa opinión "non é compatíbel co artigo 1.2 da Constitución". Malia esta afirmación, numerosos expertos e mesmo o Consello de Cataluña veñen sinalando que a definición de nación é totalmente compatíbel coa da nación española xa que no Estatut non implica a atribución de soberanía.

En segundo lugar, tanto PP como PSOE rexeitan o termo de dereito histórico e indican que non pode ser fonte de dereito acolléndose a este principio. Así mesmo, tamén piden emendar o artigo no que se fala de plurinacionalidade do Estado (artigo 3). A lingua é outro dos elementos en conflito, xa que o Estatut recolle o dereito e obriga de coñecer o catalán. PP e PSOE rexeitan a obrigatoriedade. Porén, os defensores do texto arguementan que hai xurisprudencia do Tribunal Constitucional que indica que un alumno debe rematar a escola sabendo perfectamente castellano e catalán.

Tampouco admiten os *populares* e socialistas que se faga unha relación de dereitos e deberes xa que están recollidos na Constitución. Tamén se opoñen a que se fale dun Tribunal Superior de Xustiza de Cataluña como última instancia xudicial. A xestión das caixas de aforro, o réxime local e a definición de competencias exclusivas, que xa están recollidas na Constitución, son outros puntos en discordia.

Porén, o tema máis importante é o do financiamento. PP e PSOE néganse a que Cataluña inclúa un modelo propio e que conte cunha Axencia Tributaria. Os socialistas argumentan que se terá que acordar nunha lei estatal, mentres que o PP prefire deixar as cousas tal e como se recolleu no actual Estatuto aprobado en 1979. ♦

Neoliberalismo estatutario

RUBÉN VALVERDE

Cando xa pensabamos que o PP dixera todo o que tiña que dicir sobre o Estatuto –que é inconstitutcional, secesionista, apoiado pola ETA...- vai é dá a sorpresa. Que Cataluña sexa unha nación, que pida un modelo de financiamento propio, que pida que se aprenda catalán, que pretenda ter competencias exclusivas declaradas é censurábel e inconstitucional, pero por onde non pasa o PP é porque a Generalitat sexa "intervencionista".

O PP leva argumentando dende hai dez anos que non cómpre modificar os estatutos porque non é prioritario para arranxar os problemas dos cidadáns. A xente está con outras cousas na cabeza, diría calquera dirixente do PP. O Estatut recolle un amplo elenco de competencias polas que o Goberno catalán debe comprometerse a xerar vivenda pública barata, emprego de calidade, sanidade coa máxima cobertura, educación pública da garantías e todo tipo de protección social e isto é "impropio do século XXI e da globalización, moi radical, de esquerdas e claramente antiliberal".

Segundo Mariano Raxoi, a primeira obriga dunha administración é "non molestar". O líder do PP declarou que "a Generalitat está para facer estradas –competencia que por certo a Constitución lle recoñece ao Goberno central na súa maior parte- e pouco máis". Polo tanto, se o peor que ten o Estatut é o "intervencionismo que impregna toda a redacción", podería dicir o señor Raxoi cales son eses asuntos que lles interesan aos cidadáns? Se as cousas que pretende garantir o Estatut non son "propias doutro século", cal é o modelo do líder centrista do PP: vivendas para ricos, escolas privadas e segregadoras, emprego precario e desprotexido e sanidade para quen a poida pagar? Segundo as verbas de Raxoi, a Constitución quedaría na definición de España como un Estado de dereito, aboliría o de "social", propio doutra época. Que reforme xa o título preliminar da Carta Magna e que propoña unha emenda estatutaria na que só se recolla un único artigo: "Cataluña é unha rexión na que o poder público só pode facer estradas. Amén". ♦



Nº 1.204 ● Do 29 de decembro do 2005 ao 4 de xaneiro do 2006 ● Ano XXVIII

Consumo feliz

MONCHO FERNÁNDEZ LEAL

Moito teñen que ver as relacións internacionais e os intereses comerciais co xeito de vida que temos nas sociedades nas que o consumismo crea unha adicción da que non avisan as autoridades sanitarias. Nos últimos anos asistimos ao vertixinoso ritmo de posesións de cousas, que pronto deixan de ter sentido, e que propiciou un cambio na concepción de moitos aspectos sociais.

Os cativos hai só vinte anos xogaban de xeito distinto, relacionábanse socialmente, compartían, manchaban as pernas gozando na terra. Sen pillas, sen mandos automáticos. Agora moitas destas criaturas marcan a dieta da casa, comen á carta, xa non hai menú do día nuns fogares que confunden o afecto coa posesión.

Ese espectáculo social ao que chaman primeira comuñón é coma antes eran as vodas. Eternos adolescentes traballan sendo explotados. Ás veces unha ou dúas horas diarias debalde para que a piscina lle saia máis barata ao patrón. Consomen de xeito compulsivo. Non hai rebelión, porque moitos viven cos pais, descoñecendo o que custa o necesario. A frugalidade, que non ten nada a ver con ser persoa agarrada e si co sentidiño que a necesidade outorga, é unha práctica que case non existe.

A poboación dos países pobres é expoliada polas multinacionais, verdadeiro goberno do mundo, dos países ricos. Por iso celebramos a vitoria do movemento indíxena boliviano, que non perdeu a verdadeira perspectiva das cousas e do seu valor. Bolivia é un paradigma do que é vivir coma un pobre nun país rico. Representa un manancial contestario que, aos poucos e con moito esforzo, asolagará o territorio americano dominado polo neoliberalismo, pai intelectual da sociedade que lle dá importancia ao ter e non ao ser. As persoas empezarán a ter máis futuro que as cousas.♦

Comeza o procesamento contra o ex ditador chileno pola *Operación Colombo*

Pinochet, fichado

CÉSAR LORENZO GIL

O ex ditador de Chile Augusto Pinochet, foi fichado pola policía na súa casa de Santiago. Con este requisito comeza o procesamento contra o militar pola Operación Colombo, unha operación policial contra a oposición no 1975.

O 24 de novembro, o maxistrado Víctor Montiglio ordenou o arresto domiciliario de Augusto Pinochet ao considerar que o ex ditador participou activamente na Operación Colombo, que supuxo a morte de 119 persoas durante a ditadura. O 28 de decembro, o militar chileno foi fichado pola policía na súa casa santiaguina, onde foi fotografado e se lle tomaron as pegadas dactilares. Montiglio ordenou o procesamento despois de que a Corte Suprema de Chile rexeitase dous recursos de amparo.

Montaxe policial

A Operación Colombo foi unha gran montaxe policial para encubrir o asasinato de desaparecidos. A todopoderosa DINA –policía secreta durante a ditadura– tentou encubrir a morte de 119 opositores atribuíndolla a "supostas" loitas internas na esquerda. Este dispositivo foi a primeira misión da macrooperación Cóndor, que consistiu na coordinación das policías secretas das ditaduras de Sudamérica, con asesoramento norteamericano.

Augusto Pinochet.

O sistema escollido polas autoridades chilenas para encubrir as mortes dos opositores foi novelesco. O 22 de xullo do 1975 sae á rúa o primeiro e único número da revista arxentina *Lea*, que publicou como noticia destacada que "60 guerrilleiros foran exterminados polos seus propios compañeiros nos últimos tres meses". Dous días despois, no Brasil, un xornal neófito e menos duradoiro ca unha bolboreta, *O Novo Día*, de Coritiba, daba a lista de 59 guerrilleiros mortos durante os "enfrontamentos con forzas guerrilleiras na provincia arxentina de Salta".

Estas mentiras reproducíronse profusamente en Chile pola prensa local deses anos, que semanas antes empezara a sementar o terreo con titulares coma este, "Miristas mátanse entre eles coma ratas", en referencia a que a meirande parte dos asasinados pertencían ao Movimiento de Izquierda Revolucionaria (MIR). Esta estratexia tiña dous obxectivos, por unha banda pretendía evitar as investigacións por parte das organizacións de dereitos humanos que comezaban a preocuparse polo aumento de denuncias de represión naquela altura; pola outra, a mensaxe que se lle daba aos familiares e militantes era que perderan a vergoña polos crimes e non lles importaba admitir que estaban mortos.♦

Aquí fóra

Entre tendencias

XULIO RÍOS

En catro poderíamos resumir as principais variábeis da xeopolítica mundial que ao longo do presente ano confirmaron a súa presenza e actualidade: os EE UU, Europa, a China e América Latina. Comezando por esta última, resulta evidente o interese orixinado polas mudanzas rexistradas en países importantes deste hemisferio. Esas tendencias, reforzadas agora co cambio boliviano, poderían confirmarse en 2006, acentuando o perfil autónomo dunha rexión que pugna por saír do atraso e o subdesenvolvemento no que a tiveron sumida décadas de dominio externo e políticas e actores locais nin remotamente comprometidos cos anhelos dos máis febles. Chegou o tempo dos marxinados e os reloxos deben ser postos en hora.

A China, con esa noticia recente de que todas as súas estatísticas económicas deben ser revisadas á alza para confirmarnos que o valor da súa riqueza situaríaa na cuarta posición mundial, estase adentrando en tempos turbulentos. No interno, a luz vermella das desigualdades está acendida, tal como destacou o informe do PNUD hai escasas semanas, cun nivel acrecentado de disparidades que esixen unha implicación pública intensa a fin de recuperar un mínimo equilibrio. A falla de compromiso efectivo cos máis febles erosiona o liderado do Partido Comunista, comprensivo e tolerante de máis coa ausencia de respecto á lei por parte dos novos empresarios que superan, sempre con diñeiro a granel, todas as trabas dun sistema que semella confiar de máis nos beneficios da caridade e a filantropía ca na modernización das políticas públicas, a grande ausente nas reformas. Por fortuna, as relativas melloras nas relacións cos EE UU e coa oposición de Taiwán reducen preocupacións na axenda de Hu Jintao.

> **'A** ampliación semella que influíu máis no afrouxamento que na dinamización da UE"

Europa, sen pena nin gloria, á espera de tempos mellores, segue a contemplar dende o peculiar outeiro británico a escaseza de ideas e de proxectos para recuperar o propio impulso, quer no ámbito interno quer no internacional. Polo momento, a ampliación semella que influíu máis no afrouxamento que na dinamización. Á espera de como se desenvolvan as cousas no estraño bipartito alemán e no desenlace francés, Europa segue no diván, convalecente dunha non tan estraña enfermidade, a crise de crecemento con perda de orientación.

Por último, en Washington semellan soprar ventos noutra dirección. O fascismo da actual administración Bush queda máis en evidencia cada día que pasa, unha vez coas escoitas e o control da vida privada dos cidadáns, outra coa admisión da tortura e demais tratos inhumanos e degradantes. O terrorismo, a palabra máxica que todo o eclipsa dende case un lustro, vai perdendo forza no imaxinario duns cidadáns aínda aturdidos pero que van abrindo os ollos ante a manipulación de que son vítimas. No ámbito externo, a complexidade da situación iraquí e o agravamento das tensións na rexión (Irán) deixan en claro a imposibilidade de que o simple mantemento da orde poida depender dun só xendarme.

Aínda que o cumio da reforma da ONU resultara un fracaso, é evidente que a reforma de facto do sistema mundial está en curso, se ben será produto da presión dos cambios orixinados na periferia do sistema e non no seu epicentro institucional, aqueixado dun conservadorismo inadaptado e incapaz de dixerir as tendencias do tempo que vén.♦

XULIO RÍOS é director do IGADI (www.igadi.org)

Cantigas e Agarimos
Miguelanxo Prado
Toxos e Froles
Pedro do Lama
Federico Rivas
Leiras Pulpeiro
Roberto Gonzalez
Sombra do aire na herba
Ana Romeri
Cabanillas
Luisa Villalta
Lamazares
María Manuela
Mofa e Befa
Nordesterías
Olga Novo
Xela Arias
Emilio Cao
María Mariño
Quiniana Martelo
Mabel Rivera
Chano Piñeiro
Caos
Bazqueiro
Mª Antonia Dans
Gerardo Diaz
Mercedes Ruibal
Lauro
Carlos Rial
Quiroga
Manuel Antonio
Cascamo
Xaquin Marin
Curros
Uxia
Celso Emilio
Colmeiro
Patiño
Luz Pozo
Fole
Pimentel
Dieste
Sys Alonso
D. Ameixeiras
Leopoldo Nóvoa
Rosa Cedrón
Paxaro Ceibe
Guadi
Manchu Lamas
Basallo
Mar ao Norte
Abe Rábade
Manolo Paz
Xohana Torres
Diaz Pardo
Amparo Alvajar
Salón do Toro
Mariuxa Mallo
Almuiña
Baltar
María Casares
Sarmiento
Negro
Curiqueiro
Murado
Pura Vázquez
Xoves
Xacarandaina
Otero
Souto
Quessada
Lino Braxe
Ramón María Aller
Isidro Parga
Palacios
Blanco Amor
Yolanda Castaño
A Esmorga
Carlos Blanco
Pinnahaio
Anxos Sumai
Queizúa
Sergadelos
Pilocha
Rosalía
María Reimondez
A fiesta valdeira
Victor Lopez Seoane
Carlos Casares
Lugris
Silverio Rivas
Miguel de Lira
Freixanes
Follas Novas
Sempre en Galiza
Domingo Fontán
Millladoiro
Pondal
Eva Veiga
Lustres Rivas
Avilés de Taramancos
Rosalía de Castro
Blanco Torres
Francisco Miguel
Valentzuela
Flor Maceiras
Fardel de Exiliado
Sarapela
Os Biosbardos
Manuel María
Sepane
Rilaf Pallares
Terrín
Manuel Lourenzo
Mónica Alonso
Graniell
Correa Corredoira
Nogueirol
Helena Villar
Albalat
Carlos Velo
Bernardino Graña
Carlos Velo
Castelao
As terras no Ar
A lus do Candil
Marga do Val
Manolo Rivas
Viqueira
Fontán&Mazas
Antonio Casares
Ánxel Casal
Factoría
Marivi Villaverde
Laxeiro
Moldes
Pilar Pallarés
Roman Vello
Luis Tosar
Maside
Os Resentidos
Carolina Otero
Bar Bop
Luis Pereiro
Cándido Pazó
Pepe Carreiro
Portela
Antón Lopo
Alfonso X O Sabio
De catro a catro
Mini e Mero
Kiko da Silva
UN PIRMAMENTO DE ESTRELAS GALEGAS PARA A CULTURA DO MUNDO
UNHA CULTURA PARA CONSTRUÍR O PAÍS QUE SOÑAMOS
Feliz 2006
XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E DEPORTE

Nº 1.204 ● Do 29 de decembro do 2005 ao 4 de xaneiro do 2006 ● Ano XXVIII

Galiza párase para ver xogar a selección galega de fútbol

O día máis grande de San Lázaro

CÉSAR LORENZO GIL

Xeracións enteiras quedaron coas ganas de poderen ler un titular que falase da selección galega de fútbol. Tras máis de 60 anos sen ver as cores galegas por xunto, San Lázaro vive o 29 de decembro o seu día máis grande, cun espectacular cheo para o Galiza-Uruguai.



A selección galega adestrou en San Lázaro o 28 de decembro. OTTO / AGN

Tras varios meses de preparación e moitos atrancos por superar, Galiza conseguirá vestir de curto por fin diante do Uruguai. A última semana foi a máis activa, o que dá mostra de certo grao de improvisación e de *novatada* nesta primeira convocatoria, que contou con moitos apoios (algúns deles inesperados e oportunistas) mais tamén con cambadelas que puxeron en risco a calidade e importancia deste partido.

O principal atranco na convocatoria galega foi a actual lexislación deportiva, que lles permite aos clubs vetaren a presenza dos seus futbolistas en partidos de carácter amigábel. Por este motivo, o combinado galego perde catro xogadores, e iso grazas ás xestións de Míchel Salgado, que logrou coa súa teima persoal visa para xogar con Galiza, xestión da que se beneficiou o tamén madridista Diego López.

O Real Madrid era reacio a deixar vir os galegos. Florentino Pérez deixou nas mans do seu segundo, Emilio Butragueño, o peso dunha decisión máis política e comercial ca deportiva. So a escusa de que Míchel Salgado podería lesionarse, o vicepresidente quería garantir, en troques, que o das Neves xogase o partido amigábel do I Memorial Jesús Gil diante do Atlético de Madrid o 30 de decembro –un partido que conta con gran presión mediática xa que será o primeiro que transmita a nova canle do grupo Prisa, *Cuatro*.

As lesións tamén doeron na convocatoria galega. Máikel (Tenerife), Iván Carril (Deportivo) e Oubiña (Celta) –este xa só horas antes do encontro– frustraron o seu desexo de vestiren a camisa branquiazul.

Todos estes contratempos fixeron que a inicial convocatoria de 30 xogadores acabase reducida a 26. Para completar o cadro, os seleccionadores, Fernando Vázquez e Arsenio Iglesias, tiveron que recorrer ao porteiro do Spórting de Gijón Roberto –o único gardameta que é titular no seu equipo dos convocados– e o dianteiro do Salamanca Deus. Este xogador criouse na canteira do Deportivo e destacou coa selección española sub-20, coa que chegou a disputar un mundial xuvenil. Ten moita experiencia no fútbol profesional, xa que xogou en varios equipos de primeira e segunda división.

Cheo absoluto

San Lázaro vivirá, polo tanto, o seu día máis grande. As 12.100 localidades postas á venda esgotáronse case unha semana antes do encontro e estabelecementos deportivos de toda Galiza esgotaron as partidas de camisolas e restante material deportivo da selección. Os medios galegos danlle especial atención ao partido, caso da Televisión de Galiza, que amais de transmitir o choque en directo, emite desde as 19.30 horas un documental sobre a historia da selección que cómpre ver e gravar.

Os xogadores da selección visitarán a praza do Obradoiro horas antes do partido para realizaren as fotos oficiais que inmortalicen este choque. Antes do partido, dous combinados de veteranos, un do norte e outro do sur, quecerán o céspede de San Lázaro. Despois do encontro haberá unha cea de homenaxe a todos os que loitaron pola selección.

O Málaga, inimigo

Solventado o problema co Madrid, non houbo tanta sorte á hora de convencer o Málaga de que cedese a Paulo Couñago e a Diego Castro. O equipo andaluz pechouse en banda e non explicou con argumentos sólidos unha decisión incomprensíbel para os afeccionados galegos e que non debería saírlle debalde a un club que demostrou querer converterse en inimigo de Galiza. A pesar de que os dous xogadores galegos son ultimamente titulares no equipo que dirixe Antonio Tapia, a directiva ocultou até última hora que non puidesen viaxar e non deu ningunha información sobre as razóns reais da negativa.

Motivo xustificado teñen o Glasgow Rangers escocés e o Ipswich Town inglés para negar a participación de Nacho Novo e Sito, respectivamente. Ambos os equipos teñen xornada ligueira o 31 de decembro e nese caso si é comprensíbel que a viaxe a Santiago dous días antes atrapalle a súa preparación. ♦

Festa dos Seareiros

O colectivo *Seareiros Galegos* converterá o Galiza-Uruguai nunha festa. Ás 18.30 h está convocada unha "manifestación nacional" que sairá das Pratarías con destino a San Lázaro e que celebra, con carácter reivindicativo e lúdico o rexurdimento da selección. Xa no estadio, os membros de *Seareiros* ocuparán o Fondo Sur e preparan un mosaico especial que converta nunha festa a chegada do equipo galego. Ao tempo, para os que non puideron adquirir a súa entrada, habilitouse unha carpa á beira do estadio cunha pantalla xigante que retransmitirá o encontro.

Xa ao remate dos noventa minutos, a festa continúa con música galega. *Os Tres Trebóns*, *Skarnio*, *Mencer Vermello* e *Dandy Fever* actuarán até altas horas da madrugada para que a ninguén se lle esqueza esta data. Durante a festa o colectivo homenaxeará a Nacho, ex futbolista do Compostela que se fixo famoso só por dicir que prefería xogar con Galiza que con España. ♦

Uruguay sen carisma

Se Galiza tivo inmensas dificultades para formar o equipo que Vázquez e Iglesias querían, Gustavo Ferrín tampouco tivo sorte á hora de preparar o encontro. A Federación Uruguaia de Fútbol enfróntase a unha sanción por parte da Xunta por non conseguir o concurso de Diego Forlán e Álvaro Recoba, que estarán ausentes en San Lázaro. Ao peche desta edición estaban se confirmar a chegada a Galiza de Gustavo Varela e Darío Rodríguez (Schalke 04) e de Pablo García e Carlos Diogo (R. Madrid), dúbidas até ultimísima hora.

Dos que xa están seguros, destacan o porteiro Carini (Cagliari), Salgueiro (Danubio) –galego por parte de pai–, Sarkissian (Nancy), Carlos Valdez (Treviso), Javier Delgado (Saturn da Rexión de Moscova) e Gonzalo Vargas (Defensor Spórting), que foi máximo goleador do último campionato arxentino co Gimnasia y Esgrima de La Plata. ♦

MAIS QUE FÚTBOL (e 2)

Outras alternativas

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

Falabamos o outro día da selección galega de futbol como referente de recuperación identitaria da nosa condición de deportistas de alguns, antes borrada de calquera consideración. Agora convén dicir que hai outras alternativas dentro do deporte galego, tantas ou máis das que se coñecen, alén das consideradas mediáticas ou de oportunismo. Cómpre saber: que no atletismo (Galiza sempre foi corredora de fondo, de resistencia e monólogos coas soidades) alcanzamos as elites: Xulia Vaquero, Estela Estévez, Mª Xesús Xestido, Carlos Pérez, Xabier Álvarez Salgado, Estanislao Durán, Barragáns, Francisco Mallo... No baloncesto fica na memoria a elegancia e as citas internacionais de Ánxeles Liboreiro. No mundo do mar antigo, as traíñas de Tirán e de Meira (Moaña); as palistas de arestora na canguesa Teresa Portela; e Carlos Pérez e David Cal. En terra, o mundo emerxente do balonmán e o volei, o fútbol sala, o cilclismo (xa en transo dun equipo de éxitos polas carreiras de prestixio, coma o Tour, O Giro, La Vuelta, A Volta, etc, liderados por Marcos Serrano, Óscar Pereiro, Álvaro Pino...). E unha longa fileira de deportes de noso, tan do patrimonio inmaterial galego-portugués (na convocatoria vindeira haberá que entregarlle catálogo dos xogos á Unesco) que son merecentes de viviren outras xeracións de orgullo e optimismo, falo da chave, da billarda... Temos que considerar moito maís alá do 29 de decembro en San Lázaro, moito máis. Sería un soño ben cativo e ocasional. E deixo para o remate desta lideira coa esperanza deportiva o noso balonmán, que en Galiza xoga en Asobal, dez anos sen descenso, aínda: "a mellor liga do mundo" seica, a máis competitiva. E aquí neste ámbito é onde tivemos até hai ben pouco tempo catro equipos nesta competición, tamén nas europeas, que levan os nosos nomes polos territorios da elite. O balonmán galego sempre era, cando non é o ninguneo, a última palabra de peche nos telexornais deportivos, nas crónicas dos medios, que apenas reseñaban os resultados, a marxinación. E debemos saber que por aquí pasaban catro veces no ano Barcelona, San Antonio, Ademar de León, Valladolid, Ciudad Real, Cantabria, Bidasoa, Granollers..., queiras ou non: Galiza en Pontevedra, Vigo, Chapela e Cangas (arestora o único supervivente na "división maior"). Reclamo para este deporte todas as axudas (mediáticas e institucionais) para alcanzarmos o retorno dos catro lugares símbolo de canteira e seareiros recoñecidos ao compromiso coorgullo colectivo: O Morrazo, O Lérez, Vigo-O Rosal, Chapela, Redondela, Lalín..., que foron, son, berce de soños, moito antes de pronunciarmos "selección galega xa" dende os púlpitos do futbol. Que tamén, pero non só. Hai outros, e máis altos, optimismos. ♦

> **'R**eclamo para o balonmán todas as axudas para alcanzarmos o retorno dos catro lugares símbolo da canteira"

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR é autor da novela de fútbol *Lume de biqueira*.

Homenaxe a Xulio L. Valcárcel

O Padroado da Cultura Galega de Montevideo homenaxeou ao poeta Xulio L. Valcárcel o pasado 28 de decembro no día da Poesía Galega, data que instituíu a propia institución para destacar o labor dun poeta galego vivo. O acto de celebración, no que estivo presente o autor, consistiu nunha conferencia sobre a vida e a obra poeta, a cargo do escritor Xosé María Monterroso, e dun recital no que os alumnos do obradoiro de declamación do padroado fixeron lectura dunha escolma de poemas do propio poeta.♦

Marica Campo premio *Arume*

A escritora Marica Campo vén de facerse co III Premio Arume de poesía para nenos que concede a Fundación Neira Vilas pola obra *Abracadabra*. O xurado escolleu, entre os vinte e cinco orixinais presentados ,esta obra na que a escritora introduce personaxes da literatura clásica universal. A entrega do premio terá lugar o vindeiro 8 de xaneiro na sede da fundación nun acto no que se celebrará un recital a cargo dos nenos e no que actuarán Mini e Mero. A obra gañadora será publicada por Edicións do Castro.♦

Ramón Loureiro gaña o *Letras de Bretaña*

O Premio Letras de Bretaña que outorga anualmente o Real Coro Toxos e Froles recaeu na súa segunda edición no escritor Ramón Loureiro. O xurado do premio, que distingue o compromiso do autor coa defensa da Galiza do norte, estivo integrado polo alcalde de Mondoñedo Luís Rego, o concelleiro de cultura de Ferrol, Xosé Manuel Couce Freguela, o presidente do Real Coro Pedro Sanz, a poeta Elia Rico e o vicario xeral da diócese mindoniense Félix Villares. O galardón xa recaera en Darío Xohán Cabana.♦

NEIRA VILAS E A DIGNIFICACIÓN DA ALDEA



XAN CARBALLA

Cultura
A NOSA TERRA
Nº 1.204
Do 29 de decembro do 2005
ao 4 de xaneiro do 2006
Ano XXVIII

Xerais outorgará no 2006 un novo galardón literario, o Premio Fundación Caixa Galicia de literatura xuvenil, que pretende responder á consolidación dun modelo de literatura en constante evolución na última década e ao que a editorial viguesa lle deu ampla cobertura –especialmente coa súa colección 'Fóra de xogo'. O galardón consta de 7.500 euros e súmase ao Premio Merlín e máis ao *Xerais* de novela. A data límite para a entrega de orixinais é o 7 de abril do 2006. E dun premio a unha homenaxe. O pasado 29 de decembro, o Consello da Cultura honrou a memoria de Antonio Fraguas, que fora unha das máis grandes figuras da cultura galega do século XX. E seguimos camiño cara ao pasado, máis ben correndo. Vigo converterá a salgadeira romana atopada durante unha escavación nun museo ao aire libre que servirá para reivindicar o pasado latino da cidade.♦

Cultura

Memorias dun neno labrego cumpre 45 anos e pronto pode estar nos cines

O libro de Neira Vilas leva vendidos máis de 350.000 exemplares

XAN CARBALLA

O 5 de xaneiro de 1961 editábase en Bos Aires *Memorias dun neno labrego*. Neira Vilas escribiuno aos poucos, entre a casa e a mesa dun bar da capital arxentina. A primeira edición vendeuse prácticamente toda na emigración , pero desque en 1968 Edicións do Castro o publicou en Galicia acumula, só en galego, vintecatro edicións e máis de 350.000 exemplares vendidos.

Xosé Neira Vilas e algunhas das capas das traducións de *Memorias dun neno labrego*. XAN CARBALLA

Sentado na biblioteca da fermosa sede da fundación que leva o seu nome en Gres (Vila de Cruces), Xosé Neira Vilas debulla lembranzas sobre o seu máis famoso libro que a semana próxima cumpre 45 anos de existencia. "Eu só publicara un libro de poemas, *Dende lonxe*, e levaba un tempo a escribir este libro que desde o principio estaba concebido como un relato memorial, onde todo é ficción, pero que nace dunha experiencia de neno labrego que coñecin directamente. O primeiro lector que tivo foi un camareiro ourensán que miraba por riba do meu ombreiro nun daqueles grandes bares de Buenos Aires, onde escribín moitas das páxinas. Daquela traballaba nunha empresa de importación de madeiras e cando rematei o libro deillo a ler a Anisia, a Rafael Dieste e a Luís Seoane que me animaron moito a publicalo".

Seoane ofreceuse decontado a ilustralo, Dieste gabou o ben que reflexaba a psicoloxía do adolescente galego do rural e a editorial encargada foi *Follas Novas*, un selo que era tamén distribuidora de libros galegos na emigración. "Axiña lle mandamos uns 200 exemplares a Paco del Riego, que foi toda a distribución que tivo na Galiza. A edición esgotouse e así até 1968".

Houbo un intento de publicalo anterior ao de Díaz Pardo, en Edicións do Castro. Encabeceuno Arturo Reguera, que pediunos permiso para que fose o libro inaugural dunha editorial, Rúa Nova, que non chegou a nacer."Como Isaac xa prepara unhas ilustracións para esa edición, foron as que serviron para a primeira de 1968 no Castro".

Daquela foron ilustradores de prestixio (Seoane, Díaz Pardo) os que foron deixando a súa pegada nas diferentes impresións de *Memorias dun neno labrego*, pero entre outros que poderían servir para unha exposición están os debuxos da edición catalana de Alfonso Costa ou os realizados para a cubana por Xosé Luis Posada, fillo dun artilleiro republicano exiliado na illa, na que Neira Vilas viviu máis de trinta anos.

Unha visión diferente

"A miña idea era facer a contracara da imaxe de libros como *Aturuxo* de Roxelio Rivero, nos que o labrego era obxecto de bulra, pero ao tempo se amosaba inxenuo e feliz. Quería contar a situación dos anos 40, a partir da miña experiencia, aínda que non é unha obra autobiográfica. O que tiro moito da experiencia miña é o ámbito xeográfico e social, as relacións de pais e fillos, coa Igrexa, os traballos ou os xogos. Son costumes que son extensíbeis a toda Galiza. Esa teima contra o retrato falso da vida campesiña sempre a tiven, e noutros libros reflexeino como en *Xente no rodicio*".

Para Neira o éxito de *Memorias* pode vir de que nese realismo directo se recoñeceu moita xente, "fun o primeiro sorprendido do éxito, porque contra o que alguén poda pensar, non é un libro pensado para a xuventude, senón para adultos cun protagonista que é rapaz. Quizais situou a moita xente naqueles tempos do pan de broa, da luz de gas, na que se comezaba a traballar aos 6 anos levando o gando ao monte... A crítica en Arxentina foi boa, non só dos medios galegos que daquela funcionaban, como a emisión radial de *Galicia emigrante*"

En seis meses a edición de *Follas Novas*, que chegou ás comunidades emigradas de México, Uruguai ou Venezuela, esgotouse. A editora-distribuidora tiña a representación de Galaxia para América e tiña unha vitrina na que se renovaban as novidades en diferentes sociedades de emigrantes de Bos Aires, "mercábanse e líanse libros. Del Riego chegoume a dicir que se pedíamos tanto ían ter que tirar licencia de exportación. Cando marchei para Cuba, a mediados dese ano 1961, *Follas Novas* seguiu mantendo a súa actividade, quedando Elsa Fernández ao cargo. Pero aos poucos anos ela morreu, moi nova, e o proxecto esmoreceu".

Hai que sinalar que a actividade editorial na emigración era enorme, pero que a ditadura impedía a circulación deses libros no Estado español. Nese sentido, *Memorias* é tamén un libro do exilio, que conseguiu traspasar o telón censor da Ditadura, "o antes citado Arturo Reguera e máis Xesús Alonso Montero, foron dos que máis empeño puxeron en que saise *Memorias*, e de feito este último prologouno en varias ocasións"

Cine, traducións e outros ensaios

Desde hai varios anos barállase a posibilidade de levar *Memorias* ao cine. O guión e o proxecto é de Ismael González, e podería froitificar na próxima primavera. González xa foi o guionista e director dun documental estreado en 2002. Anteriormente foron realizadas diversas incursións audiovisuais na obra senlleira de Neira, unha feita en 1986 por Vítor Freixanes para o seu programa *A trabe de ouro* e outra dous capítulos filmados por unha televisión italiana, que non se emitiron nunca en Galiza e que o propio escritor descoñece.

Capítulos de *Memorias*, foron dramatizados e a súa presenza nas escolas como libro de lectura é continua nas últimas décadas. Foi sometida a estudos e ensaios, o máis recente deles o da profesora Corinne Son en Edicións do Castro. Polo demais segue a ser unha das obras galegas contemporáneas que máis interese despertou para ser traducida a outras linguas. Ás diversas edicións en castellano, en versión do propio Neira Vilas e publicadas por Akal e Júcar, hai que engadir a de Jan-chen-jao ao chinés, Oleg Strovski ao ruso, Miloslav Pluhar ao checo, Viale Moutinho ao portugués, Dimítir Anguelov ao búlgaro, Gudrun Hohl ao alemán, Andrés Urrutia Badiola ao euskera, Marc Ferrer ao catalán, Xandru Fernández ao asturiano, Corinne Son ao francés ou a máis recente, a de Camilo Ogando ao inglés co título de "Memoirs of a peasant boy". Tamén hai capítulos versionados ao ucraniano e a ONCE editou unha versión en braille. A 24º edición do libro dá conta de todo este caudal de materiais que beben da obra de Neira, desde traballos universitarios a textos didácticos e innumerabeis artigos.

Neira Vilas seguiu escribindo libros durante todos estes anos, ten enriba da súa mesa proxectos tamén de ficción, aínda que parte da súa tarea está enfocada á prensa, onde é habitual a súa firma. Orgulloso deste fillo primeiro, di que botou contas dos libros de *Memorias* vendidos até fins de 1998, e saíanlle 312.000. Sumando as edicións posteriores seguro que superou os 350.000, uns datos que falan da identificación do público e o escritor.♦

Militancia entusiasmada no galego

"Escribín *Memorias* en galego primeiro porque é a miña lingua materna, a miña lingua *natural*. O castellano comecei a usalo, con dificultades, aos sete anos, na escola, pero na miña casa, nos xogos, cos veciños, só existía o galego. Entendíamos, si, que o cura, un garda civil, un funcionario municipal, un señor de clase alta que chegase da cidade, falasen castelán. Para nós era lingua de ricos, de xente letrada, de certos forasteiros, de burócratas. Ás veces, era mesmo de mal agoiro se se escoitaba na aldea porque podía significar que ían executar un embargo a alguén, ou ían detelo, ou reclamarlle algunha contribución.

"Pero nos meus anos de Bos Aires tomo conciencia da significación histórica e cultural da miña lingua materna. Era algo máis ca un medio elemental de comunicación entre labregos, xornaleiros, mendigos, xente pobre e marxinada. E asumo a cultura galega e a historia de Galiza cun fervor que convirto en militancia entusiasmada (...) O meu gran descubrimento foi que o idioma de traballar a terra, de andar polo monte pastando as vacas ou de ir ás feiras (con todo o respeito que estes usos merecen), fose tamén lingua de cultura, de pensamento, vehículo de ideas, de arte, de leis.

"Era o cordón umbilical que me unía á miña orixe, á miña raíz, o que me revelaba como persoa dun lugar, dun país, cunha tradición cultural. (...) Pero non só no literario, pois empecei a convencer aos meus seis irmáns e aos meus pais e até a un avó para que me escribisen en galego. E todos o fixeron. E meu pai descubriu o absurdo que era pensar e falar nunha lingua e, por rutina ou imposición, escribir noutra".♦

Cuestionario sobre *Memorias dun neno labrego* en *Xosé Neira Vilas y Memorias dun neno labrego* de CORINNE SON.

Fotomontaxe irreal

VÍTOR VAQUEIRO

Existe, non sei como dicelo, certo alporizamento –atepedado por seren os protagonistas quen son– pola fotografía da familia real que, segundo descobreron mentes egrexias procedentes do territorio fotográfico, é unha fotomontaxe. Fotomontaxe política, compriría engadir, porque posúe xustamente tal intencionalidade: neste caso concreto, apresentarnos a familia real perfeitamente unida nun momento no que se acha desunida. Naturalmente acá o sorrateiro leitor entenderá, sen sombra de dúbida, que ao dicer desunida, non fago avaliación nengunha verbo do grau de desharmonía, desapego, desacordo ou desavenza que poida haber entre os monarcas, desavenzas que aliás xulgo inexistentes por seren as súas maxestades xentes de entidade notábel e afastadas, por tanto, das retesías que tanto nos preocupan aos humanos, que arrastamos as nosas vidas corriqueiras segundo mellor entendemos e, mesmo cando cómpre, ladramos o noso rancor polas esquinas, como dixo o filósofo. Polo tanto debo pontualizar que ao empregar o termo *desunida*, refírome ao feito de se acharen os diferentes membros da realeza en distintos pontos da *pell de brau* da que con tanta precisión falara Espriu.

Mais, voltando ao tema que nos ocupa, deberiamonos afacer á aceitarmos a lei de que, sinaladamente nos territorios técnicos cando unha cousa é susceptíbel de se facer, remata por facerse, enunciado que resulta unha pequena variación da coñecida lei de Murphy. E nen os reis poderán escudir esta norma, de tal maneira que, como aconteceu no caso que nos ocupa, un día comprirá botar man dunha imaxe antiga porque a raíña se atopa en Samarcanda en canto o soberano esquía nalgún cume insondábel pirenaico, pois nos días de hoxe Adobe Photoshop móstrase aos nosos ollos como unha ferramenta útil e utilizábel.

Porque, para falarmos con propriedade, unha fotografía representa o que representa, segundo ensina Barthes, e o problema, máis ben, áchase naqueles que acreditan, teimudamente, no estatuto de verosimilitude da fotografía. E o día chegará no que unha foto goze de semellante credibilidade da que goza o *Gernika* de Picasso, *Vigo traballa* de Manolo Moldes, *O home sen cualidades*, de Musil ou outra calquera produción destas características.

Imaxino hoxe a Joan Fontcuberta unha persoa feliz nestes días malvados. Como eu o son agora. Porque xa nen os reis fican a salvo.♦

Lois Tobio, Xosé Filgueira Valverde e Manuel Lugrís Freire.

Cabodanos para o 2006

A Academia e Lois Tobío, entre outros, chegan ao centenario

CÉSAR LORENZO GIL

Cada ano, a axenda cultural vén marcada tamén polo pasado. Os cabodanos son escusas perfectas para celebrar efemérides relacionadas con institucións e tamén motivos estupendos para nos achegar á obra de artistas que, talvez doutro xeito, quedarían esquecidos.

O centenario máis destacado do 2006 é o do nacemento de Lois Tobío. O diplomático e escritor viveirense é unha das figuras senlleiras da Galiza do século XX. Formou parte do Partido Galeguista durante a II República e participou na fundación do Seminario de Estudos Galegos. Como escritor, destacan as súas memorias, *As décadas de T. L.* (Ediciós do Castro). Ademais, foi un tradutor prolífico. Verteu ao galego poesía inglesa e francesa –recompilada por Galaxia–, os *Sonetos a Orfeu*, de Reiner Maria Rilke e *Nai Coraxe e máis os seus fillos*, de Bertolt Brecht. Tobío morreu no 2003 e desde entón a súa figura foi amplamente estudada e divulgada. Seguramente, o cabodano do seu nacemento é unha boa oportunidade para actualizar o seu testamento político e vital.

Outro gran talento da nosa cultura naceu hai cen anos. Xosé Filgueira Valverde tamén foi fundador do Seminario de Estudos Galegos, amais de académico, alcalde de Pontevedra (1959-1968) conselleiro de Cultura no primeiro Goberno, estudoso e autor de diversos xéneros, caso de *Seis cantigas de mar "in modo antico"* (1941), un dos primeiros volumes escritos en galego após a Guerra do 36.

Cen anos tamén pasaron desde a morte de Valentín Lamas Carvajal. O ourensán é figura clave no Rexurdimento, creador d'*O Catecismo do labrego* e d'*O Tío Marcos da Portela*, primeira mostra de xornalismo en lingua propia cun ton moderno. Tamén destacou como poeta e activista cultural e social nun momento convulso e de moitos cambios para Galiza.

Menos coñecido é Augusto María Casas, poeta da Xeración do 1922, amigo e admirador de Luís Amado Carballo e autor d'*O vento segrel* e *Alén* –obra moi aplaudida pola crítica dos anos 60. O ourensán faría 100 anos de estar vivo. Cen anos hai que morreu Aureliano Xosé Pereira, xornalista e poeta lucense que participou en moitas revistas da segunda metade do século XIX a pesar de non poder estudar. Adscrito ao ideario federal-rexionalista foi un dos promotores dun Consello Executivo da Rexión Galega que non chegou a fraguar e que pretendía crear un Proxecto de Constitución do Estado Galego.

Institucións centenarias

A Coruña vai ter un ano de celebracións en moitos ámbitos. A Real Academia Galega (RAG) chega aos cen anos e a institución prevé conmemorar o acontecemento ao grande, xustamente para o 30 de setembro, data na que Manuel Murguía foi escollido o seu primeiro presidente. A RAG adicaralle o 2006 a Manuel Lugrís Freire co gallo do 'Día das Letras'.

Na cidade hai cen anos tamén se fundaba o Deportivo da Coruña, que aínda non revelou os detalles do seu aniversario. E por se fai falta con que brindar, Estrella de Galicia cumpre o seu primeiro centenario brindando con cervexa.♦

XERAIS GRANDES OBRAS



Carrilanos
Os túneles dun tempo
Rafael Cid

Inclúe a película *Carrilanos*

Este libro e DVD reconstrúe a historia interminable da construción do ferrocarril Puebla de Sanabria-Ourense durante case medio século. Un libro documento que recupera a memoria esquecida dos carrilanos, daquela heroicos homes da vía, protagonistas dunha odisea humana e técnica da que eles non eran conscientes e os demais descoñeciamos.

XERAIS
xerais@xerais.es • http://www.xerais.es

Cultura

NARRATIVA

Libros para agasallar en Reis

As traducións e os libros de conversas amplían a oferta tradicional

Toca aconsellar libros para reis. Empezaremos polas lecturas para os máis pequenos, en concreto pola familia dos Bolechas (A Nosa Terra), moi diversificada e sempre coa impronta de calidade que Pepe Carreiro deixa nos seus traballos. Así mesmo, Kalandraka fornece un amplo catálogo no que non será doado que os pequenos non achen títulos do seu gusto, en calquera dos múltiples formatos desta prestixiosa editora. A recén nada OQO achega tamén nas súas coleccións (de 3 a 7 anos, de 8 a 12 e de 12 en diante) títulos de moita calidade, que gustarán non só aos cativos senón tamén aos adultos. E Xerais ofrécenos a maleta Andavía, que contén 15 contos de mellores autores e ilustradores do momento, e será unha das estrelas deste Nadal.

Xa para idades máis avanzadas, eis outros dous títulos de Xerais tamén: *Unha branca de cobre para Martiño*, a divertida aventura coa que Ramón Carredano obtivo o premio Merlín deste ano; e *Rúa Carbón*, novela na que Marilar Aleixandre enfronta os mozos e mozas á necesidade de tomar postura arredor dun tema tan incómodo como a ETA.

Para adultos, *Fonte de Esperante* (Xerais) é un título moi aconsellábel para quen guste da narrativa curta, e Xosé Manuel Marcos un autor en plena proxección. Outro autor que tamén se manexa moi ben na distancia curta é Antón Riveiro Coello, que retorna á actualidade editorial con *Casas Baratas*.

Para aqueles a quen apaixone a narrativa breve e hiperbreve, Luís Fernández ofrécenos, en Galaxia, a tradución (este é o segundo volume) *Un artista da fame*, que recolle boa parte dos títulos máis celebrados de Franz Kafka. E Xabier Rodríguez Baixeras, para a mesma colección Clásicos Universais de Galaxia, puxo en galego *O Gatopardo* de Giuseppe Tomasi de Lampedusa. En Sotelo Blanco Mercedes Pacheco fixo outro tanto con *Manhattan Transfer*, de John Dos Passos, unha das novelas máis importantes do século XX. E, traducida por María Magdalena Fernández, Xerais publica na colección Fóra de Xogo outro título de referencia, o *Farenheit 451* de Ray Bradbury, co que pechamos o apartado das traducións.

En canto á novela, o irreverente Anxo Rei Ballesteros esperta, cun contar natural e sinxelo, conciencias e sensibilidades no seu regreso con *Non sei cando nos veremos*. No *Cabaret Voltaire*, o tamén irreverente e polémista Jaureguízar novela a procura da identidade, foi premiada co García Barros na última dición. De querérense extensións máis longas, Luís Rei Núñez proponnos unha historia ao longo de cinco décadas en *Toda a vida* (Xerais); e Teresa Moure, en *Herba moura* (Xerais), achega unha historia de mulleres con personalidades fortes que desafiaron o seu tempo. A mesma Teresa Moure é autora de *A palabra das fillas de Eva*, mistura de narración e ensaio que ningunha muller debería deixar de ler (e aos homes tampouco ha de lles prestar pouco). A colección As letras das mulleres (Sotelo Blanco) fornece títulos imprescindíbeis na escrita do universo feminino.

Xosé Luís Méndez Ferrín, Suso de Toro e Jaureguizar.

Para a cada día máis numerosa confraría de devotos da frescura e axilidade dos blogs internéticos, ou simplemente da fórmula diarial, son títulos imprescindíbeis a *Melodía de días usados* (Galaxia) e *Anxos de garda* (A Nosa Terra) de Anxos Sumai.

A medio camiño entre a narrativa e o ensaio, o exitoso formato da crónica déixanos títulos de interese, tales como *O corsario (vida en tempos de Juan Gago de Mendoza)*, corso do sur das rías galegas de Alberto Fortes; ou *Follas do bacallau*, a vida a bordo dos bacallaeiros relatada desde dentro por Xabier Paz, ou as *Conversas con Suso de Toro*, home que non renega da polémica e que, nun formato novidoso, repasa o que foi/é na súa vida o encontro coa literatura, e coa historia; e palabras maiores son as *Conversas con Méndez Ferrín* de Xosé del Caño, o noso candidato ao Nobel; como teñen tamén moito interese as *Conversas con Bernardino Graña*, poeta grande onde os haxa e unha voz imprescindíbel na historia de Galiza e da súa literatura; e para os amantes da música pop *Viva o fu remol*, onde Pedro Feixoo Barreiro (baixo de Lamatumbá) relata con alto índice de paixón, e coñecemento desde dentro, a historia da música pop desde os anos oitenta. Todos estes títulos foron editados por Xerais. En Galaxia, dous títulos de moito interese recollen a Obra xornalística de Carlos Casares, evolucionarios íntimos, líricos e sociais, un tipo de crónica moi á brasileira que tampouco deixa de ser nosa.

Aqueles a quen atraia o libro obxecto, con moi coidadas ilustracións e un acabado editorial de altura, *Couto Mixto* é unha preciosa reportaxe sobre este territorio esquecido, xuntando a escrita áxil e autorizada (un dos meirandes coñecedores deste tema) de Luís García Mañá e o ollo fotográfico de Xurxo Lobato; *Mellor fora decila que pintala...*, xunta textos de Cunqueiro sobre lugares e xentes do Merlín (50 anos celebramos da inmorrente obra do de Mondoñedo) ás preciosas ilustracións de Fausto Isorna. Está en Galaxia, que tamén publica, coa Fundación Otero Pedrayo, a fotobiografía de Agustín Sixto Seco Memoria dos amigos.

No eido dramático non cabe dúbida que o título de actualidade é *O heroe*, de Manuel Rivas, unha historia con ese lirismo un tanto decadente, de perdedor, desesperado e apaixonado, tan de Rivas, e o trasfondo da guerra civil do 36.

No cómic non falten á cita coas aventuras dos Barbanzóns de Pepe Carreiro, este nadal en *A noite de Samaín*, que edita Toxosoutos.

E na poesía, este foi un ano de singular atractivo. Ás voces novas de Brais González (*Sangre sobre silenzo*, edición do autor) e Alicia Fernández (*Botar o mar polos ollos*, Tema) únese o verso, libre, contemplativo e gozoso de Elvira Ribeiro en *Arxilosa* (Hipocampo amigo). Asistimos tamén á publicación dun proxecto poético descomunal que reuniu Xosé Lois García en *Kalendas* (Xerais). E Méndez Ferrín retornou para nos agasallar coa "poesía perdida" en *Era na selva de Esm*. Non queremos rematar sen recomendar a poesía contundente de X. Antón Dobao en *Materia*, e a preciosa edición, neste caso dun clásico, que *A Nosa Terra* fixo das elexías (entre 1959 e 2002) de Salvador García Bodaño en *Elexías*.♦

XOSÉ M. EYRÉ

TABELA DAS LETRAS

FICCIÓN

1. HERBA MOURA.
Teresa Moure.
Xerais.

2. O HEROE.
Manuel Rivas.
Xerais.

3. UNHA CITA CO AIRE.
Francisco X. Fernández Naval.
Galaxia.

4. CASAS BARATAS.
Antón Riveiro Coello.
Galaxia.

5. TRES TREBÓNS.
Xurxo Souto.
Xerais.

NON FICCIÓN

1. O REI ARTUR.
Xoán Bernárdez Vilar.
Galaxia.

2. CONVERSAS CON XOSÉ LUÍS MÉNDEZ FERRÍN.
Xosé Manuel del Caño.
Xerais.

3. DICIONARIO CASTELÁN-GALEGO.
Varios Autores.
RAG / Fundación Barrié.

4. O REINO MEDIEVAL DE GALICIA.
Anselmo López Carreira.
A Nosa Terra.

5. GUÍA MICOLÓXICA DOS ECOSISTEMAS GALEGOS.
Varios Autores.
Baía.

LIBRARÍAS CONSULTADAS: ***Cartabón*** **(Vigo).** ***Couceiro*** **(A Coruña).** ***Michelena*** **(Pontevedra).** ***Pedreira*** **(Santiago).** ***Souto*** **(Lugo).** ***Torga*** **(Ourense),** ***Central Libreira - Dolores 2.*** **(Ferrol)**

CONTA DE LIBROS

Artesanía

A olería da Terra Chá. As formas e a cultura da olería tradicional, de Luciano García Alén, é unha obra de gran formato e de vocación enciclopédica. Os materiais, os deseños, os usos e historia desta artesanía reciben unha dedicación estrita para que o lector desfrute recordando os tempos nos que a olería protagonizaba a vida galega. Edita Ir Indo.♦

Coñecer Galiza

A Deputación de Pontevedra publica dous novos libros que nos aproximan a paraxes próximas que merecen ser visitadas. *Muíños de río nas terras de Pontevedra*, de Ramiro Barros, conta o funcionamento destes enxeños e os lugares onde se sitúan. *O mosteiro de Aciveiro*, de Antonio Rodríguez Fraiz, lévanos ao mítico edificio da Terra de Montes.♦



País ignoto

A existencia dun territorio case mítico e tan perto de nós acende a curiosidade dos viaxeiros. *Couto Mixto. Unha república esquecida*, con textos de Luís Manuel García Mañá e fotografías de Xurxo Lobato, pescuda na historia, xeografía, costumes e personaxes dun país ignoto do que galegos e portugueses apenas coñecen nada. Edita Xerais.♦

Historia de Forcarei

Francisco Rozados "Rochi" achégase en *Forcarei. Historia fotográfica do século XX* á Terra de Montes. A base de fotografías das últimas décadas e traballos de Xosé Luís Barreiro, Carme Hermida, o propio Rozados, Manuel Cabada, Xosé Raposeiras, Manuel Reboredo, Rivas Troitiño e Buenaventura Aparicio explícasenos a historia da vila. Edita a Deputación de Pontevedra.♦

Cultura

O CORDEL

Terra e Tempo

Nº 135. Xullo-setembro 05. 4,50 euros.
Dirección: Xoán Carlos Garrido.
Edita: Fundación Bautista Álvarez.

Manuel Mera e María Guerreiro entrevistan a Adrián Sotelo, sociólogo mexicano. Xosé Díaz analiza o sistema de financiamento autonómico. César Caramés analiza os mitos españois na construción da historia e o camiño alternativo das historias feitas desde Galiza. Recupérase un texto de Ramón Suárez Picallo sobre a illa de Chiloé (Chile), que recibira o nome de Nova Galicia durante a conquista española. O dossier deste número está adicado ás Irmandades da Fala, con traballos de Mª Pilar García Negro, Antón Vilar Ponte, Luís Porteiro Garea e Roberto Blanco Torres.♦

A Gadoupa

Nº 4. Novembro 05.
Edita: Grei.

Xabier Xardón unifica os destinos do Estatut catalán e o Estatuto galego. Segundo o autor, só se se aproba a reforma catalá, terá futuro a reforma galega. Iván Sestay recorda o xenocidio dos indíxenas da Tierra del Fuego. Darío Portela lembra os intres máis escuros da historia da Garda Civil. Xabier Xil e Ye Fernández entrevistan a Mariano Abalo, líder da FPG. Tamén se inclúen outros artigos de Xurxo Martínez e Anxo Bea.♦

Eixo Atlántico

Nº 8. 2005.

O tema deste número é unha aproximación á gobernanza na Eurorrexión Galiza-Norte de Portugal. Para desenvolver estes temas, escriben Argimiro Rojo, José António Palmeira, Xosé María Mahou, Mónica López, Constantino Cordal, Isabel Maria Estrada, Ramón Bouzas, Enrique Varela, Gonzalo Caballero, Miguel Anxo Bastos e Gabriel Mercado. Áreas como o bo goberno, as políticas de igualdade, o Estado das autonomías ou o clientelismo analízanse desde unha perspectiva científica.♦

NARRATIVA

Confesión sen pudor

Anxo A. Rei Ballesteros converte as súas fixacións en literatura de grande altura

Título: Non sei cando nos veremos.
Autor: Anxo A. Rei Ballesteros.
Edita: Galaxia.

Anxo A. Rei Ballesteros, o autor de Boqueixón, comezou a súa andaina literaria no 1977 coa novela *Dos anxos e dos mortos* publicada por Castrelos, despois Galaxia reeditaría anos máis tarde. Premiado co 'Pedrón de Ouro' polo conto, *Querido Brais*, publicado nun volume colectivo, o noso autor tamén fixo incursións teatrais como a peza *Xogos de damas* estreada pola compañía Malbarate, versioneou *A voz humana* de Jean Cocteau ou mesmo se atreveu a dirixir. En 1992 aparece a ambiciosa *Loaira* que foi merecente do 'Losada Diéguez'. Seis anos máis tarde publicaría o libro de relatos *A sombra dos teus soños* entrementres tamén sente querencia polo ensaio e Galaxia editoulle *Tempo e vinganza*, unha analise do *Hamlet* de William Shakespeare coa que obtivo o Premio Ramón Piñeiro 2002. Neste libro atopamos as claves, as fixacións do autor que aparecen tamén na súa nova novela, que coincide no título cun verso de Rosalía de Castro, *Non sei cando nos veremos*, pronunciado case ao finalizar a novela polo arxentino e bon amigo do protagonista, Salviati.

A novela é un acto de sinceridade, franqueza, desbotando o pudor, manexando unha linguaxe directa, irreverente pero equilibrada.



Anxo Rei Ballesteros. XAN CARBALLA

Non sei cando nos veremos semella ao principio unha novela erótica, non só pola temática tamén polo espazo adicado ao xénero, mais o certo é que nos atopamos ante unha novela de subxéneros (erótica, xeracional…). Estruturada en catro partes e en forma de autobiografía onde o Fernando Luaces, o protagonista, comeza a contarlle a súa autobiografía dende os catorce anos a un interlocutor mudo, a súa filla. A relación coa súa nai, os problemas nos que se está a mergullar que o converten nun esvaradizo fuxido que o leva de xeito inconsciente a buscarse a vida devalando esta en situacións incontrolábeis que o levan a formar parte da represión da Triple A Arxentina ou outra vez a fuxida a fume de carozo cara a Colombia para formar parte da trama da cocaína, até rematar no carcere de Alcalá-Meco que é o lugar onde se redacta a novela.

A novela de Anxo A. Rei Ballesteros é un acto de sinceridade, franqueza, desbotando o pudor, manexando unha linguaxe directa, irreverente pero equilibrada, coloquial agás polas reflexións que nos abeiran ao ensaio (torturador-torturado, dor, gobalización…) ou por esas acotacións explicativas sobre o idioma. *Non sei cando nos veremos* móstranos unha claridade narrativa que non descarta nin evita a complexidade na estrutura nin no expositivo onde o autor deixa aniñar as súas fixacións: erotismo, tempo, violencia, morte… en resumo contar o que se sente.♦

XOSÉ FREIRE

CONTA DE DISCOS

Negu Gorriak

Título: Negu Gorriak 1990-2001.
Grupo: Negu Gorriak.
Edita: Metak.

A discográfica Metak fai un repaso pola historia do mítico grupo vasco liderado por Fermín Muguruza, co lanzamento de Negu Gorriak 1990-2001. A edición, que consta de cd e dvd, recolle dende os seus primeiros videoclips e os diferentes traballos publicados anteriormente en VHS até os concertos de despedida en febreiro de 2001 no velódromo de Donostia e Baiona nos que reuniron máis de trinta mil persoas.♦

Abrindo paso

Título: En movement!
Grupo: Obrint pas.
Edita: Propaganda pel fet!

Outro grupo que escolleu o directo para o seu novo traballo foi a banda valenciana Obrint pas. *En movement!* recolle o multitudinario concerto que o grupo ofreceu o pasado mes de abril en Valencia. Cando se van cumprir trece anos do seu nacemento, a formación, que xa se ten convertido nun dos referentes valencianos no que a fusión de ska, hardcore e musica tradicional se refire, rodeouse no escenario de músicos como Al Tall, Fermín Muguruza, Feliu Ventura, Alex de Inadaptats ou Miquel Gil para ofrecerlle aos seus fieis este novo cd, que vén, ademais, acompañado de dvd.♦

Metal galego

Título: The blind carpenter.
Grupo: Talesien.
Edita: Falcatruada.

Despois de acompañar nas súas xiras a grupos como Easy Riders, Avalancha ou Los Suaves, os galegos Talesien dan un paso máis na súa traxectoria coa publicación do seu primeiro disco *The blind carpenter*, co que queren consolidar a súa presenza dentro do panorama metal nacional. Coproducido polo grupo e Xosé Martínez *Bonham* (ex Deluxe) e masterizado por Alberto Rionda (Avalanch), o traballo conta coas colaboracións de Pedro Valero (guitarrista de Luar na lubre), os solos de guitarra dos temas de Fernando Calvo (Los Suaves), a batería de *Bonham* e a voz de Liliana Franco.♦

Cultura

TELEVISIÓN

Pucho Boedo ten lugar na Televisión de Galicia

Non son certamente moitos os sinais de que algo ten cambiado na programación e nos contidos da TVG, logo da chegada á Xunta de Galicia dun goberno con maioría parlamentar do PSOE e do BNG.

Unha alteración salientábel na grella de programas veu dada pola emisión de *Galicia documental* nunha hora tan certeira como é a que segue á primeira edición do telexornal do domingo. Unha rápida decisión do novo director da TVG, na que pesou de seguro o aforro de custes, mais que en todo caso foi unha extraordinaria nova. Sobor de todo se pensamos que a televisión pública galega inventara, para maior gloria de Xesús Pérez Varela e os seus eternos asesores en audivisual, unha sorte de emisión clandestina e de madrugada que chegaba a afectar vergonzantemente ao mesmísimo Día das Letras. Tal política, xustificativa da estratexia de subvencións encubertas na que se recreaban os antigos rectores políticos da TVG, tomaba dous vieiros ben distintos: programar fóra de horas produtos improgramábeis en canto calidade (mais subsidiados) ou emitir, coa indisimulábel intención de que non se viran, creacións audiovisuais non coincidentes co discurso oficial, tanto do PP, como da anterior dirección da TVG.

> Que nunha sobremesa tan familiar como a do día de Nadal entre nas casas un documental como *Pucho Boedo. Un 'crooner' na fin do mundo* non deixa de ser unha visualización do cambio.

Que nunha sobremesa tan familiar como a do día de Nadal entre nas casas un documental como *Pucho Boedo. Un crooner na fin do mundo* non deixa de ser unha visualización do cambio. Realizada xa en 2002, con guión e dirección de Xurxo Souto, foi unha produción que non merecera máis que a clandestinidade ditatorial dunha emisión serodia. Agora, emitida en horario correcto e socializado, estamos seguros que parou moitas conversas familiares en día tan sinalado e conseguiu, tanto centrar a atención de moitos televidentes, como xerar emoción ante a historia persoal dun cantante mítico que, no fondo, duplica boa parte da historia contemporanea de Galicia baixo a ditadura franquista.

Galicia documental xa programara produción de enorme carga afectiva como a dirixida pola mexicana Laura Gardos Velo de título *Vieiros* sobre a figura do cineasta Carlos Velo ou a solvente *Tucho Bouza. O emperador do Bronx*, a sorprendente historia dun neno natural do Seixo que chega a ser membro da elite policial de Nova York malia ter casado cunha irremediábel activista anti-sistema nos Estados Unidos.

Pucho Boedo.

Boedista distinguido e puchista confeso, Xurxo Souto non agacha en nengún momento do documental que firma a súa paixón por todas as lendas, certas ou non, que confluíron no animador e vocalista de Los Tamara. Desde ese "algo tiña que ter" –coincidente en moitas das testemuñas que surcan este traballo de investigación e homenaxe– ao aquel "era moito Pucho de Deus", a concreción de falar dun mito da nosa cultura contemporánea vai ser unha constante que, tanto o guión como a escenificación coruñesa de Xurxo Souto, ampara unha sorte de reivindicación biográfica. Xusto a que queda marcada polo asasinato do pai e irmán de Pucho Boedo, ambos dirixentes da CNT, cando os masacres do 36.

Restauración e exercicio de lealdade á memoria dunha familia represaliada que, tal como trascende no documental, retroalimenta, tanto un modo de enfrontar a vida, como aquel recoñecido aura que envolveu sempre o xeito de cantar de Pucho. Tamén o orgullo; ese ser salado, elegante, cautivador que agranda máis se cabe o imaxinario popular: o "era moi guapo" tan repetido en voces femininas ou a autodeterminación de Boedo en ser o mellor en calquer palco no que actuase.

Non están ausentes moitos deses cuartos traseiros que obvia a Coruña oficial hoxe. Xurxo Souto non os canea, utilízaos creativamente. Aqueles que son pasado e foron presente na vida de Pucho Boedo. Monelos, A Ramalleira ou A Silva da súa mocidade altiva e tamén a dunha aprendizaxe soberbia que o converterá e referencia das máis sonoras orquestras galegas, cando o tempo das orquestras. O Bar Jalisco ben o soubo.

O seu cantar *a modo*, o seu culto á noite, o seu recitar acoplado en días iniciáticos para a electrificación de instrumentos e microsurcos, súmanse como caras dunha biografía con sinais propias do malditismo que arrodea aos mitos. Na cultura imposta tivemos mitos caidos como Jimmy Hendrix ou Janis Joplin e na propia, recoñecemos mortes semellantes como a de Pucho Boedo ou Andrés do Barro. Sempre en cultivo de riscos que semellan inerentes aos artistas que máis optan por rachar coa ditadura da comodidade. Pucho Boedo e os Tamara descobriron cantando para os emigrantes que o galego era un valor merecente de entrar pola porta discográfica da música contemporanea. Penetraron pois na historia e tal o constata en imaxes Xurxo Souto. Pioneiros que merecen un lugar sinalado na nosa historia cultural de agravios e vitorias.

Os silencios de Pucho Boedo fixeron época –Prudencio Romo mesmo lembra que contiñan notas musicais– e o seu "cantaba o que lle botaran" queda certificado neste documental entregado, necesario e leal de Xurxo Souto. O protagonizado polo home que mellor cantou nunca para os señoritos e as putas de Madrid o bolero "Sahara" . E tamén para todos nós.♦

X. Enrique Acuña

CINEMA

Berlusconi e a censura

Viva Zapatero! achégase ás dificultades de informar libremente en Europa

Título: Viva Zapatero!
Dirección: Sabina Guzzanti.

A 62ª Mostra de Venecia trouxo consigo unha sorpresa; na última xornada presentouse fóra de concurso e case *de tapadillo*, o documental *Viva Zapatero!* A proxección rematou con vinte minutos de aplausos espontáneos por parte do público, e suscitou todo un debate a nivel nacional.

Por que? Pois porque, ante todo e sobre todo, este filme é un alegato a favor da liberdade de expresión e un ataque directo á política de Silvio Berlusconi, cuestionando a saúde da suposta "democracia" italiana e a evolución desta dende a chegada de Berlusconi ao poder. Non é ningún segredo que este home é un xigante mediático que controla a comunicación do seu país a todos os niveis, dende a prensa escrita até os canais de TV, tanto de xeito directo por medio da súa empresa Mediaset, coma indirecto por influxo político, incentivos económicos, ou simplemente infundindo o medo. Está á orde do día o despido de quen non comungue coas súas ideas, a manipulación de telexornais, ocultación da información, exaltación dos valores promovidos polo seu partido... Guzzanti, sen ningún tipo de pudor, compara a Berlusconi con Benito Mussolini e afirma que Italia é un país semilibre que vive inmerso nunha censura mediática. Democracia e censura non poden coexistir, sen liberdade de expresión non hai democracia, e por conseguinte en Italia non goberna unha democracia, senón unha ditadura encuberta.

> Subversiva, reivindicativa, de ton satírico, incisivo, tremendista e ritmo dinámico, a película atrévese a chamar polo seu nome a unha política ditatorial.

Inda así, a propia directora subliña que esta "non é unha película contra Berlusconi, senón contra un sistema que permite que el ou calquera outro goberno

Sabina Guzzanti.

fagan o que lles dea a gana". De feito, este filme ponnos sobre aviso do que corre o perigo de pasar en moitos países, posuidores dunha aparente democracia, cando o poder cae na tentación (tan fácil...) da manipulación dos medios de comunicación.

Por outra banda, ademais do ataque directo á política de Berlusconi, incídese noutros dous flancos pola súa falta de implicación na realidade social do país; os partidos da oposición (denuncia a ausencia dunha postura implicada e combativa) e o gremio dos xornalistas en xeral, polo seu militarismo para co poder ou, no caso contrario, pola súa desidia e covardía. Gaba en cambio a actitude do pobo italiano, que se manifesta espontaneamente contra das inxustizas, pero que nada consegue ao non ter tras de si o apoio de partidos ou entidades de relevancia.

Para ilustrar todas estas ideas, a directora, guionista e personaxe omnipresente no filme (contados son os planos nos que non aparece) toma a técnica de Michael Moore de perseguir os implicados cámara en man para conseguir declaracións, e paralelamente entrevista cómicos ingleses e franceses, achegando a experiencia destes e conseguindo dar unha visión máis globalizadora do que é o humor e a sátira a nivel europeo.

Polo que respecta ao título, Guzzanti declarou publicamente o seu interese e admiración pola figura do presidente español cando este, ao acceder ao poder, promoveu unha lei segundo a cal o presidente do país non tería poder para nomear os cargos directivos da televisión pública. Lonxe do que poderiamos pensar, José Luis Rodríguez Zapatero tan só é nomeado unha vez ao longo de todo o filme, pero o espírito da súa iniciativa é o fío condutor subxacente do documental, o ideal ao que a cineasta aspira; que a información sexa un campo independente da política.

Subversiva e reivindicativa, dotada dun ton satírico, incisivo, tremendista (por desgraza realista), e un ritmo dinámico, esta película atrévese a chamar polo seu nome a unha política ditatorial, algo que debería resultar común pero que nos tempos que corren, tristemente, devén un acto illado e heroico. Como reflexiona a propia Guzzanti, "a misión do humorista é entreter, pero tamén facendo reflexionar", a democracia que teme as risas e as críticas ten un verdadeiro problema, polo que non debería denominarse como tal. Estamos, polo tanto, ante un filme necesario na Italia de hoxe en día.♦

Sabela Pillado

Ramón Carredano

‘Os críticos deberían pensar máis nos lectores ca nos autores’

CÉSAR LORENZO GIL

Ramón Carredano Cobas (Noia, 1950) gañou o premio ‘Merlín’ de novela infantil que outorga a editorial Xerais con *Unha branca de cobre para Martiño* e mantén en pé a súa marca de tres libros publicados tres premios. “Non é culpa miña. Teño na casa novelas acabadas. Se algunha editoral as quere, non teño problema en deixarllas”, comenta.

PACO VILABARROS

Dous premios ‘Avilés de Taramancos’ de relato de aventuras e un *Merlín*. Non está mal.

Sempre é agradábel recibir premios porque che dan azos para seguir escribindo. É como unha motivación para seguir nesta afección. Pero non significa que eu deixe de ser iso, un afeccionado á escritura, que o pasa ben inventando historias sen se preocupar se o que relata acaba publicado ou non. Por suposto que me gusta ter lectores mais non teño o corpo para buscar editor. Iso non quita que se algunha editorial está interesada nas miñas novelas xa acabadas, non vaia publicalas.

Disque en Galiza non hai outro xeito de adicarse á literatura máis que como *hobby*.

Hai escritores que queren ser profesionais aínda que despois non o consigan. Iso non está mal, pero hai outras maneiras de enfocalo. Moitos grandes artistas eran na súa vida cotiá médicos, avogados ou científicos. Eu traballo no Banco Pastor do Porto do Son e cando teño tempo libre, entre outras moitas cousas, escribo. E escribindo, aprendo.

Sempre se di que os escritores afeccionados chegan á pluma tras moitas lecturas.

Ese tamén é o meu caso. Son lector compulsivo des que teño uso de razón e sempre teño varios libros “abertos”. As poucas veces que non teño nada que ler pásoo mal de verdade, como se tivese mono. Ando moito máis nervioso.

Na súa obra destaca o gusto pola historia.

Sempre me gustou, pero en realidade foi froito da casualidade que os tres libros teñan iso en común. Os dous primeiros libros, *Frei Samuel* e *A unlla da aguia* –ámbolos en Toxosoutos– gañaron un premio para relatos de aventuras. Para min, crear aventuras é moito máis doado tendo en conta a historia. En *Unha branca de cobre para Martiño* utilicei a historia como xeito de me achegar ao mundo dos rapaces dun xeito críbel.

Coñece mellor os nenos do século XV ca os do presente?

Non é iso, pero é algo así. O certo é que non teño contacto con nenos e custaríame moito saber que temas lles interesan na actualidade. Así que optei por embarcalos nunha aventura, tiralos da súa vida tranquila e enrolalos na nao Santa María no intre no que Colón comeza a contactar cos indios do que hoxe é Cuba. Martiño é un rapaz de hoxe pero ten que adaptarse rapidamente á tensión dun buque daqueles tempos. Para quen escribe é máis “realista” facer isto que contar unha aventura na súa vida cotiá.

Pois foron os nenos do presente quen o premiaron.

Sinceramente, non tiña apenas expectativas de gañar o *Merlín*. Presenteime con toda a ilusión pero dun xeito experimental, para comprobar se fora quen de crear unha atmosfera interesante. Hai que pensar que este premio ten unha historia de premiados moi ilustre e sempre se presentan grandes escritores. E eu non deixo de ser un domingueiro disto de escribir. Mais parece ser que lle gustou ao xurado. O premio ten máis valor se pensamos que a maioría dos que me concederon o galardón son rapaces lectores, que criticaron o libro desde o punto de vista de quen quere desfrutar dunha historia.

Sempre se dixo que os cativos son os críticos máis duros.

Iso supón un prestixio para o libro porque foi ollado por lectores esixentes. Eu penso que a crítica esquece moitas veces iso. Os críticos dos xornais preocúpanse case sempre máis dos autores que dos lectores. Cómpre que a crítica sexa unha guía para quen se achega a ler, máis ca unha lista de acertos e erros do escritor. E iso é algo que o premio *Merlín* resolveu dunha maneira excelente. Os lectores poden estar tranquilos porque a obra publicada xa foi “testada” por outros lectores.

***Unha branca de cobre para Martiño* é accesíbel tamén para un adulto?**

Encontrará cousas que un neno non atopa ou non lle dá importancia. Eu non creo moito en divisións da literatura por idades. Iso funciona máis como etiqueta que como sistema de catalogación. Unha das miñas novelas favoritas é *A illa do tesouro*, de Robert Louis Stevenson. Pois ben, en teoría, esa obra está pensada para mozos e a min encátanme. Se lle facemos caso ao catálogo, algo falla, ou a obra non cumpre o seu obxectivo ou eu, coa miña idade, sigo sendo un mocete. O que nos debe preocupar é sabermos diferenciar a mala da boa literatura.

Moitos escritores de relato histórico consideran tan divertido como o escribir o traballo de documentación.

Gózase moito resolvendo problemas. Para crear unha obra que sucede noutra época cómpre, obviamente, documentarse, coñecer os datos básicos cos que vas crear a ambientación e o transcurso da historia que queres contar. Despois fai falta saber onde encontrar resposta para os posíbeis problemas que xurdan durante a narración. Por poñer un exemplo, eu pasei moitísimo tempo averiguando como era un retrete do século XII cando escribín *Frei Samuel*. E esas pescudas son moi proveitosas porque che serven para enriquecer o ambiente da novela. Neste meu último libro, talvez o traballo de documentación foi máis livián porque coñezo bastante a época na que todo transcorre e tamén porque aproveitei que son navegante para construír a linguaxe mariñeira que aparece na obra.

As súas obras anteriores tiñan como punto de partida Noia.

De aí naceron ámbalas ideas. En *Frei Samuel* utilicei unha anécdota sobre a participación da cidade de Noia nas loitas pola mitra compostelá durante a Idade Media. En *A unlla da aguia* creei unha historia a partir dun dato real que encontrei nas crónicas da época: a misteriosa morte dun húsar na vila.

Hai quen di que para gañar o premio ‘Avilés de Taramancos’ hai que ser nacido en Noia. As estatísticas así o demostran, todos os premiados moran por alí perto.

Así é. O que non sei é se houbo favoritismo ou é que coincide que en Noia hai moitos escritores “aventureiros”. É máis, que eu recorde, tanto eu como David Pérez como Xosé Agrelo fomos amigos do Avilés e tratámolo moito en vida. Pero polo ben do premio, xa é hora de que gañe alguén de fóra. O certo é que na vila hai bastante movemento cultural, tendo en conta o número de habitantes da comarca. Eu colaboro acotío con dúas revistas, *Alameda*, que edita a Sociedade do Liceo, e *Casa da Gramática*, que teñen unha tirada nada desprezábel e son moi coñecidas na zona.

E como leva o da “sona”. Debe ser simpático ter un veciño escritor que che actualiza a libreta ou te interroga denantes de darche un crédito.

Veno como algo natural. Hai algún que se estraña ou que se sorprende gratamente cando te ve no xornal. Pero a verdade é que a sona levámola sen problemas, por fortuna. Debe ser un incomodo que todo o mundo te coñeza. O máis curioso é o dos rapaces. Moitos nenos que coñezo dixéronme que os seus compañeiros de clase non lles cren cando din que coñecen o autor dun dos libros que lles toca ler na escola. Para eles, o autor pertence á mesma ficción que a propia obra. ♦

Cultura



A recollida das rosas (1904), de Fernand Loyen du Puigaudeau.

O impresionismo do Wallraf-Richartz por primeira vez na península

As paisaxes de Renoir, Coubert, Pissarro, Monet, Cézanne, Gaugain e Matisse na Coruña

M. Barros

Baixo o título *Impresionismo. Obras mestras do Museo Wallraf-Richartz –Fundación Courboud* a Fundación Barrié presenta por primeira vez na península unha selección composta por máis de corenta paisaxes que ofrecen unha viaxe polo impresionismo a cargo dos seus pintores máis representativos.

Un dos cadros que Auguste Renoir realizou nos últimos anos 70 do século XIX despois de que Georges Charpentier e Paul Berard lle ofrecesen un contrato; a *Vista de Pont- Aren*, realizado por Émile Bernard antes da súa partida a Oriente Próximo en 1893, que revela a admiración que o autor sentiu pola obra de Cézanne; os cadros que Paul Gauguin pintaba cando a pintura era aínda unha afección ou as vistas que Gustave Caillebotte retratou do Sena nos últimos anos da súa vida, para o que seguiu o exemplo de Monet, quen, dende os anos setenta, navegou cun barco-estudo na procura dos seus motivos. Estas son algunhas das obras que dan forma a mostra que acolle a sede coruñesa da Fundación Barrié até o 5 de febreiro.

A badía de Langland (1897), de Alfred Sisley.
Á dereita, *Barcas e choupana na ribeira do Sena* (1891), de Gustave Caillebotte.

Baixo o título *Impresionismo. Obras mestras do Museo Wallraf-Richartz-Fundación Corboud*, a exposición reúne corenta e unha paisaxes dalgúns dos artistas máis representativos deste movemento artístico. Gustave Courbet, Camille Pissarro, Charles Daubigny, Alfred Sisley, Claude Monet, Pierre Auguste Renoir, Paul Cézanne, Paul Gaugain ou Henri Matisse son algúns dos autores presentes na mostra.

A través das súas obras a fundación propón un percorrido polo impresionismo, desde os inicios da pintura *en plein-air* até os postimpresionistas, a evolución dun movemento de vangarda que rachou cos convencionalismos académicos da súa época e abriu o camiño á investigación artística.

Organizada de xeito cronolóxico, a mostra comeza cun cadro de Johan Jonckid de 1861 e finaliza con obras de principios do século XX, realizados por discípulos dos mestres do impresionismo. Por primeira vez na península poderán verse parte dos fondos do Museo Wallraf-Richartz-Fundación Corboud, unha das pinacotecas máis destacadas de Alemaña e colaborador no proxecto da Barrié. Estas obras forman parte da colección formada por 170 cadros que G. J. Corboud doou en concepto de "préstamo eterno" para proveito do Museo Wallraf-Richartz. Dende aquela, este museo leva integrado no seu nome o do seu benefactor.

Itinerante

Despois da súa clausura na sede coruñesa, a fundación trasladará a mostra á sede que recentemente inaugurou en Vigo. Alí permanecerá dende o 16 de febreiro até o 14 de maio. ♦

Seguro Azar

Lennon

Damián Villalaín

No periodismo moderno conviven sen maiores problemas un ton laudatorio, glorificador e acrítico con xeitos sumamente escépticos, desconfiados e frecuentemente non menos acríticos de abordar a realidade. É certo que o primeiro rexistro vai perdendo terreo pouco a pouco e quedando reservado case só para as cousas de palacio, como a familia real, ou para as fazañas deportivas, que parecen ser na actualidade os únicos *episodios nacionais* merecentes dese nome, como xa debe saber o automobilista Fernando Alonso. Estas similitudes deben ter algo que ver co carácter tendencialmente mitómano dos periodistas dedicados ás reportaxes palaciegas e á crónica deportiva. Uns e outros son amigos inmisericordes da veneración pelota, da éxtase colectiva, da hipérbole dramática. Os xornalistas deportivos, por exemplo, son moi amigos dunha frase moi pomposa e de ribetes case tráxicos, *estas son as grandezas e as miserias do fútbol*, que poden aplicar indistintamente, e sen problemas legais de ningún tipo, á rotura dun menisco, ao despido dun adestrador ou a unha *tangana* no centro do campo.

Estes días, con ocasión dos 25 anos do asasinato de John Lennon, caio na conta de que ese mesmo estilo magnificador e emocionado subsiste tamén no periodismo musical aínda despois da morte de Joaquín Luqui, antano o seu máis sobranceiro representante. Exceptuando un especial de *La Voz de Galicia* no que, xunto ás inevitables haxiografías, aparecían textos máis analíticos e mesmo algunhas opinións distanciadas, case todo o que se escribiu estes días sobre Lennon se parecía máis a un exercicio lacrimóxeno de mitificación gregaria que a un traballo xornalístico digno de consideración. Toda a banalidade do mundo semellou concentrar supetamente o seu vacuo sentimentalismo sobre a figura desgraciada do músico morto, repetindo unha e outra vez "*All you need is love*", "*Give peace a chance*", "*Imagine*", como se estas sinxelas e bonitas cancións encerrasen algún pasmoso segredo filosófico que este desnortado mundo noso se empeñase en ignorar.

Este asalto mediático contra John Lennon, este intento rematadamente *kitsch* de confundir a súa imaxe coa dun *xesucristo superstar* de medio pelo prefigura o destino de moitos artistas de masas, nos que tan xenerosa foi a segunda metade do século XX. Pero probablemente teña que ser así, seguramente lle sexa consubstancial ao pop levar no pecado a penitencia. *Estas son as grandezas e as miserias da música pop*, como diría un destes campanudos anacreontes do xornalismo musical. ♦

GRANDÍO REVISITADO

X. ENRIQUE ACUÑA

Desde a súa morte en 1977 a pintura de Tino Grandío (1924-1977) tivo a mesma sorte que en vida. Fillo dunha casa grande lucense con tulla e torre non foi quen de rematar a carreira que a obriga paterna o levou a gastar pensión en Compostela.

E quen non dou en licenciado abollou no Madrid do Tempo de Silencio para autoditarse unha exitosa biografía de pintor de grises galaicos e brumas capitalinas.

Cando un cancro remata coa súa vida en Lugo non deixara de ser aquel animoso franquista rodeado por toda partes menos unha –Antonio D. Olano– de consumados antifranquistas. Que Uxío Novoneira fora un dos que portaran o seu cadaleito e que no seu enterro soaran gaitas cal patriota elexido non deixa de ser unha contradición máis que alimentou unha vida soportada e abrigada entre unha enfermiza doble moral e a intuición única para saber o que se debe pintar. Un "roxo" daqueles que o protexía e defendía até a paixón como foi Ramón Faraldo exerceu de valedor máximo da súa obra nos círculos concursistas e nos xurados de tronío. Ditáballe inspiracións varias e abriulle a veta de castelán vello que posuía a pintura de Pancho Cossio. E Cossio foi fonte aviada para o pintor de Taboada que reinterpretou a paleta mañosa da súa pintura coa escasa trama dos únicos pintores decentes que sobreviron en territorio triunfante logo do 36.

O Tino Grandío que gustaba de epatar en Madrid chegou coñecer a tertulia pangaleguista de Ramón Cabanillas no *Lyon d'Or* e que sabía ser galego só cando atacaban a Galiza, rematou sendo unha das persoas máis envexadas que poboaron os solares patrios de Fraga Iribarne cal poncio de Información e Turismo e á vez protector animoso e decisivo do seu coterráneo. O motivo da tal envexa non ía ser o trato preferente da súa pintura nos apartamentos de doble vida da Costa Fleming senón ser o home dunha das mulleres máis admiradas daquela España tan madrileña, desafiante e rica. Toda unha presentadora do único e franquista parte televisivo de nome Pilar Cañada que lle servirá como salvoconduto e apoio para circular tanto nas columnas da crítica como nas compras a dedo de administracións varias.

Á esquerda, "Franco", da Colección Caixa Galicia; "Retrato de miña nai", obra pertencente ao Museo de Lugo; e, abaixo, "A pasarela", dunha colección privada. Tres obras presentes na Mostra "Tino Grandío. Pintando con brumas" que se pode ver no Museo de Belas Artes da Coruña até fins de xaneiro de 2006.

Borobó, tamén republicano e socialista, foi dos seus amigos, como o Cristino Mallo, hóspede de campo de concentración ou o upegallo de primeira hora Xavier Pousa. Tamén un retornado do exilio e tamén pintor como foi Jaime Valle Inclán. Xente de esquerdas toda como aqueles galegos que con Grandío alteraban con secuencia tan dadaista como extemporánea a vida normal do Café Gijón. Compañeiros, con sorte distinta no humano e no divino, casos do poeta Carlos Oroza ou o escultor Otero Besteiro. Castro Arines, vello galeguista e tan emerxente como intratábel crítico naqueles anos, non era da súa querencia. Molestábao, malia admiralo, o aire cheo de excesos e as repeticións de Grandío que penduraban en tantas mansións da Marbella vacacional. Aquelas tan reiteradas e aparentes como prostibularias Venus ante o espello que ainda seguen a aparecer coma cogumelos e que mesmo mereceron compras, tan esaxeradas como públicas, por parte da Xunta de Galicia. A institución que está detrás das reiteradas mostras que desde 1990 –a maiores das viaxadas pola a súa antiga galerista e a Fundación Barrie– ocupáronse de revisitar cal cromo repetido ao artista que, según aclamación unánime de todo o *roxerío*, mellor plasmou en 1973, por encargo do mesmísimo Carrero Blanco (deulle tempo) a decrepitude do xeneral Franco. O Reina Sofía soubo escoller obra para transcender e o CGAC, con peor criterio, mesmo tamén. Hai tempo que tivemos a obriga de adiviñar que ser un bó escritor non exhimía de ser unha peor persoa. Os últimos tempos rebordan exemplos. Con Grandío escollemos o que emociona. O retrato da súa nai pintado en 1959 ou ese retrato dun crego de 1970 que tanto nos emparella con Francis Bacon. E que en Tino Grandio existía moita pintura. ♦

FIN de SEMANA

Nº 1.204 ● Do 29 de decembro do 2005 ao 4 de xaneiro do 2006 ● Ano XXVIII

Pecados capitais

MARICA CAMPO

‘Ano novo, vida nova” reza o refrán. É tempo, polo tanto, de facer propósitos, aínda que despois non se cumpran. Eu decidinme polos sete pecados capitais. Quero ser pecadora, mais en positivo.

Para o primeiro, o da soberbia, róubolle directamente as palabras a Rosalía: “Eu son libre. Nada pode conter a marcha dos meus pensamentos, eles son a lei que rexe o meu destino”. Hei ser, como se dicía antigamente, librepensadora.

Serei, así mesmo, avarenta. Avarenta do tempo para estar con quen quero estar e para ler o moito que teño por ler.

O da luxuria seica non se presta moito para facer público. Só direi que o amor ou é libre ou non é amor.

Para a ira fagocito aquilo de “Deus che dea ira, que paciencia tes abondo”. Quero toda a ira do mundo para berrar contra o imperialismo, o neocapitalismo e as súas devastadoras consecuencias.

Practicarei a gula, mais sempre en compaña. O certo é que este pecado náceme da vaidade. Como o que máis me gusta que me gaben é o bo facer culinario e, tamén, como o que máis me gorenta é cociñar, fago firme propósito de ser larpeira até onde mo permitan a saúde, o tempo e unha certa contención nos gastos para me solidarizar cos que teñen menos.

Prometo envexar todas as obras literarias que me gustaría ter feito eu, por ver de emulalas. Naturalmente que a envexa non se estenderá aos autores ou autoras. Para eles será o meu agradecemento por me proporcionar algúns dos meus momentos máis felices.

Fago voto de preguiza para apampar fronte á natureza, a me perder polos camiños ou nas melodías que me apaixonan.

A familia e as amizades pídenme que deixe de fumar e sei que teñen razón, mais non consigo facerme á idea. Non entendo como pode ter máis forza un pequeno cilindro de papel cunhas febras de tabaco que os sete pecados que, segundo os teólogos tradicionais, son os culpábeis de todos os males do mundo.♦

Polos Camiños da Terra

XESUS TORRES REGUEIRO

A fonte da Santa Cruz de Aranga

Foron moitas as ocasións en que nos achegamos ás terras do val de Aranga por onde o Mandeo transita xa mozo cumprido. Témolas paseado en automóbil, a pé e en bicicleta e gustaríanos facelo de a cabalo.

Coido que foi hai dous veráns, cando cabalgando a bicicleta camiño de Ponte Aranga observamos que se estaban a facer obras de abondo aparatosas de ensanche da modesta estrada local. Ao parar a refrescar na Fonte Santa véusenos á mente que aquel monumento “estorbaba” se as obras chegaban até alí.

E así foi. Cando as obras chegaron á altura da fonte, na entrada de Ponte Aranga, paralizáronse. Ao parecer ninguén contara coa fonte: nin os técnicos da Deputación que corría coa obra nin o Concello que tan abandonado ten o seu patrimonio (véxase se non o estado da Capela de Flores e as súas pinturas, das que falei aquí vai para un ano).

As obras estiveron paradas bastante tempo. O atraso e o xeito de execución das mesmas foron moi criticadas polos veciños; das súas queixas fixéronse eco algúns medios de comunicación. Ao final remataron por desmantelar a fonte e anchear a estrada facendo un aparatoso desmonte. Do outro lado vai o Mandeo e non hai sitio para ampliacións, aínda que chegamos a pensar na posibilidade de que destruiran a súa marxe natural.

A fonte é un exemplar barroco de grandes proporcións, con dous canos que verquen a unha pia. Na parte central, entre os canos ten tallada unha cruz en altorreleve, que disque reproduce a que existe na parroquial, a cruz “milagrosa”, unha reliquia do século XI que é venerada polos fieis e causa dunha romaría de tradición secular pola Santa Cruz de maio. A fonte vai coroada, a xeito de sombreiro, por un frontón semicircular truncado que remata cunha cruz. Nos esquinais ten casetóns cadrados dispostos en parellas que nos lembran a decoración do mosteiro de Sobrado, cenobio que tiña intereses nesta parroquia.

No tímpano liso do frontón campa a inscrición “Fuente de la Mylagrosa Santa Cruz”. E baixo este: “Fue reetificada en el año de 1773 siendo cura el Lyc. D. J.D.C.” O Licenciado era don Jacobo de Castro, de aí as iniciais, quen no mesmo ano facía obras de ampliación na igrexa. Debían correr bos tempos e deixar bos rendementos a romaría.

Era tradición nos días da romaría que os romeiros acudisen á fonte e levasen auga para esparexer nos campos pois seica era boa para espantar os insectos e animalias e tamén para as doenzas do gando. Mesmo se ten dito que era boa para a fecundación se se lavaban con ela os órganos propios, antes do acto supoñemos, cousa que como medida profiláctica non está mal aínda que sexa con auga non milagreira.

Xaquín Lorenzo publicou en 1932, na célebre revista *Nós*, “A lenda da ermida de Aranga” dun xeito breve e lacónico:

A fonte da Santa Cruz a comezos dos anos noventa. X. TORRES

“Nunha ocasión, unhas mulleres que pasaban de noite por preto de Aranga (Betanzos, Cruña) sentiron soar unha campaíña por baixo da terra. Foron entón onda o crego, que veu con elas e comenzaron a cavar ata dar cunha cruz de ferro con adornos de cobre e unha coroa de prata que tiña unha campaíña que era a que as mulleres sentiran tocar. Esta cruz parez que despois foi roubada ou vendidos algúns anacos.

No sitio onde estaba a cruz, comenzou a manar unha fonte, de augas miragreiras. Arranxada a fonte e feita unha ermida naquel sitio, organizouse anualmente unha romaría que ten lugar o día 3 de Maio.

Á dita fonte, ermida e romaría fai referencia un cantar de por alí, que di:

Verdadeira crus de Aranga
Que has de dar ós teus romeiros:
Auguiña da tua fonte,
Sombra dos teus castiñeiros.”

Por certo, esta cantiga popular témola visto reproducida con lixeiras variantes. Por exemplo: “Verdadeira Cruz de Aranga / Ti que das aos teus romeiros? / Auguiña da miña fonte / Sombra dos meus castañeiros”. Ou tamén: “A Santa Cruz de Aranga / ha de dar ós seus romeiros / auguiña da sua fonte / e sombra dos seus castiñeiros”.

Porén, o visitador parroquial Xerónimo del Hoyo, cando se ocupa desta parroquia na súa descrición do arcebispado de Santiago realizada entre 1607 e 1620, non fai referencia nin á romaría nin á cruz aínda que si fala do achádego dunha campá: “*En esta iglesia hay una campana de las antiguas echa de dos piezas de cobre con fragua de cencerra; dicen la hallaron con una cercada* [sic] *de una fuente que no estaba lexos desta iglesia.*” A fonte que coñeceu Del Hoyo era anterior á que reedificou o Licenciado de Castro. E como a transcrición que fixeron Rodríguez González e Varela Jácome parécenos incompleta e trabucada neste punto, non desbotamos que en realidade Del Hoyo dixera que a campá a acharon cunha cruz cerca dunha fonte. Así a cousa tería máis sentido. Algún especialista que consulte o manuscrito poderá confirmar ou non este interesante dato.

Nas últimas veces que pasamos por alí a ausencia da fonte semellábanos extraña. Por fin, neste outono reinstalouse a fonte, logo de que un zahorí recuperase o manancial, segundo limos na prensa diaria. Calquera día, agora que xa abriron as fontes e os canos botan a cachón, acercarémonos a rentes da fonte da Santa Cruz a contemplala como fica no seu emprazamento remozado e beber un grolo de cada un dos seus canos. Se acaso, traer unha pouca para esparexer na horta, que gando non temos e de lavar intimidades preferimos facelo na casa.♦

Servando Barreiro

‘Mesturo a tradición galega coa música para danzar’

M.B.

Despois de publicar en 1998 *A dança do lume* xunto co grupo Contradança, agora vén de tirar *Som voltas* (coeditado pola Associaçom Galega da Lingua). Como foi o encontro de Servando Barreiro con este grupo de danza?

Comecei a miña carreira musical como cantautor de canción galega mais pronto tomei contacto coa música tradicional a través da xente do rural e dos cancioneiros. A esta altura entrei en contacto cunha formación de danzas do mundo, da que nacería máis tarde Contradança. Este disco ten a mesma filosofía ca o anterior, a mestura da tradición galega coa música para danzar.

Ademais de músico, vostede é animador e contacontos, cal é o obxectivo deste novo traballo?

Ao tempo que fago aulas de acordeón, tamén me dedico a animación nas escolas e a outras actividades relacionadas cos rapaces, porque é moi difícil vivir da música. Neste disco está recollido o traballo realizado neste tempo cos cativos.

Entre os temas tradicionais e os que vostede compuxo, rende tributo a poetas como Castelao ou Curros Enríquez.

Para min estes poetas son un referente dentro da cultura e da música galega. A poesía sempre estivo presente no meu xeito de entender a música.

En que medida bebe este disco da tradición galega portuguesa?

Sempre tiven claro non separar a nosa tradición coa do norte de Portugal. Agora está de actualidade coa candidatura do patrimonio inmaterial, pero eu xa quixen reflectir esta filosofía dende o primeiro traballo, *O som da sega* (gravado co grupo Retrincos). Hai un patrimonio común e transmítoo non só nos temas senón tamén na lingua. Por iso emprego a norma AGAL.

Próximos proxectos?

Con Contradança e Monteira estou a preparar un dvd no que se van recoller diversas danzas do mundo. Estou a traballar tamén nun disco específico para crianzas e gustaríame publicar un álbum máis de autor.♦

A espía que xurdíu do fillo.

Unha viaxe rodada.

Acceso libre.

Mellor viaxar.

Turismo sen barreiras

M. Barros

Duascentas mil persoas en Galiza teñen algún tipo de discapacidade. A pesar de que cada vez existe maior sensibilización no sector hostaleiro, este colectivo segue a atopar dificultades para facer turismo. Co fin de ofrecerlle cobertura, a *Fundación Menela* ten en marcha un proxecto enfocado a este tipo de lecer.

Nun momento no que se estima que o 10% da poboación sufre algún tipo de discapacidade, cifra que se traduce en Galiza en máis de duascentas mil persoas, aínda existen dificultades para que este colectivo faga turismo con normalidade. Banzos, servizos limitados, falta de persoal formado para a atención das persoas con máis dependencia ou a inexistencia de guías de turismo adaptado para persoas con discapacidades fan que se estea lonxe da normalidade.

Con todo, desenvólvense iniciativas que pretenden dar cobertura a este colectivo sensibilizando ademais a sociedade. Dentro delas inscríbense a Fundación Menela e o CAMI II, un proxecto transfronteirizo (Galiza-Portugal) liderado pola propia fundación, coa colaboración do Fondo Europeo do Desenrolo Rexional e da Consellería de Innovación e Industria, e que ten entre os seus obxectivos a promoción e difusión deste tipo de turismo.

O pasado 22 de decembro o Centro Social Caixanova acolleu os actos que puñan punto e final a este programa, desenvolvido durante o 2005. No acto presentouse a serie de animación *Os sextos sentidos*, coa que se quere dar a coñecer as dificultades que padecen as persoas con discapacidade na súa vida diaria. Cabuxa Filmes e Ignacio Benedeti Cinema son as produtoras que asinan estes traballos. A vida vista por un neno cego, a comunicación entre unha rapaza autista e a súa familia, a viaxe de Ana, unha muller en cadeira de rodas, co seu home a unha vila ou o misterio dun cativo que ve no seu pai xordo a un espía disfrazado son algunha das tramas coas que se pretende achegar a realidade deste colectivo ao resto da sociedade.

Tamén se presentou outro dos eixes centrais do programa, *Lecer sen barreiras II*, unha guía de turismo adaptado para persoas con discapacidade que contempla as provincias de Pontevedra e Ourense. Para a elaboración deste novo traballo realizouse un estudo amplo na zona sur de Galiza facendo fincapé nos servizos que se ofrecen en monumentos, hoteis, casas rurais, parques, praias... o grao de accesibilidade e as prestacións das que dispón cada un deles.

Turismo en Vigo

Este novo proxecto vén dar continuidade ao desenvolvido pola fundación o pasado ano que tomou o nome de CAMI e que contemplaba a rehabilitación dunha casa no casco histórico de Vigo co fin de situar nela un centro de recursos e de vivendas tuteladas ademais de prestar servizo ás persoas con discapacidade que quixeran facer turismo pola zona.

Como explica Cipriano Jiménez Casas, presidente da fundación, nos últimos anos percíbese unha maior sensibilidade con respecto a este colectivo, que se vai traducindo na sociedade pouco a pouco. A nivel de lexislación Galiza conta cunha lei propia sobre accesibilidade, que ampara ás persoas con discapacidade, mais, como indica Cipriano Jiménez “o problema das barreiras é que a lei por si mesma non é suficiente se a sociedade non está sensibilizada”.

“Xa hai responsábeis de servizos que facilitan moito as cousas”, explica, “porque entenden que hai unha bolsa de clientes moi ampla, en Galiza ao redor de 200.000 persoas. Moitos deles teñen o poder adquisitivo para facer as súas vacacións pero non teñen onde ir, porque non dispoñen duns mínimos servizos, de infraestruturas nin de persoal”

Novo proxecto: formación *on line*

De cara ao 2006 a fundación porá en marcha un novo proxecto orientado a potenciar a formación dun amplo sector social, abarcando dende os familiares até os profesionais que tratan e atenden as persoas con discapacidade, incluído o sector hostaleiro. Unha das ferramentas das que se botará man será as novas tecnoloxías e de cursos *on line*.♦

Música con autismo

Na noite na que se deron a coñecer os eixes centrais do programa CAMI II, presentouse en Vigo a Orquestra Castro Navas, integrada por seis mozos que padecen trastorno do espectro autista. A experiencia, que parte da Fundación Manela, iniciouse en 2001 da man de Carlos Veiga. O pasado 22 de decembro a orquestra ofreceu un concerto, acompañada dos músicos profesionais Luís “Caruncho” e Roi Quian. “Os autistas teñen capacidades que moitas veces están por descubrir”, explica o presidente da fundación. A valoración que fai do concerto é moi positiva porque “é un bo exemplo de que a música ten a capacidade de favorecer a integración do mundo dos discapacitados”.♦

Follas de coca

MARGA ROMERO

Desde os EE UU e grazas a un convenio coa Comunidade Europea recibimos a noticia do mercado libre para ese viño artificial fabricado por deseñadores, que ameaza con conquistar todos os andeis dos grandes almacéns. Idea de elaboración do viño ao que se lle poden engadir outros sabores para que non se lle note a uva mala e que non vai precisar no seu etiquetado de indicar os ingredientes. Venderanse sucedáneos que ameazan toda unha vella sabedoría. Velaí o viño convertido nunha metáfora anovada que deixa de ser sangue e suor, líquido vivificador. Mentres tanto en Graz, berce de Arnold Schwarzenegger, deciden retirarlle o nome do gobernador de California ao estadio de fútbol da cidade; seica el xa o solicitara, mais o motivo débese a que non fixo nada contra a pena de morte. Amigos alemáns comunícanme abraiados que en Tui atoparon unha praza e unha rúa dedicada ao "Xeneralísimo", ninguén aquí pode imaxinar unha Hitlerstrasse, engaden, o problema é que no Estado español hai quen pensa que Franco non se pode comparar co *führer*. Mais o remate de ano tráenos unha das mellores noticias, o triunfo electoral en Bolivia de Evo Morales, para demostrar que os movementos sociais xa son goberno e a alternativa é gobernar convencendo e non vencendo, para cambiar a historia. Gústannos as súas declaracións e o seu sorriso, ten cara de boa persoa e o que se ouve e o seu triunfo chéganos ao corazón. Cando o escoitamos todo nos parece unha utopía: non vai recibir chantaxes nin condicionamentos do goberno dos EE UU e fala da nacionalización de hidrocarburos, xa que o pobo pide a nacionalización e a voz do pobo é a voz de deus. Mais o triunfo de todo este movemento boliviano herdado de Túpk katari e doutros líderes xa é unha realidade. Nestas datas máis ca nunca, o pobo é deus, algo do que non se dera conta nin a Cope nin tampouco o Vaticano. Gustaríame que se comercializase esa bebida de coca elaborada polos indíxenas, iso si sería cambiar a historia. Imaxinen esa botella de coca-cola, de deseño orixinal, que conteña, a partir de agora, un líquido só empregado para eliminar a ferruxe da louza sanitaria. Imaxinen poder mercar esas botellas de bebida de coca, elaborada pola xente que a produce, metáfora de sangue e suor, líquido vivificador. Unha botella que se poida reciclar envolvida no tari, esa tea na que se ofrecen en cortesía as follas de coca. Iso si sería comercio xusto. Mentres tanto brindemos con cava catalán e desexemos que o ano próximo todos os nomes do fascismo se retiren das rúas.♦

HUMOR QUIXOTESCO

M. BARROS

Vinte orixinais procedentes do continente europeo e asiático sérvenlle ao Museo do Humor de Fene para render homenaxe a un dos personaxes máis internacionais da literatura española, o enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha.

Cando se cumpre o cuarto centenario da publicación da primeira edición da obra *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha*, o Museo do Humor de Fene súmase á conmemoración do aniversario coa posta en marcha da exposición *Quixotes do museo*. Nela, o seu director, Xaquín Marín, director do museo, rescatou dos fondos desta institución, un total de vinte debuxos procedentes do continente asiático e do europeo, que configuran un amplo abano de visións que debuxantes de humor plasmaron en papel sobre o cabaleiro andante.

Stanislav Ashamarin, dende Rusia, Roberto Valdez "Val", de Cuba, o belga Vittorio Bernardi, o iraní Ali Divandari, Li Hai Feng de China, Victor Kazanevsky dende Ucraína, o búlgaro Tsocho Peev ou o alemán Wolfran Shlegel son algúns dos autores que forman parte da nómina de sinaturas. A mostra, que se pode visitar no segundo andar do museo até o 20 de xaneiro, complétase coas obras de Harry Beuster, Ardagil Burhanettin, Peter Homola, Nikolay Fitkov, Muhittin Köroglu, Anthony Mladonn, Mileta Milaradovic, Peter Marinov e a creación de Michael Kountoris, gañador da Curuxa Gráfica 2005. A exposición inclúe ademais o traballo realizado por Xaquín Marín, autor do que agora se vén de reeditar en galego a súa obra *Ratas*, dentro do catálogo da mostra *O lado da sombra*, organizada pola Fundación Luís Seoane, que se presentou o pasado 16 de decembro na Coruña.

"Sen deixarnos influír pola posíbel paisanaxe de don Miguel de Cervantes Saavedra ou pola case certa orixe galega do gran escritor" comenta Xaquín Marín "non podemos menos que recoñecer que a súa novela *O enxeñoso fidalgo don Quixote da Mancha* é unha das grandes obras humorísticas da historia da humanidade, mesmo para algúns a invención do humorismo. Por iso, non queremos permanecer alleos".

Ano de celebracións

Esta homenaxe súmase a toda unha serie de iniciativas, máis ou menos afortunadas, que se desenvolveron durante todo o 2005. Ademais de campañas publicitarias para promoción turística, a estrea da película *Las locuras de D. Quijote*, de Rafael Alcázar, ou a posta en marcha de exposicións como *A arte na España do Quixote*, *Tapices españois do século XVIII* ou *O Quixote a través da arquitectura*, agora aparecen novas propostas da man dos avances tecnolóxicos. Deste xeito, ao tempo que é posíbel descargar dende internet o libro completo poden conseguirse no móbil, vía sms, os planos multimedia das rutas do cabaleiro andante, como se indica na páxina oficial do centenario do Quixote.♦

Arriba, unha visión do Quixote por Kountouris; á esquerda, o cartaz da mostra, de Xaquín Marín.

A Toupeira

Alberte Pagán

Ouveos por Guy Debord

Finalmente! Tantos anos ouvindo falar do cinema (invisível) de Debord, conseguindo traduçons mediocres da banda de som das suas películas (retiradas da circulaçom em 1984), traducindo mediocremente os seus guions, contemplando ilustraçons e fotogramas borrosos... Mas nengum texto pode substituir a película (contraste-se a versom livro coa versom película d'*A Sociedade do espectáculo*), e o cinema de Debord seguia fugidio e inapreensível. Tanto tempo, finalmente, visionando umha má cópia em VHS, conseguida através dalgum amigo dum amigo, dumha má restauraçom feita para o festival de Veneza de 2001: que decepçom comprovar a ausência dos subtítulos, incluídos nos guions como contraponto da voz e a estas alturas já aprendidos de memória, em *Critique de la séparation*, em *La Société du spectacle*, em *Réfutation de tous les jugements, tant élogieux qu'hostiles, qui ont été jusqu'ici porté sur le film "la Société du spectacle"*; que decepçom encontrar-se com que os 24 minutos de pantalha negra e silêncio cos que remata *Hurlements en faveur de Sade* ficarom reducidos a 16 e, incomprensivelmente, tingidos de branco após meia dúzia de minutos.

Finalmente, agora, reedita-se a obra cinematográfica completa de Debord e, felizmente para os que habitamos na periféria cultural, sai a versom em DVD (que a V.O. nom moleste: abondam traduçons dos guions na Rede) fermosamente editada por Gaumont-Columbia Tristar.

As seis películas de Debord (mais o par de anúncios, esteticamente independentes, feitos para duas delas), realizadas entre 1952 e 1978, constituem um todo de asombrosa coerência estética, ética e política. A primeira, a mais radical, *Hurlements...*, prescinde da image: a pantalha fica branca entanto ouvimos um seudo-diálogo de frases roubadas, *detournées* e poéticas como as das suas *Mémoires*, e volve-se preta co silêncio. Esta ausência de images precede, e diferencia-se de, a estruturalista *Arnulf Rainer* (Kubelka) e a estroboscópica *The Flicker* (Conrad). A pantalha branca ou negra de *Hurlements...* citará-se repetidamente no resto da sua obra, mas em *In girum imus nocte et consumimur igni* a cita será literal, reproducindo-se pantalha branca e texto simultáneo: (auto)apropriaçom dum texto apropriado (albiscamos certas semelhanças com Straub e Huillet). A primeira oraçom *In girum...*pom-nos sobre aviso: "Nom vou fazer ningumha concessom ao público"; e cara ao final desta sua derradeira película, ante umha nova pantalha branca, um intertítulo funciona como necrológica do cinema: "E aqui o espectador, privado de todo, será também privado de images."

No cinema de Debord convive poesia com política, filosofia com crítica cinematográfica, memórias com história, nostálgia com análise, amor com crónica. Se a lúcida e profética análise d'*A sociedade do espectáculo* (livro) devém película, enriquecendo-se coas images (ou ausência delas), multiplicando-se os significados, *In girum...* será o borrador do seu *Panégyric*. As mesmas images repetem-se numha e noutra película, a mesma dúzia de fotos de situacionistas, de amantes, de arquitecturas; as mesmas vinhetas; as mesmas cenas de películas apropriadas, *detournées*: *Johnny Guitar*, *Rio Grande*, *A carga da brigada ligeira*, em branco e negro e dobradas ao francês. Ou sem diálogos. Nom importam. Como nom importa a qualidade técnica. Só importa a image, a referência, transformada, desviada para uso persoal.

Debord parte de cero na história do cinema, como fará Andy Warhol, com cuja arte comparte certos recursos, como a re-utilizaçom de bandas desenhadas e de propaganda publicitária. Os numerosos anúncios de *Réfutation...* imitarám os de *Soap Opera* (Warhol). Debord: predecesor da arte *pop*.

O *détournement* debordiano, por meio do qual buscamos o significado real que as palavras e as images agacham, semelha-se aos *cut-ups* de Burroughs e Gysin. Umha mençom ao "Velho da Montanha" em *In girum...*, ao seu lema "Nada é verdade, todo está permitido", parece confirmar o parentesco, entanto as penúltimas palavras da obra cinematográfica de Debord, "nom haverá para mim retorno nem reconciliaçom", remitem a Straub através de Brecht (*Nom reconciliados, ou Só a violência serve onde a violência reina*).♦

atoupeira@yahoo.com

Presenza

FRANCISCO CARBALLO

Hai balbordo político: estatutos a debate, ornamentos discutíbeis, baile de tregua-atentados, a UE sen constitución nin orzamentos asegurados, países baixo a bota militar dos USA etc. Hai unha macroeconomía satisfactoria e unhas microeconomías en perigo; hai unha sociedade desigual até o delirio. Calquera pode desafiar a realidade con achegas para algo mellor; eu acóllome ao Nadal.

O Nadal é o centro de tres intres: advento, nadal, epifanía. Espera, encontro, manifestación. Todas as relixións expresan fe na comunicación de Deus ás criaturas.

Un Deus creador está presente na creación; en cada criatura de acordo coa natureza desa criatura. Nos humanos na propia racionabilidade.

O que distingue o cristianismo doutras relixións é a fe na presenza creadora e santificadora de Deus que acada un *maximum* en Xesús de Nazaré. Celebra o crente cristián no Nadal ese inicio da vida de Xesús que finaliza na cruz da que triunfa na resurrección. "Se Cristo resucitou, nós resucitaremos", escribiu San Paulo. E podiamos proseguir as correlacións: no Nadal cantamos a inundación de graza no nacemento de Xesús, e nós nacemos coa graza divina baixo o brazo. No bautismo no Xordán de Xesús, a multitude observou como se aparecía cheo de humildade para proclamar o Reino de Deus; no noso bautismo entramos na comunidade dos crentes para seguimento dese mesmo "reino". El cargou coa cruz e xa nos invitara a cada un a cargar coa nosa cruz. En resumo: o Nadal reafirma a nosa realidade de craturas amadas e destinadas á alegría da creación dun Deus que nos doou a Xesús como mestre de paz.

Nadal, *shalom*, paz, comprensión, seguridade. Espero cos cristiáns compatir alegría no 2006 para curación e saúde de todos e en todos os continentes.♦

Libros con Agasallo



Caras de Pontevedra
Fotografías de Xosé Luís Alonso



Memoria do Sar
José Luís e Miguel Cabo Villaverde

Xesús Torres Regueiro



Iago Santos Castroviejo
Antonio Nores Soliño



Félix García Yáñez

A NOSA TERRA

O Trinque

Noite de San Silvestre

O 31 de decembro acaba o ano e cómpre festa rachada, champaña, cava, bo viño, doces, viandas e todo canto preste. Mais ese día celébrase San Silvestre e moitos misterios seguen vivos entre a brétema de Galiza. Disque na noite de San Silvestre poden pasar cousas estrañas: os mortos voltan para celebraren cos vivos a Noitevella e hai que ter conta con non pisar ningún becho vivo pois poden ocultar almas de humanos.♦

LeCeR

Coordinación: Xesús Vaamonde Cid

GUIEIRO DE CULTURA E ESPECTÁCULOS

As fotografías de Margaret Bourke White continúan expostas na *Fundación Caixa Galicia* da CORUÑA.

Ames

■ **TEATRO**

O CASO
DA RÚA LOURCINE
Poderemos ver a peza representada por **Teatro do Morcego** este venres 30 no *CSC* de Bertamiráns.

Arzúa

■ **EXPOSICIÓNS**

UNHA VILA,
TODAS AS VILAS
Podemos visitar esta mostra fotográfica no *Multiusos Municipal*.

Barbadás

■ **EXPOSICIÓNS**

LEANDRO SÁNCHEZ
As súas pinturas pódense contemplar na *Casa da Cultura*.

O Barco

■ **EXPOSICIÓNS**

FITAS DE LÚA BRANCA
Pinturas de **Estrella Naseiro** que se expoñen na sala *Caixanova*.

Boiro

■ **EXPOSICIÓNS**

HIMNO A AFRODITA
Podemos ollar esta magnífica mostra de pintura e poesía de **Paola García Paz** e **Alberto Pinheiro** durante decembro no *Centro Social*, de 9 a 21 h.

Bueu

■ **EXPOSICIÓNS**

CONTRASTES
O museo *Massó* acolle a mostra fotográfica ***A mirada dos irmáns Massó***.

Cambre

■ **EXPOSICIONS**

XXII CERTAME
DE PINTURA
As obras presentadas ao certame convocado polo concello pódense contemplar na sala de exposicións da Biblioteca Municipal até o 30 de decembro.

Cangas

■ **EXPOSICIONS**

MERCEDES GROBA
Podemos ollar as súas pinturas, xunto coas de **Eurico Borges,** na Casa da Cultura *Ángel Botello*, até final de decembro.

O Carballiño

■ **EXPOSICIÓNS**

ECOS DA CREACIÓN
Fotografías de **Manuel Lemos** que podemos ollar até o 8 de xaneiro no *Auditorio Municipal*.

Cee

■ **TEATRO**

PÍO
Podemos disfrutar da representación desta peza da man da compañía **Caramuxo** este xoves 29 no *Salón de Actos* do Concello.

A Coruña

■ **ACTOS**

NINGÚN
NENO SEN REIS
O café o *Alfaiate* e *Tanxencias Cómics* organizan unha festa de fin de ano a partir da 1 h, na que os asistentes serán invitados a unha copa por cada libro de banda deseñada que leven para colaborar nesta campaña. Os libros deberán estar en bo estado, ser apropiados para cativos e historias completas. Poden entregarse antes da festa en *Tanxencias* (praza Padre Rubinos, 14), ou esa mesma noite no *Alfaiate*.

■ **EXPOSICIÓNS**

GRANDES MESTRES
Na galería *Coarte* encóntrase esta mostra na que poderemos gozar de obras de artistas da relevancia de **Picasso**, **Miró**, **Tápies**, **Antoni Clavé** e **Antonio Saura**.

O INXENIOSO
FIDALGO D. QUIXOTE
Ilustracións de **Jordi Vila Delclós** en técnica mixta de pigmentos e gouache na Biblioteca Pública *Miguel G. Garcés* até o 20 de xaneiro.

MARIOLA HEREDERO
O *Casino Atlántico* amosa as súas acuarelas costumistas até final de decembro.

ICONAS RUSAS
Até o venres 30 podemos visitar en *Víctor González Rial Antigüidades* esta mostra de obxectos dos séculos XVIII e XIX.

EL QUIJOTE
DE CARLOS III
No *Quiosque Alfonso* podemos ollar a magnífica mostra *Tapices da Real Fábrica de Nápoles.*

PINTANDO
COAS BRUMAS
No *Museo de Belas Artes* realízase, a través de 59 obras, un percorrido polo mellor de **Tino Grandío**, á vez que se pode comparar a súa temática e estilo con artistas como **Luís Seoane**, **Laxeiro**, **Pesqueira**, **Xesús Corredoyra** e **Pancho Cossío,** entre outros. Até o 29 de xaneiro de 2006.

IMPRESIONISMO
As obras mestras do ***Museo Wallraf Richartz, Fundación Corbourd*** pódense contemplar, por 1ª vez na Península Ibérica, na *Fundación Barrié* até o 5 de febreiro. Unha coidada escolma de 41 paisaxes realizadas por artistas da talla de **Courbet**, **Pissarro**, **Daubgny**, **Sisley**, **Monet**, **Renoir**, **Cézanne**, **Gauguin**, **Toulouse-Lautrec** ou **Matisse.**

PINA LUPIÁÑEZ
O pintor madrileño mostra os seus lenzos na galería Coarte (Paio Gómez 18) até o 31 de decembro.

PAT ANDREA
O museo de arte contemporánea *Unión Fenosa* presenta esta mostra até finais de xaneiro de 2006.

GLOBAL
A *Fundación Luis Seoane* acolle as esculturas cerámicas de **Xabier Toubes** até marzo.

KATI HORNA
Até final de ano o *Arquivo do Reino de Galiza* reúne as impresionantes imaxes desta fotógrafa realizadas durante a Guerra Civil Española.

MARGARET
BOURKE WHITE
A *Fundación Caixa Galicia* mostra as súas fotografías sobre un amplo sarillo de temas:a industria, os rañaceos, retratos de crianzas, supervivintes dos campos nazis, a SulÁfrica do apartheid ou a India de Ghandi. Un cento de imaxes dunha das profesionais máis importantes da fotografía. Até o 8 de xaneiro.

ANTÁRTIDA
As fotografías de **Norbert Wu** pódense ollar no *Aquarium Finisterrae*.

GALEGUIDADE
UNIVERSAL
A *Fundación Luís Seoane* acolle esta magnífica mostra sobre a relación entre o propio **Seoane** e **Lorenzo Varela,** até xaneiro de 2006.

Culleredo

■ **EXPOSICIONS**

O ESPÍRITO
DE MARIÑÁN
Podemos visitar esta colectiva de pintura até o sábado 14 na *Aula da Natureza* do Xardín Botánico do Burgo.

Fene

■ **EXPOSICIÓNS**

QUIXOTES DO MUSEO
Até o 20 de xaneiro poderemos contemplar esta mostra no Museo do Humor.

Ferrol

■ **CINEMA**

RIDLEY SCOTT
Dentro do ciclo *Cinema de Autor* da *Fundación Caixa Galicia*, podemos ollar na sede desta entidade, este xoves 29 ás 20 h e con entrada libre até completar aforo, á fita ***Los duelistas.***

■ **EXPOSICIÓNS**

PEQUENO FORMATO
Podemos ollar esta colectiva até o 9 de xaneiro no *Ateneo*.

SUSO BASTERRECHEA
Expón os seus lenzos na galería *Sargadelos* até o 8 de xaneiro. Todos os xoves ás 19 h, en tanto dure a mostra, o artista ofrecerá unha charla pedagóxica sobre a súa obra.

RAFAEL ROMERO
O *Casino Ferrolán* presenta a súa mostra *25 anos pintando Galicia.*

GALICIA,
CAMIÑO CELESTE
Mostra de fotografías aéreas de **Xurxo Lobato** que podemos ollar na sede da *Fundación Caixa Galicia*.

SGHN
A Sociedade Galega de Historia Natural abre ao público o seu museo, no que se poden contemplar esqueletos de diferentes animais e unha colección de pegadas e de minerais, entre outros elementos.

Títeres Cachirulo actúa este xoves 29 en GONDOMAR.

Gondomar

■ **TEATRO**

TÍTERES CACHIRULO
Presentan este xoves 29 no *Auditorio Municipal* a peza ***Camiño de Aventuras***. No mesmo lugar poderemos ollar o venres 30 ***Pedro e o lobo,*** da compañía **Tres Globos.**

Guitiriz

■ **EXPOSICIONS**

SETE MUÍÑOS
As pinturas de **Ovidio Escolante** poden ollarse na *Casa Consistorial* até o sábado 14.

Suso Basterrechea expón na galería *Sargadelos* de FERROL.



Carteleira

VIVA ZAPATERO. Sabina Guzzanti é unha cómica italiana, o seu programa de sátira política foi retirado tras a primeira emisión. Sabina decidiu facer un documental que, a modo de diario, seguise paso a paso o proceso dende a retirada do programa até a sentenza final.

AS CRÓNICAS DE NARNIA: O LEÓN, A BRUXA E O ARMARIO. Catro irmáns descobren un mundo mítico, Narnia, que os libera do medo ás bombas da II Guerra Mundial. Cinema de fantasía da factoría Disney.

HARRY POTTER E O CÁLIZ DE LUME. Nova aventura do mago xa adolescente, que nesta aventura terá que lidar non só cos problemas da súa educación máxica senón cos cambios que sofre no seu crecemento.

OS 2 LADOS DA CAMA. A segunda parte da comedia española de máis éxito do 2002 consegue non quedar por baixo da anterior (para algúns mesmo a mellora). Parellas e infedilidades nos arredores dos trinta, con humor, música e un guión máis traballado. Escena épica, a de Alberto San Juan cantando: *Fuí paloma por querer ser gavilán.*

KING KONG. Un equipo de cinema descubre unha illa e captura a un mono xigante que se namora da protagonista da película. Despois, trasládano a Nova York, onde fuxe causando o pánico xeral. Máis efectos especiais que orixinalidade nunha película de metraxe estirada.

VAITE E VIVE. 1984, no decurso da Operación Moisés para levar a Israel os xudeus etíopes, cólase un neno cristián, que será adoptado ao chegar a Xerusalén. O rapaz terá que vivir co secreto no medio dunha sociedade que lle é hostil aos xudeus negros.

OLIVER TWIST. Inglaterra, século XIX. O pequeno Oliver Twist críase nun orfanato até que, con dez anos, pasa a ser aprendiz de enterrador. Fuxindo das desgrazas e malos tratos, Oliver chega a Londres, onde será reclutado por unha banda de carteiristas baixo o mando de Fagin.

NOS SEUS ZAPATOS. Maggie (Cameron Díaz) é guapa, vaga, superficial e sedutora. Súa irmá Rose (Toni Collette), vive encerrada nun piso precioso, incapaz de relacionarse por mor da súa baixa autoestima. Cando ambas teñen que compartir piso haberá lea por causa dunha preciosa colección de zapatos, o único orgullo de Rose.

ARCADIA. Un enxeñeiro moi cualificado queda no paro por mor da deslocalización e descobre as dificultades para atopar un novo traballo, por iso decide matar os seus competidores. Temática de luns ao sol con executivos.

O EXORCISMO DE EMILY ROSE. Baseada nun feito real. Unha avogada atea acepta defender un sacerdote acusado de neglixencia ao deixar morrer unha suposta posuída durante un exorcismo. A Igrexa católica usou a película para defender a real existencia de posesións diabólicas.

PROGRAMA DE VOO: DESAPARECIDA. Inexplicabelmente, Kyle Pratt (Jodie Foster) perdeu a súa filla no inmenso avión que ela mesma deseñara. Todos os que a rodean dinlle que subiu soa á aeronave pero ela sabe que non está tola e quere demostrar que alguén está a xudiar con ela.

ELSA E FRED. Historia de amor de dous anciáns, os actores China Zorrilla e Manuel Aleixandre, que conseguen aos 80 anos cumprir os seus románticos soños de mocidade. Comedia tenra sobre a necesidade de deixarse vencer pola fantasía.♦



Un cubano entre 3 galegos **chámase a mostra da galería *Visol* de OURENSE na que participan Andrés Puig, Alexandro, Vidal Souto e X. Cuíñas.**

Lugo

■ **EXPOSICIÓNS**

VOLTA A CASA POR NADAL
Mostra colectiva que acolle a galería *Amararte* até o sábado 7.

MURALLA ROMANA
Os traballos do *I Certame internacional de fotografía* pódense ollar na *Biblioteca Pública Provincial*.

COLECTIVA DE NADAL
Podemos ollar esta mostra na sala *Puerta 11*.

ARTE NADAL
A Asociación de Artesáns organiza este mercado, até o 5 de xaneiro, na Praza da Soidade.

OLGA DE PABLOS
A galería *Sargadelos* expón os seus óleos e acuarelas.

RICARDO SACRISTÁN ARRIETA
Podemos ollar as súas acuarelas na sala *Amararte*.

ETNO LAB
Obras dos deseñadores **Martín de Azúa** e **Gerard Moliné** na capela de *Santa María*.

JUAN HERNÁNDEZ PIJUÁN
Podemos ollar esta mostra na sede da *Fundación Caixa Galicia* até o 8 de xaneiro.

TIENTOS E SILENCIOS
A sala da Deputación acolle a mostra ***Jesús Val y Gay no seu centenario.***

MANUEL CARREIRA
A sala *Puerta 11* acolle os seus óleos.

■ **MÚSICA**

ÑACO GOÑI & BLUESCAVIDAS
Este venres 30 o *Clavicémbalo* acolle este concerto de blues.

■ **TEATRO**

A FACTORÍA TEATRO
Os máis cativos poderán gozar coa peza ***Iesi cebola contra a doutora Rabia Rabiña*** este xoves 29 no auditorio municipal *Gustavo Freire*.

PALIMOCO
Este grupo representa no *Clavicémbalo* ***Un pingüino e un percebe*** este xoves 29.

Monforte

■ **EXPOSICIÓNS**

XXV ANOS DA ESCOLA INFANTIL
O *Centro de Maiores* de *Caixa Galicia* acolle esta mostra fotográfica até final de decembro.

Noia

■ **TEATRO**

LASAL
Esta compañía presenta ***Aguaire*** este xoves 29 no *Coliseo Noela*.

Oleiros

■ **EXPOSICIÓNS**

DOÑANA
DESDE UNHA NUBE
O Castelo de Santa Cruz acolle as fotografías de **Héctor Garrido** até o 31 de xaneiro.

Ourense

■ **EXPOSICIÓNS**

X.L. MÉNDEZ FERRÍN
Os artistas galegos homenaxean ao escritor cunha mostra, que se pode visitar até o domingo 22, no *CC da Deputación*.

JAIME ISIDORO
Este artista, considerado como un dos referentes da pintura portuguesa, expón no *CC da Deputación* até o domingo 8.

ANSELMO IGLESIAS
Até o domingo 15 podemos coñecer a súa obra no *Museo Municipal*.

UN CUBANO ENTRE TRES GALEGOS
Así se chama a mostra de **Andrés Puig, Alexandro, Vidal Souto** e **X. Cuíñas** que podemos contemplar na galería *Visol* até o 30 de xaneiro.

BARCELÓ
Podemos ollar as fotografías que lle realizou **Jean-Marie del Moral** no *C.C. da Deputación* até o 8 de xaneiro.

OURENSE ARTE ESENCIAL
Podemos visitar a mostra *De Antonio Puga aos nosos días* até o 8 de xaneiro na sede da *Fundación Caixanova*.

■ **TEATRO**

XIRRIQUITEULE
Para os máis cativos, a compañía catalá presenta ***Papirus*** este xoves 29 ás 17 h. no teatro *Principal*.

Pontevedra

■ **EXPOSICIÓNS**

TEMPO MORTO
A sala *X* da *Facultade de Belas Artes* expón até o 12 de xaneiro as esculturas de **Ramón González Echeverría**.

MANUEL MOLDES
Podemos ollar a mostra *Tempos de Pintura* até o 10 de xaneiro no *Pazo da Cultura*.

TAUROMAQUIAS
Nesta mostra, que se pode visitar no edificio *Sarmiento* do *Museo de Pontevedra* até final de decembro, documéntase a forma de plasmar o mundo dos touros por parte de **Goya** e **Carnicero,** dous artistas coetáneos con transcendencia, proxección e visións moi dispares.

O Porriño

■ **ACTOS**

LÚA CONLUVAS
Viaxeira incansábel, nada preguiceira á hora de parolar sobre as súas andanzas, e que nos conta as cousas curiosas e formas de vida e sentir doutros países. Para crianzas, os xoves de 18,30 a 19,30 no Centro Cultural.

■ **CINEMA**

QUILLS
A película de **Philip Kaufman** proxéctase este xoves 29 ás 21 h. no *CC Municipal*.

Ribadavia

■ **EXPOSICIÓNS**

SEGUINDO O FÍO
O *Museo Etnolóxico* acolle, até final de ano, a mostra *Historia do téxtil en Galiza*.

Ribadeo

■ **EXPOSICIÓNS**

OLARÍA GALEGA
Até o 20 de xaneiro podemos visitar esta mostra na sala da *Omic* (Nova Oficina de Turismo).

■ **MÚSICA**

OPERACIÓN PUNK
Este concerto celébrase no *Auditorio Municipal* o venres 30 ás 22,30 h. cunha entrada de 2 euros. No mesmo lugar teremos o mércores 4 ás 21 h. o tradicional ***Concerto de Aninovo*** ao cargo da **Banda Sinfónica Municipal.**

Ribeira

■ **EXPOSICIÓNS**

LOS CAPRICHOS DE GOYA Y DALÍ
Podemos admirar esta mostra no *Museo do Gravado* en Artes.

Manuel Moldes expón no *Pazo da Cultura* de PONTEVEDRA

Sada

■ **EXPOSICIÓNS**

ROSARIO ARRIAZA
Até finais de mes a pintora amosa a súa obra na casa da cultura *Pintor Lloréns*.

Samos

■ **EXPOSICIÓNS**

HISTORIA DE DÚAS RECUPERACIÓNS
Nesta mostra poden apreciarse os arranxos de San Xulián de Samos realizados en 1880 e 1951; até o 31 de decembro no Mosteiro.

Santiago

■ **ACTOS**

OBRADOIROS DE NADAL NO CGAC
Para a mocidade de 11 a 14 anos vai dirixido ***Animarte. Obxectos en movemento*** para achegarse ao mundo da animación en vídeo será impartido por Eduardo Outeiro e Diego Lamas do 2 ao 5 de xaneiro de 12 a 14 h. ***Xogos de luz e sombras,*** para crianzas de 8 a 12 anos, utiliza a luz como instrumento que se pode manipular e co que xogar e será impartido por Manuel Gómez do 2 ao 5 de xaneiro de 11 a 13 h. Máis información no Centro Galego de Arte Contemporánea, telf. 981 546 614 / 17.

■ **CINEMA**

CINECLUBE COMPOSTELA
O martes 3 ás 22,30 h. proxéctase en versión orixinal e con entrada de balde no centro social *O Pichel* (Santa Clara 21, baixo) ***O espello*** (1975), fita soviética dirixida por **Andrei Tarkovsky.**

■ **EXPOSICIÓNS**

RAMÓN CONDE
Os traballos deste escultor exhíbense, xunto coas pinturas de **Alfonso Costa,** até o venres 20 de xaneiro na galería *Epocarte* da *Fundación Araguaney*.

ESTAMPAS CONTEMPORÁNEAS
A galería *JV Espazo Arte* acolle esta colectiva de gravado até o domingo 15 de xaneiro.

CHUNETA
A súa obra exponse até o luns 16 de xaneiro na galería *Trinta*.

UN ANO DE VOZ
As fotografías de **Paco Rodríguez, Álvarez Ballesteros, Xoán Soler** e **Sandra Alonso** pódense ollar, até despois de Reis, no Museo do Pobo Galego.

IV PREMIO NOVOS ARTISTAS
Podemos visitar esta mostra até o 5 de febreiro na sala *Isaac Díaz Pardo* do *Auditorio de Galiza*.

OLLADA INGLESA, CORAZÓN GALEGO
Esta mostra pode visitarse, até o 26 de febreiro, no *Museo das Peregrinacións*.

ISABEL MARÍA
Serie fotográfica titulada *A man do artista* que podemos contemplar na galería *DF* até o 4 de febreiro. As mans crean, impoñen formas, un contorno, un estilo. A man é acción: colle, mide, deseña...

JORGE PETEIRO
A sala de arte do *Correo Galego* acolle a mostra da súa obra *Para muestra, un botón*.

EL HOMBRE ERGUIDO
O traballo da pintora **Carmen Chacón** exponse até o 21 de xaneiro na galería *C5 Colección*.

HOMES E VÍTIMAS
Obras de **Roberto González** que permanecerán na galería *Espacio 48* até o 8 de xaneiro.

ANTÓN LAMAZARES
O pintor e escultor lalinense presenta, até o 5 de xaneiro, na sala *SCQ* a súa última serie titulada *E fai frío no lume*, realizada integramente en Berlín, onde reside actualmente.

CLAUDIA TERSTAPPEN
Lugares de culto chámase a súa exposición que podemos contemplar na Igrexa da Universidade.

BERNARDO TEJEDA
A súa instalación *Cinco camas* pódes contemplar na galería Sargadelos até o 31 de decembro.

ANTÍA MOURE
Ademais de **José Bechara** e **Pedro Gomes** mostran as súas obras na sala de arte *A Chocolataría*. Máis información en d5@achocolataria.com.

LEOPOLDO VARELA
Podemos ollar esta magnífica mostra na *Casa da Parra* até o 30 de decembro.

TOULOUSE LAUTREC
Esta mostra na súa homenaxe pode visitarse na capela sala de exposións do *Pazo de Fonseca*.

RETRATOS EXEMPLARES
Exposición de **Eduardo Arroyo** na *Fundación T. Ballester*, até o 7 de xaneiro, dentro das actividades conmemorativas do *XVII premio de Narrativa Torrente Ballester.*

FRIDA KAHLO
Na *Fundación Caixa Galicia* (Rúa do Vilar 19) podemos admirar unha interesante retrospectiva sobre a figura da fascinante pintora mexicana, até o 20 de xaneiro.

TERESA HUBBARD / ALEXANDER BIRCHLER
De Irlanda e Suíza, respectivamente, levan máis de 10 anos traballando xuntos. Aínda que ao primeiro se decantaban pola escultura, *performance*, fotografía e instalacións, hoxe evolúiron cara a posta en escena de interiores, usando o vídeo e a fotografía para crearen historias que evocan un mundo enigmático e poético unido a conceptos escultóricos e espaciais. No CGAC até o 8 de xaneiro.

O ESTUDO E OS AMIGOS DE GRANELL
A *Fundación Granell* acolle esta mostra até final de ano, na que se recrea o entorno de traballo do artista, con obxectos persoais de uso cotián, e obras agasalladas por amigos surrealistas como **Wilfredo Lam, Marcel Duchamp, Filip West, Artur Cruceiro Seixas, Mario Cesariny** e **Penelope** e **Franklin Rosemont,** entre outros, ou adquiridas por el mesmo, como un **Picasso.**

JIM HODGES
Don't be afraid / Non teñas medo é o mural, realizado en colaboración con membros das Nacións Unidas, por este artista, que quería expresar no maior número de linguas posíbel esta frase. Até o 8 de xaneiro no CGAC.

Tui

■ **EXPOSICIÓNS**

COLECTIVA DE NADAL
Un ano máis a galería *Trisquel e Medulio* amosa obras dun centenar de autores, que podemos ollar até o 28 de xaneiro.

Antón Lamazares mostra a súa pintura na galería SCQ de SANTIAGO.

Para a inclusión de información nestas páxinas do *Lecer* pregámosvos nolas fagades chegar antes dos luns. Pódese facer a través do correo, Aptdo. 1.371, 36200 Vigo; por Telf., 986 222 405, por Fax 986 223 101ou correo electrónico info@anosaterra.com

Valdoviño

■ **TEATRO**

LUZAMA

Este grupo actúa o venres 30 ás 20,30 h. no *Local Social* de Lago presentando a peza ***O testamento do tío Lelé.***

Vigo

■ **ACTOS**

DE BECARIO A EMPRESARIO

Xornada organizada pola Asociación de Becarios da Fundación Barrié que terá lugar na sede desta última entidade na rúa Policarpo Sanz 31 o venres 30 de decembro con entrada libre. A presentación faráa, ás 11, **Fernando González Laxe,** presidente de Asociación de Becarios, e **Marta Rey García,** directora da Fundación Barrié; ás 11,05 comeza a exposición de ponencias con **Xabier Boullón Agrelo,** socio fundador e director de área de xestión de calidade de FBA Consulting; **Benxamín Estévez de Cominges,** cofundador do grupo Verticalia.com; **Laureano Simón Buela,** fundador e conselleiro delegado de Progenika Biopharma SA; **Francisco Hernández Marcos,** fundador de Crisalia Servicios Financieros; e **Antonio García Fernández,** fundador e director da editorial www.edicións-espontaneas.com. Ás 12,30 haberá un debate moderado por **Fernando G. Laxe** e ás 13,30 as conclusións e clausura. Esta xornada pretende facilitar aos interesados no tema os medios para dar a conocer ideas, problemas que poidan xurdir e as solucións, á hora de crear empresa.

Convocatorias

XXIII PREMIO XERAIS DE NOVELA

Poderán concorrer todos aquela persoas de calquera nacionalidade que presenten os seus orixinais en lingua galega, conforme á normativa vixente, con traballos inéditos e totalmente orixinais. De cada orixinal entregaranse seis copias en papel tamaño folio ou holandesa, mecanografados a duplo espazo, antes do 7 de abril nos locais sociais de Edicións Xerais de Galicia, SA, rúa Doutor Marañón 12, 36211 **VIGO.** Co orixinal, que deberá ser presentado baixo lema, axuntarase, en sobre pecho, o nome completo, enderezo e teléfono do autor/a e o título da obra, indicando no sobre: para o *Premio Xerais de Novela*. Da mesma maneira, *Edicións Xerais* convoca o ***Premio Merlín de Literatura Infantil,*** e a ***I Edición do Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil*** que se rexerá baixo as mesmas normas co anterior, tendo que indicar no sobre para o *Premio Merlín* ou para o *Premio Fundación Caixa Galicia*. Máis información no teléfono 986 214 888 ou en www.xerais.es.

III PREMIO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO

Caixanova pretende con este certame animar e impulsar o uso da lingua galega nos medios de comunicación, ao tempo que recoñece a tradición literaria e xornalística dos escritores que utilizaron e utilizan a nosa lingua na prensa. Este certame acollerá traballos xornalísticos de todo xénero, publicados con nome ou pseudónimo, en calquera medio de comunicación impreso de Galiza ou fóra, entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2005, e que estean escritos en lingua galega. Cada autor só poderá participar cun traballo, do que se deberán presentar orixinal e catro fotocopias da páxina completa do xornal ou revista que acollese a publicación, de xeito que se poida identificar a data correspondente á edición do traballo.

En sobre á parte, e acompañando o traballo a concurso, incluiranse os dados persoais do autor, e remitirase todo, antes do 10 de xaneiro de 2006, á Área Sociocultural de *Caixanova*, rúa Augusto González Besada 2, 36001 de **Pontevedra,** indicando no exterior *Para o Premio Francisco Fernández del Riego*. Ademais *Caixanova* tamén promove o ***XXVII Premio de Xornalismo Julio Camba,*** baixo as mesmas bases que o anterior, mais destinado a traballos xornalísticos escritos en castelán. Ambos certames teñen unha retribución de 12.000 euros.

XII PREMIO ÁLVARO CUNQUEIRO

O Concello de Lalín e a asociación *Amigos da Cociña Galega* promoven este certame de xornalismo gastronómico, no que poden participar todos aqueles escritores e xornalistas que publicaran libros, artigos, entrevistas ou comentarios, en galego ou castelán e nos distintos medios de comunicación, sobre temas relacionados coa gastronomía galega nos últimos catro anos. Os traballos, de carácter inédito, deberán ser presentados, ben polo seu autor, ben por terceiras persoas ou entidades, aportando seis exemplares que xustifiquen a súa opción ao premio e un escrito dirixido ao alcalde-presidente do Concello de **LALÍN** co nome, dados persoais, teléfono de contacto e currículo do autor e, no seu caso, tamén do presentador. Se se trata de artigos xornalísticos chegará o xornal orixinal completo e cinco fotocopias do artigo e, en caso de traballos de radio ou televisión, axuntaranse seis fitas gravadas, CDs ou DVDs, acompañadas dunha certificación expedida polo director da emisora ou canle. Para a categoría de páxinas *web* bastará un escrito no que se indique o enderezo correspondente. O prazo de presentación remata o 13 de xaneiro de 2006. Máis información en www.lalin.org.

XPRÉSSATE EN TUI 06

Avid Technology SL e *Play-Doc*, o *Festival Internacional de Documentais* de **Tui** promoven este concurso/obradoiro de curtas documentais para o apoio ao talento entre os novos realizadores que inician os seus pasos no mundo do documental. Este certame constará de tres partes: o ***Seminario de Montaxe***, impartido por un montador profesional de recoñecido prestixio; o ***Obradoiro do Festival,*** supervisado por un especialista de *Avid*; e o ***Concurso Xprésssate,*** no que o público do *Play-Doc* decidirá cal dos traballos resultantes será o gañador. Despois do festival, *Avid* decidirá que proxectos permanecen dentro da iniciativa *Avidhoc* e facilitará aos autores os medios para que a súa obra definitiva se reedite na extensión acordada e se remate (posprodución en formato vídeo) coa máxima calidade técnica baixo a tutelaxe de *Avid*. O prazo para presentar os proxectos remata o vindeiro 3 de febreiro de 2006. Aqueles que desexen participar neste concurso poden atopar as bases, a ficha de inscrición e máis información en www.avidarena.com e www.play-doc.com.♦

D.O.G.

CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Convócanse axudas para financiar actividades das confederacións e federacións de pais de alumnos e das asociacións de alumnos de centros de educación especial para o ano 2006. As axudas can destinadas tanto para a realización para a realización de actividades como para sufragar gastos derivados da xestión, administración, adquisición de material non inventariábel e mantendo ordinario das instalación que se orixinen no período subvencionado. As solicitudes deberanse presentar no rexistro xeral da consellaría antes do venres 27 de xaneiro de 2006. Toda a información referida a esta orde está recollida no DOG de 19 de decembro de 2005.♦

TALLERES NO MARCO

O *Museo de Arte Contemporánea* organiza, aproveitando o período de vacacións de Nadal, unha serie de actividades complementarias á exposición ***Chichaku. Tempo e memoria en Xapón***. O venres 30 o mestre de banda deseñada na escola *Joso* de Sabadell **Tomás Morón** imparte un ***Taller de Manga para Cativos de 3 a 8 anos*** con entrada de balde, ao igual que os talleres infantís ***Papeis e cartóns para agasallar***, nos que o xoves 29 e venres 30 de 12 a 14 h. os máis pequenos poderán coñecer a arte do origami ou papiroflexia xaponesa. Máis información en www.marcovigo.es.

■ **CINEMA**

RESFEST 2005

No salón de actos do MARCO continúa a edición do festival de cinema dixital, no que poderemos ollar este xoves 29 ás 20 h. ***Shorts III*** e ***Cinema Electrónica;*** para rematar o venres 30 con ***Shorts II*** e ***Videos that Rock.***

■ **EXPOSICIÓNS**

DO SACRO E DO PROFANO

As fotografías de **Víctor Manuel Gracia** expóñense na galería *Termes* até o venres 20 de xaneiro.

AUTISMO

A mostra fotográfica *Achégate ás persoas con autismo*, cedida pola Confederación Autismo España á Fundación Menela, encóntrase no Edificio Cami da rúa da Laxe 3, onde poderemos contemplala até o 20 de xaneiro.

Marta Armada expón na *Casa Roxa* viguesa.

MARTA ARMADA

Baixo o título Al Faro a pintora viguesa presenta pinturas e deseños na *Casa Roxa* até o 14 de xaneiro.

MARCELINO BÉRTOLO ÁLVAREZ

Podemos ollar os seus óleos na *Casa da Xuventude*.

O MAR

Podemos ollar esta mostra dos fondos da colección *Caixa Galicia* até o 8 de xaneiro na sede desta entidade.

XOSÉ FREIXANES

Historias de Lúa chámalle á mostra que, até o 5 de xaneiro, podemos contemplar na galería *PM8* (Pablo Morillo 8).



Marcelino Bértolo colga os seus cadros na *Casa da Xuventude* de VIGO.

WILDLIFE PHOTOGRAPHER OF THE YEAR 05

As obras do prestixioso premio de fotografía de natureza, recoñecido como o máis importante do mundo, organizado pola *BBC Wildlife Magazine* e o *Museo de Historia Natural* de London, estarán expostas na sala *III* do *CS Caixanova* até o 15 de xaneiro.

ARREDOR DE VERNE

O *Verbum* exhibe, até xaneiro, 80 fotografías relacionadas coa súa figura.

XULIO VERNE

Podemos visitar no *Museo do Mar* até o 12 de febreiro a mostra *Unha viaxe pola Galiza extraordinaria*.

VIDA E MORTE NO ANTIGO EXIPTO

O CC Caixanova acolle a mostra *Da arte faraónica ao faro de Alexandría*, até o 8 de xaneiro.

A Rede



ASOCIACIÓN GALEGA DE XOGOS POPULARES
www.agxpt.org

Páxina electrónica da Asociación Galega de Xogos Populares e Tradicionais, integrada en Brinquedia, a Rede Galega de Xogos Tradicionais. O obxectivo da entidade é unir esforzos para favorecer o desenvolvemento e práctica dos xogos populares e tradicionais. No sitio explícase por que temos a necesidade dos xogos, dáse conta dos trazos distintivos dos xogos tradicionais, deténdose nos xogos galegos, infórmase sobre o patrimonio lúdico do noso país e ofrécense servizos e ligazóns.♦

PEDRO BREY GUERRA

Expón a súa fotografía, até o 10 de xaneiro, na *Casa das Artes*.

TITANIC. THE EXHIBITION

Esta mostra sobre o magnífico e malogrado transatlántico, con obxectos recuperados como xoias, cartas, fotos, móbeis, ou documentos, así como reproducións dos cuartos, corredores, salas de festas, e as novas de xornais de todo o mundo que recolleron o desastre, permanecerá no IFEVI até o 15 de xaneiro.

GALICIA INDUSTRIAL

A *Fundación Barrié* inaugura a súa nova sede na cidade (Policarpo Sanz 31) con esta impresionante mostra, de produción propia, que cobre máis de dous séculos de desenvolvimento industrial no noso país, desde os precursores do s. XVIII até as novas industrias do s. XXI. Os centros de ensino e outros colectivos poden solicitar a participación nos obradoiros didácticos ou as visitas comentadas para grupos no telf. 986 110 220.

ABERTO POR OBRAS

Esta proposta parte da investigación sobre os procesos da creación da arte dun grupo de traballo vinculado á Facultade de Belas Artes de Pontevedra, e converte o *Espazo Anexo* do *MARCO*, nun lugar de experimentación aberto e activo.

CHIKAKU: TEMPO E MEMORIA

Esta mostra reúne, até o 22 de xaneiro na planta baixa do MARCO, obras de 16 artistas xaponeses contemporáneos, cunha visión intencionadamente ecléctica que inclúe, ademais de obra plástica, exemplos de fotografía, cinema, vídeo, multimedia, e arquitectura, nun intento por establecer novos nexos de unión entre artistas de diferentes períodos e xéneros.

A PATRIA ESTÁ AO VIRAR NA ESQUINA

No MARCO encóntrase esta mostra sobre a fotografía contemporánea en Austria, que a través de máis de 80 imaxes de 14 artistas (ademais de vídeos, pinturas e postais) indaga sobre as máis diversas visións de Austria, e mantén vivo o debate sobre a relación entre a realidade e a súa imaxe, sobre a cuestión da representabilidade do mundo.

■ MÚSICA

ECTOPLASMA

A *Iguana Club* acolle o seu concerto este xoves 29 ás 22,30 para presentar o seu primeiro disco titulado *Amor por lo paranormal*. E o venres 30 ás 00,30 h. haberá unha festa anticipada de fin de ano coa nova formación galego-psicodélica **Mega purple sex toy kit.** Máis información en www.laiguana-club.com.

CONCERTO DE ANINOVO

O mércores 4 poderemos gozar no *CC Caixanova* da actuación da **Orquestra Nacional de Ucrania** dirixida por **Víctor Zdorenko** e da voz da soprano **Liliya Grevtsova.** Á marxe do repertorio de ballet e operístico, interpretan tanto temas ucranianos tradicionais como clásicos e últimas pezas contemporáneas. Nesta ocasión interpretarán pezas de Mozart, Delibes, Franz von Suppé, Rossini, Strauss, Lehar, A Borodin e Verdi. Máis información no telf. 986 828 070.

■ TEATRO

VIGO A ESCENA

Este circuíto teatral presenta a actuación de **Spaghetti Títeres** este xoves 29 ás 18 h. no *R.C. Náutico* coa obra ***Chímpete Chámpata*.**

ARMAS BAIXO CONTROL

Creacións Máxicas e o **Mago Antón** presentan o martes 3 no *CC Caixanova* este espectáculo de maxia que ten como obxectivo conseguir que das armas só saian pompas de xabón.

Vilagarcía

■ EXPOSICIÓNS

JUAN CARLOS PLATIS

A sala *Antón Rivas Briones* amosa as súas obras sobre lenzo e papel.

A SOMBRA DA DAMA

Até o luns 9 de xaneiro podemos visitar, na galería *Arcana*, esta mostra do escultor **Chazo,** con obras en madeira pertencentes ao seu traballo máis recente.

Barcelona

■ EXPOSICIÓNS

EVOCADOS ENSUEÑOS

Até o venres 30 a galería de arte *Toranto* (Passatge Forasté 1) acolle esta mostra do pintor vigués **Mingos Teixeira.**

Lisboa

■ EXPOSICIONS

FUNDAÇÃO CALOUSTE GUBELKIAN

A súa galería de mostras temporais acolle ***A luz de Einstein 1905-2005,*** coa que se pretende achegar os visitantes os progresos científicos da física nos últimos 100 anos; **Sete artistas ao 10º mes,** V edición desta bienal que pretende dar a coñecer a sete artistas emerxentes; **Conhecer as artes decorativas. Desenhos franceses do s. XVIII; Antoine Watteau (1684-1721)** (todas elas até o 15 de xaneiro). Máis información en www.gubelkian.pt.♦

No Centro Social Caixanova de VIGO podemos contemplar *Wildlife Photographer of the year.*

Anuncios de balde

■ Véndese **carriño para xemelgos *Jané Sukpertwin,*** con cambotas para a chuvia, por 150 euros. Telf. 986 470 203.

■ **Mozo** de 35 anos **oferécese para conserxaría, vixiancia ou peón** da construción **en Vigo ou arredores.** Alberto, telf. 616 870 908.

■ **Precisamos persoas** responsábeis e activas para **traballar 3 horas diarias na zona da Barbanza e nos arredores de Santiago.** Telf. 981 822 786, 675 521 700.

■ **Pensos e cereais de produción ecolóxica,** certificados polo Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza (CRAEGA), libres de transxénicos, correctores, antibióticos e insecticidas, e producidos na Galiza. Apoia o desenvolvemento sostíbel no rural ao tempo que produces alimentos sans. Telf. 676 863 910 / 637 913 642.

■ **A Liga Nacional de Billarda (LNB) ten en marcha a Superliga,** polo Varal (www.ovaral.blogspot.com) podes seguir toda a actualidade dista competición e se queres que un torneo LNB se dispute na túa vila, parroquia ou cidade, escribe a ovaral@hotmail.com. Outro deporte é posíbel.

■ **Mediciña cromoterápica.** Imán Kathya, terapeuta de Aura-Soma®. Rúa Ribeiriño 13, 6º D - Ourense. Telf. 639 816 727.

■ **Véndese Lancia Delta do 1994** en Santiago, con poucos quilómetros, deportivo e de cor vermella. Chamar ao 628 695 839.

■ **Precísase perruqueira con experiencia para A Coruña.** Posto de traballo estábel. Soldo fixo máis comisións. Telf. 638 717 084.

■ **Urxe vender,** por problemas, precioso e orixinal **apartamento en Mondariz Balneario,** amoblado, 60 m², 2 dormitorios, baño, salón-cociña, calefacción, chans e teitos forrados de madeira, abufardado, duplas e grandes xanelas, vistas ao ceo desde toda a casa e desde as camas, decorado estilo montaña, rústico e a estrear, con garaxe e trasteiro. Merece ser visto. Prezo **20.000.000 de pta.** Información nos telf. 679 697 055 / 986 226 826.

■ **Búscase vivenda en aluguer en Santiago,** con calefacción e cociña amoblada con electrodomésticos, preferibelmente na zona de San Caetano. Interesados, chamar ao 921 472 041.

■ **Merco apartamento dunha habitación en Vigo,** prezo máximo 100.000 euros. Chamar polas tardes ao telf. 886 111 201 ou en berta@mundo-r.com.

■ **Impártense aulas de inglés** e fanse **traducións** (en Vigo). Telf. 686 811 460.

■ **Psicólogo,** con ampla experiencia na Arxentina, **oferta primeira entrevista de balde** (citando a *A Nosa Terra*). Consultas especializadas en familia, emigración e violencia. Citas na Coruña 981 134 144. Organización de grupos de axuda e obradoiros en calquera localidade da Galiza.

■ **Oferécense mozas para limpeza** de casas, apartamentos, garaxes e pisos en Vigo. Telf. 686 811 460.

■ **Precísanse profesores de Lingua Española, Inglés** e **Física** para a academia *Arnela,* no bairro das Fontiñas **(Santiago).** Máis información no telf. 981 578 175.

■ **Os defensores do galego no Bierzo seguimos resistindo.** Apóianos solidariamente e visítanos en www.falaceibe.tk. Rachemos cos lindeiros políticos que nos afastan. ¡Nosoutros tamén somo Galiza!

■ Libroteca21, **catálogo de libros e revistas de ocasión,** especializado en Historia, Lingua e Literatura galegas e temas sociais, pódese consultar en http://es.geocities.com/libroteca21.

■ **Véndese Yamaha SRX 600.** Preguntar por Román no telf. 655 521 320.

■ **Búscase delineante de construción** con dominio de Autocad e CYPE para traballar na Costa da Morte. Enviar currículo ao Apartado 7, 15.270 de Cee.

■ Realízanse **peches e limpeza de fincas e montes, repoboacións forestais,** xardinaría ou calquera outro traballo. Orzamento sen compromiso. Telf. 686 753 105 e 689 005 584.

■ Casa Solveira, **vivenda turística vacacional na Ribeira Sacra Lucense** (Piñeiro e Bolmente, Sober), Alúgase por días durante todo o ano. Reservas no 647 538 325 e en www.casasolveira.com.

■ **Alúgase casa de campo completa en Meira (Lugo),** á beira do nacemento do río Miño. Tres cuartos duplos con baño incorporado, calefacción e terreo de 10.000 m. Fins de semana ou tempadas. Telf. 686 753 105.

■ **Alúgase casa na Penalba (Nogueira de Ramuín), en plena Ribeira Sacra,** por semanas, quincenas ou fins de semana. Totalmente equipada e con garaxe. Máis información nos telf. 986 376 022 ou 661 642 070.

■ **Obradoiros de sexualidade para** asociacións, nais e pais, alumnado... impartidos por experta en Sexoloxía e Educación Sexual, en toda Galiza e norte de Portugal. Máis información nos telf. 654 489 082 / 629 867 824.

■ **Escultora vende cruceiro** de 2,6 m. en pedra do país, feito a man con moito cariño, por 1.150 euros. Telf. 686 482 967.♦

Non vos riades que o conto é triste



En Caroi (Cotobade), un só lugar xunta todas nunha: casa prefabricada, galpón con uralita, asador, caravana como segunda vivenda, piscina... e todo iso cun muro que é unha albariza, unha construción para protexer as colmeas da gula dos osos. Un Ben de Interese Cultural que non pode ser alterado.♦

A NOSA TERRA
Ano XXVIII.
IV Xeira.
Nº 1.204
Do 29 de decembro do 2005 ao 4 de xaneiro do 2006
Nº

VOLVER AO REIO

Teño un amigo que mide o que vende a prensa, non polo Estudo Xeral de Medios, senón preguntándolle ao seu quiosqueiro. El chámalle estatística do número un. Ás veces acerta pero non é de todo fiábel. Mais, resulta que este método non só o aplica o meu amigo. Todo o mundo se preocupa estes días por "como son agora os mozos", porque houbo dous en Barcelona que queimaron unha señora. Aí está toda a socioloxía e todo o xornalismo a trabállar. Coma se dous individuos representasen a totalidade da xente nova. Tolos e fachas houbo sempre, señores.♦

Director: Afonso Eiré López. Empresa Xornalística Editora: Promocións Culturais Galegas S.A. Presidente: Xosé Fernández Puga.
Príncipe, 22, planta baixa (36202) Vigo. Telf.: Administración, Subscricións e Publicidade 986 433 830*. Redacción 986 433 886 - 22 24 05. Fax 986 223 101.
info@anosaterra.com
Impreso en papel reciclado *Greenrecy 100* de 60 gr./m²

Isabel Codesido

'A min dáme marisco fresco, os pratos precociñados para ti, meu rei'

H. Vixande

Vén dunha tradición familiar de tres xeracións de peixeiras e vende peixe no mercado do Berbés en Vigo. O marisco non é a súa especialidade, por iso nestas festas non ten moito traballo. De todos xeitos, di que xa non vende como antes.

Nadal, estará chea de traballo.

Non, en absoluto.

¿?

Estou parada porque os peixes que vendo eu non son do Nadal. Vendo luras, pota, palometa, rapante, pescadilla, pero non rodaballo, linguado ou ollomol.

Chinchos tampouco?

Tampouco. Veño dunha familia de tres xeracións de peixeiras que sempre venderon o mesmo tipo de peixe: branco, do Gran Sol... Nas prazas, estamos especializadas, cada unha traballa peixes determinados.

En todo caso, os prezos serán fabulosos.

A xente quéixase de que o peixe está caro e ten razón. Se vemos como están os soldos, é certo que está moi caro.

Canto lle gaña vostede a un quilo de peixe?

Non podo dicirllo.

Non lle deixan?

Non o sei. A uns quítolle máis e a outros menos. De todos xeitos, moitas veces teño que vender por menos prezo do que me custou.

Paréceme que chora un pouco de máis.

É que son moi chorona.

Vostede ou todas as peixeiras?

Falo por min. Razóns para chorar hai, os tempos non son os que eran, sobre todo para os mercados. Hai moito supermercado que vende peixe e se alguén baixa da casa e no portal ten un supermercado, xa non vén á praza.

PACO VILABARROS

Que peixe prefire a xente nesta época?

Marisco, linguado, ollomol... é polas festas. En verán véndese peixe azul, mais penso que é porque hai máis abundancia. No caso do meu peixe, véndese igual todo o ano, agás no Nadal. Nesa época, só vendo pescada.

E os prezos?

No meu caso, os prezos non varían moito, no caso do marisco si que hai moitos cambios, como no caso do ollomol ou no do linguado.

É certo aquilo de que se vende menos peixe?

É. Cada vez se vende menos e eu achácoo a que somos moitos vendendo a mesma mercancía. Antes, a xente, se quería peixe, tiña que vir obrigatoriamente á praza. Hoxe, até hai camionetas que van vendendo polas portas das casas e ademais hai supermercados. En consecuencia, vendemos menos.

E a xente nova, compra?

Eses non queren peixe, apartando algunhas excepcións. Prefiren outro tipo de alimentos que non dan tanto traballo.

Eu non vou moito á praza, sempre me ofrecen sollas por rapantes, troitas por robaliza, pota por luras.... Por que será?

Iso xa non se fai. O que engana á xente deixa de vender. Nesta praza esa picaresca non a hai, cada un sabe o que compra. É mais, atendo mellor á xente nova porque xa sei que non sabe por onde van os tiros.

Eu prefiro os conxelados, son moito máis cómodos.

O conxelado non o quero, o que non significa que non sexa bo. Será máis barato e máis cómodo, pero para que vou comprar conxelado se teño fresco?

E o marisco tampouco?

Non sendo as vieiras e as gambas, que algunha vez merquei conxeladas, tamén prefiro o marisco fresco, aínda que non o venda eu. Dáme a impresión de ser mellor.

E que me di deses preparados de meter no microondas? Están tan ricos!

Iso para ti, meu rei. A miña filla ao mellor fai o mesmo pero eu nunca comín nada precociñado. Gústame saber o que como, pero se están nos supermercados é porque se venden.♦

AXENDAS A NOSA TERRA

ELAS.
AXENDA 2M6
Con ilustracións de Lola Dopico e citas de mulleres.
14 euros

Pedidos ao teléfono 986 433 830. Descontos para subscritores. Prezos especiais para empresas e institucións.

Humildade Fraguas

Xosé Ramón Pousa

Cen anos tería hoxe D. Antonio Fraguas Fraguas, un dos galegos auténticamente bos e xenerosos que deu este país ao longo da historia, como recordan estes días as principias institucións culturais. Fraguas empregou os seus noventa e un anos de vida na sólida contribución ao estudo, defensa e explicación da Galiza de todos. Cunha humildade pouco común entre as castes intelectuais, Fraguas estivo en moitas frontes, algúns tan importantes como a creación hai trinta anos do Museo do Pobo Galego. Deu vida, así, a unha institución que recollese e estudase a cultura material e espiritual de Galiza até converterse nun punto de referencia na que os galegos se recoñecesen e identificasen como pobo. Unha meta da Xeración Nós, dos creadores do Seminario de Estudos Galegos e de todos cantos dende primeiros de século fixeron de Galiza o eixo do seu taballo intelectual.

As frontes de traballo de D. Antonio Fraguas foron tan amplas e sorprendentes que eu mesmo descubrín con asombro aspectos tan descoñecidos como que el foi o primeiro galego en utilizar a radio neste país. Nun afán por contribuír á modernización de Galiza, Fraguas foi un dos membros da asociación universitaria de apoio ao primeiro Estatuto de Autonomía que levou, co patrocinio de Unión Radio, á posta en marcha de Radio Galicia, a primeira estación radiofónica do país. Un 15 de xaneiro de 1933, un mozo Antonio Fraguas, dende os estudos da praza da Universidade, collía o micrófono para ler un poema en galego do seu colega Fermín Bouza Brei e anunciar a chegada do novo medio de comunicación a Galiza da man das mocidades galeguistas.

Pero hai cen anos de humanidade en Fraguas. Recordo, cando neno, as longas conversas de D. Antonio Fraguas co meu pai. Acontecía nas tardes de setembro, nos sesenta, nos muros do balneario do Carballiño, onde ambos acodían a tomar as augas. Eu seguía pasmado as historias dos castros, das pedras, dos "mouros" que desgranaba aquel ser fantástico, veciño meu en Compostela, ao que admiraba profundamente. A súa humildade era tanta que para rebaixar tanta distancia intelectual, dicía admirar a miña habilidade para andar en bicicleta. O único invento que nunca puido dominar.♦